

as pontes

Firmado o convenio que permitirá crear unha residencia da saúde na vila. **Páx. 8**

friol

Convertirán o PAI nunha escola infantil que contará con 51 prazas. **Páx. 15**

castro de rei

Retómase en Triabá a concentración parcelaria, en suspenso desde 2003. **Páx. 17**

begonte

A Xunta integra o Muíño do Pan de Baamonde no Sistema Galego Museístico. **Páx. 18**

riotorto

Comezan as obras de construción da residencia de maiores. **Páx. 28**

Os concellos preparan a chegada do Nadal



Polémica en Vilalba coa Feira do Capón

Cruce de acusacións ante o fallo negativo para que o evento sexa de Interese Turístico Galego. **Páx. 3**

A Moexmu segue a colleitar premios

Recibiu o galardón ao Desenvolvemento Rural na edición na que cumpre 40 anos. **Páx. 24**

Aprobados os orzamentos da Deputación

Cunha ampla vocación social, as contas de 2025 soben ata 130 millóns de euros. **Páx 35**

Puntadas con Agarimo



Comezaron este ano coas súas reunións unha vez ao mes no rural. **Páx. 11**

Asociación de Vilapene



Este colectivo pretende dinamizar a vida cultural da parroquia. **Páx. 25**

Club Violeta



Entrevista a Ana Iglesias Ares, adestradora e fundadora. **Páx.39**

FELICES FESTAS!

POR UN NADAL NO QUE PODER GOZAR DOS PEQUENOS DETALLES

NOVALUX
óptica & centro auditivo

novaluxoptica.com

Vilalba gozará dun dobre programa de Nadal

O Nadal chegou ás rúas do Concello de Vilalba logo de que as xogadoras do equipo sénior feminino do Vilalba FS acenderan as luces que iluminan a capital chairega.

Un acendido estivo precedido dun fermoso concerto a cargo da cantante galega Iria Estévez, cunha versión especial de Nadal, que amenizou a espera para presenciar o acendido da iluminación de Nadal.

Arrancou deste xeito a última gran festa do ano para a que o departamento socialista elaborou un programa máis centrado na cativada.

Aínda así, unha das principais novidades serán os bailes no Centro Cultural, o primeiro xa se celebrou o día 8, ou o pre Fin de Ano que se celebrará o 31 pola mañá.

A sesión repetirase o domingo 22 de decembro, tamén no Centro Cultural de 17.00 a 20.00, pero nesta segunda ocasión a cargo do Dúo Venus.

Por suposto, a programación contará con actividades dirixidas ao público infantil e xuvenil e a primeira delas será o sábado 14 de decembro, cando se ofrecerá a película *Los Mitchell contra las máquinas* no Auditorio Municipal ás 19.00. No mesmo escenario reproducirase a película *El hotel de los líos*, o venres 3 de decembro ás 19.00 horas.

Ademais, o Auditorio Municipal tamén acollerá outras citas como a do luns 23 de decembro, cando Educateatro representará a obra *Os tres porquiños* ás 17.00 horas, ou a do martes 24 de decembro, cando Pakolas e Romero ofrecerán o seu espectáculo *Ramona Órbita*. Cores, contos e rock a través do programa Dinamiz-ARTj, promovido polo Instituto para a Transición Xusta (ITJ) e a Fundación Cidade da Enerxía (CIU-



DEN). A Biblioteca Municipal acollerá unha dobre sesión de conta contos a cargo de Bea Campos o mércores 18 de decembro. Ás 16:00 será a quenda dos máis pequenos, crianzas entre 0 e 4 anos, que poderán gozar de Os tres porquiños e ás 18:00, as crianzas a partir de 5 anos poderán asistir a *Contos de orella*.

O día grande da celebración será a Feira do Capón, que se desenvolverá ao sábado 21 de decembro, cos tradicionais premios e degustación grauíta do manxar chairego.

A recepción a Papá Noel que se fará na praza da Constitución o martes 24 de decembro a partir das 16:00, ou a visita dos Reis Magos ás parroquias o domingo 5 de xaneiro, quen rematarán o seu paso por Vilalba na cabalgata a partir das 18:15 horas.

Tamén terán a carreira San Silvestre o domingo 29 de decembro, a partir das 16.00, e o pre Fin de Ano con Puzzle Animación na Praza da Constitución a partir das 12.00 do martes 31 de decembro.

Finalmente, como en edicións anteriores, organizaranse as tardes de Nadal os días 23, 24, 26, 27 e 30 de decembro e o 2, 3 e 4 de xaneiro,

nas cales serán protagonistas os inchables e os obradoiros que se ofrecerán de 16.00 a 20.00 na Praza da Constitución. Ademais, tern estas actividades o venres 27 de decembro, a partir das 17.00 no colexio de Monseivane e o xoves 2 de xaneiro á mesma hora no colexio de Román; e a actividade de Laser Tag que substituirá ás tardes de Nadal o sábado 28 de decembro.

Para esta programación infantil e xuvenil contan coa colaboración do Grupo Entrepinares, quen patrocina boa parte das actividades.



Para todos os públicos

A programación desenvolvida polos departamentos de Cultura e Promoción Económica inclúen oito actividades pensadas para todos os públicos.

O programa arranca co tradicional Concurso de Escaparates, que se desenvolverá durante todo o período de Nadal. O 8 de decembro, os Monifates actuaron na Alameda, mentres que o día 14 está previsto un vermú coa actuación da Dueneneta na praza da Constitución ás 14:00 horas.

Xa o 20 de decembro, o auditorio acollerá o espectáculo *María Baiteira* ás 19:00 horas. O 22, a Coral Luar levará a súa música ás prazas de Santa María e aos exteriores da casa da cultura, nunha actuación que comezará ás 12:30 horas. Para o día de Nadal, o 25 de decembro, a Banda de Música de Vilalba ofe-



cerá o tradicional Concerto de Nadal no auditorio ás 20:30 horas.

En xaneiro, a música segue sendo protagonista: o día 4 celebrarase o evento Día D Christmas Jazz na Alameda ás 12:30 horas, e esa mesma tarde, ás 20:00 horas, o auditorio será o escenario do Festival de Panxoliñas Corais.

700 euros en premios con Sete Pontes

A Asociación de Empresarios Sete Pontes puxo en marcha a campaña O noso comercio é Nadal no seu centro comercial aberto, co obxectivo de incentivar as compras nos establecementos do municipio.

A iniciativa desenvolverase ata o 7 de xaneiro, repartindo un total de 700 euros en premios entre os clientes que realicen compras de máis de 10 euros nos comercios adheridos. Para

participar, será necesario cubrir un boleto en tres establecementos diferentes e depositalo nas urnas dispostas para o sorteo.

Os sorteos realizaranse cada venres, os días 13, 20 e 27 de decembro e o 3 de xaneiro, premiando a un gañador con 100 euros en cada ocasión. Seleccionarase un comercio ao azar cada semana, e os boletos depositados nel entrarán no sorteo.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA

NEUMÁTICA
HIDRÁULICA
TRANSMISIÓN
HERRAMIENTAS
ACEITES



TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO

CUCHILLAS
MUELLES
CORREAS
RODAMIENTOS



TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS



TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS



RYS SESACAR
RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Xurde a polémica coa negativa á Feira do Capón de ser de Interese Galego

O Concello de Vilalba anunciou que estudará emprender accións legais contra as acusacións "falsas" que o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, realizou ao respecto da negativa para a declaración da Feira do Capón como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Aseguran nun comunicado que o Concello de Vilalba non desistiu do procedemento en ningún momento "e a resolución da Axencia de Turismo de Galicia amosa que son eles quen dan por desistido ao Concello". E engaden que o goberno local "non permitirá que se lle siga atacando con argumentos baseados na mentira".

Explican os socialistas que ao Concello de Vilalba requiríuselle a data de 5 de setembro de 2024 a achega de documentación complementaria, cuestión que se fixo efectiva sendo entregada o día 23 dese mesmo mes; "feitos que se poden demostrar e que constan na propia resolución". "A documentación enviada á Axencia de Turismo estaba incluída no expediente que se levou a pleno e que os representantes do Partido Popular de Vilalba apoiaron co seu voto a



favor, sen que formulasen ningunha obxección ao respecto", engaden. Consideran que "as acusacións de ineptitude" que vén de facer o delegado da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, non atacan á alcaldesa, "senón ao persoal do Concello que dedicou o seu tempo e esforzo a redactar os informes e recompilar a información necesaria para enviar o expediente da solicitude á Axencia Galega de Turismo". Indican que o Concello de Vilalba non quere seguir alimentando a polémica xerada arredor desta cuestión, "senón acadar o seu obxectivo: a declaración da Feira do Capón como Festa de Interese Turístico de

Galicia".

"É por iso que dende o Concello xa se traballa na elaboración do expediente para presentar unha nova solicitude. Ademais, a alcaldesa tamén ten solicitada unha reunión co director de Turismo de Galicia para abordar esta iniciativa, posta en marcha polo actual goberno local de Vilalba e non impulsada previamente por ningún dos gobernos que o precedeu", conclúen.

Mentres esta situación se produce a veciñanza, distintos sectores sociais e políticos amosaron o seu apoio á distinción desta feira. Vilalba Aberta pola súa parte reclama a unidade de todos para seguir traballando niso.

Organizan o 15 a sétima andaina solidaria de Cruz Vermella

Vilalba acollerá a Andaina Solidaria de Cruz Vermella, que ten como obxectivo recadar fondos para a compra de xoguetes novos para aqueles nenos de familias sen recursos e con risco de exclusión social. Terá lugar o 15 de decembro, domingo, a partir das 12.00 horas e a inscrición xa está aberta e pode realizarse nas oficinas de Cruz Vermella, situadas no polígono industrial de

Sete Pontes e nos teléfonos 620 218 127 ou 982 511 303 de luns a venres entre as 10.00 e as 20.00 horas. Os participantes poderán achegar o que consideren como cota de inscrición e recollerán o seu dorsal a partir das 11.00. O percorrido, todo urbano, constará de 3,5 quilómetros sen dificultade para que podan participar persoas de todas as idades con saída e chegada a Santa María.



O roscón de Vilalba xa ten as primeiras licenzas de artesanía alimentaria

O emblemático Roscón de Vilalba dá un paso máis na súa valorización e recoñecemento grazas á concesión das primeiras licenzas de artesanía alimentaria para este produto típico. A concelleira de Comercio, María Xosé Fernández, anunciou que a Axencia Galega de Calidade Alimentaria emitiu unha resposta favorable tras verificar a aptitude das instalacións das pastelerías locais A Confianza e Ebos Obradoiro Doce, conforme ás esixencias recollidas no Decreto 174/2019.

Fernández destacou o "traballo e esforzo dos responsables" destas pastelerías e reafirmou o compromiso do Concello coa "profesionalización e posta en valor do proceso produtivo" deste doce tan representativo de Vilalba. Ademais, a concelleira avanzou que en breve se espera que máis



establecementos se sumen a este recoñecemento. Este logro representa un gran paso cara á promoción e preservación da calidade do Roscón de Vilalba, un produto que xa goza de gran prestixio na comarca.

RÚA DA PRAVIA



Xa é efectivo o cambio de sentido de circulación na rúa da Pravia desde este sábado ás 10:00 horas. A rúa e adxacentes contan con sinalización viaria provisional para facilitar a transición. Ademais, leváronse a cabo traballos de pintado da vía en días previos. Esta medida enmárcase nos plans de mobilidade e mellora do tráfico promovidos pola Vicealcaldía, co obxectivo de optimizar a circulación e facilitar o acceso ao comercio local.

PROGRAMACIÓN NADAL

DECEMBRO 2024 - XANEIRO 2025

sábado 14 Cine no Auditorio. "Los Mitchell contra las máquinas". Ás 19:00.	mércoles 18 Contáctos na Biblioteca con Rog Campos. 16:30 e 18:00.	sábado 21 FEIRA DO CAPÓN	domingo 22 Baile no Centro Cultural co Dón Venes. De 17:00 a 20:00.
luns 23 Educativo no Auditorio. "Os tres porquillos". Ás 17:00.	martes 24 Pañolas e Romeros no Auditorio. Ás 12:00. <i>dinamiz</i>	martes 24 Recepción de Pops Noel na Praza da Constitución. Dende as 16:00.	venres 27 Inchables e obradoiros en Moissavane. A partir das 17:00.
sábado 28 LASER TAG na Praza da Constitución. 16:00 a 20:00.	domingo 29 Carreira SAN SILVESTRE. Dende as 16:00.	martes 31 Pre Fin de Ano con Puzzle Animación na Praza da Constitución. 12:00.	noves 2 Inchables e obradoiros no coleco de Román. A partir das 17:00.
venres 3 Cine no Auditorio. "El hotel de los lios". Ás 19:00.	domingo 5 Visita dos Reis Magos ás porquitas. Ás 18:15. Cabalgata.	tardes de Nadal Os días 23, 24, 26, 27 e 30 de decembro e os días 2, 3 e 4 de xaneiro: inchables e obradoiros na Praza da Constitución de 16:00 a 20:00.	

O BNG leva ao Parlamento a construción dun centro de día

O Bloque Nacionalista Galego promove a través dunha iniciativa no Parlamento galego a creación dun centro de día público na localidade chairega. Esta proposta impulsase a través das emendas aos orzamentos da Xunta para o ano 2025. A iniciativa demanda ao Goberno galego que se comprometa e destine partidas orzamentarias para a construción do centro de día, coa dotación de recursos precisos, materiais e humanos. Olalla Rodil, deputada do BNG no Parlamento Galego, explicou "Vilalba leva máis de 20 anos de espera, con continuos anuncios máis sen ningunha actuación da Xunta para a súa posta en marcha de verdade" e subliñou "desde o BNG levamos a construción ao debate destes orzamentos para que se poña en marcha canto antes, é unha débeda histórica con Vilalba e tamén coa comarca da Terra Chá". Rodil destacou que Vilalba como cabeceira de comarca, con máis de 14000 habitantes e cunha poboación maior que supón o 30 % "é vital contar con servizos públicos para garantir unha vellez digna e facer posíbel a conciliación familiar, xerando máis benestar" Este centro de día "é un compromiso concreto e urxente".

O PP acusa ao goberno de dilapidar os cartos na obra da casa consistorial

Os concelleiros do PP lamentan que "o goberno bipartito PSOE – Vilalba Aberta co apoio do BNG prefira gastar 1,2 millóns de euros no capricho de reformar a Casa do Concello en lugar de atender as necesidades reais dos vilalbeses e vilalbesas".

Os populares sosteñen que "esta nova obra faraónica non é unha prioridade para os vilalbeses" e sinalan, por exemplo: o mal estado de moitas pistas das parroquias nas que "os veciños terán que seguir pasando polas fochancas", servizos que deixan moito que desexar, problemas de iluminación polas noites, o comercio desaparecendo en Vilalba, sen PXOM nin orzamentos. A portavoz, Sandra López, afeou que "ao PSOE non lles doían os cartos dos vilalbeses. Dálles igual dilapidar 3 millóns que 4 ou 5". De feito, "dilapidar de millón en millón: arredor dun millón na rúa da Pravia que da pena, outro tanto nas piscinas que botaron anos pechadas e só se poden empregar 2 meses ao ano, e preto dun millón no FIV e as patronais o ano antes das eleccións municipais...".

E para o señor Renda, de Vilalba Aberta, que "antes falaba de prioridades e era moi crítico con este tipo de obras, a prioridade agora debe ser o sillón". Ante as escusas de Renda de que non é competencia das súas áreas, a popular lémbrale que "Vilalba Aberta si aprobou o proxecto" e convidao ao dicirles aos veciños das parroquias, cando lle pidan arranxar as pistas, que "preferiu gastar 1,2 millóns de euros no arranxo da Casa do Concello".

A popular incidiu en que "é tan evidente que a reforma da Casa do Concello non é unha prioridade agora mesmo para Vilalba, que quen nos goberna debería velo igual que o vén os veciños e veciñas".

A popular aclarou que "non estamos en contra desta nin de ningunha subvención. Do que estamos en contra é de que se destinen cartos a obras que ningún pide", concretou en relación ás decisións que toma o goberno bipartito en relación á xestión dos recursos de tódolos vilalbeses e vilalbesas.

A rúa Basanta Silva será peonil definitivamente a primeiros do 2025

Modesto Renda anunciou a vindeira regulación do tráfico na rúa Basanta Silva a fin de que sexa realmente peonil. Unha agardada medida, que se fará efectiva no primeiro trimestre de 2025 e que se tomou logo de contrastar cos residentes as diferentes posibilidades para a rúa.

A través dunha concorrida xuntanza, o tenente de alcalde tivo a oportunidade de recoller de primeira man as demandas e o punto de vista dos seus veciños e confirmar que a unanimidade en torno á posta en marcha de mecanismos de control do tráfico rodado é total

entre o conxunto dos e das residentes.

A instalación dun novo bolardo electrónico que se poida subir e baixar con mandos de control que se repartirían entre os residentes foi a opción máis analizada na reunión, aínda que non se descartan outras fórmulas de disuasión.

A habilitación dun novo horario ben pechado de carga/descarga no que os mecanismos de control se desactiven ou a resposta dos mesmos no caso de emerxencias, foron outros dos puntos a tratar que máis suscitaron o interese da veciñanza.

Unha investigadora foi premiada pola Academia das Ciencias

A Real Academia Galega de Ciencias e a Universidad Intercontinental de la Empresa (UIE) acaban de resolver a primeira edición dos Premios RAGC-UIE para investigadoras e investigadores xoves. Estes galardóns nacen co obxectivo de impulsar a investigación científica en Galicia, dando recoñecemento e potenciando as traxectorias de investigadoras e investigadores novos que desenvolven a súa carreira en centros da nosa comunidade, contribuíndo ao impulso do coñecemento científico como motor de progreso. Distingue a contribución da investigación ao avance das tres ramas de coñecemento: Ciencias Básicas, Ciencias Sociais e Ciencias Técnicas. Dous dos premios foron para a provincia de Lugo.

En Ciencias Sociais prémíase a Cristina Gómez (Vilalba, 1985), profesora de Psicoloxía da USC. Desenvolve o seu labor no campo da psicoloxía política, a acción colectiva e o comportamento das persoas en contextos de crises sociais e políticas,



participando no proxecto europeo Caught in the Act of Protest. Investiga ademais sobre problemas ambientais no CRETUS, onde coordina o seu programa de Mentores. Foi bolseira FPU, da Fundación Barrié e do CIS -Centro de Investigaciones Sociológicas-. Doutora en Psicoloxía Social pola USC, publicou 9 capítulos de libros e 15 artigos en prestixiosas revistas, 14 deles indexados en Scopus e en Web of Science, cun alto impacto. Realizou estadias de investigación nas universidades de Groningen (Países Baixos), Lisboa e Ámsterdam.

CENTENARIOS



A alcaldesa, Marta Rouco, achegouse a felicitar a Aurea Quiroga (dereita) que soprou este 15 de novembro as 100 candeas. Aurea Quiroga vive no casco urbano vilalbés, onde desenvolveu a súa vida. Nada no 1924 foi membro dunha familia numerosa formada por 7 irmáns. Tamén celebrou os 101 anos Eduardo Orosa, veciño de Sancovade e natural de Vilapedre. Ambos recibiron un ramo de flores como agasallo.



“Investimos 787.000 euros no rural e desbloqueamos a ampliación do Polígono”

Modesto Renda fai balance do 2024 e asegura que 2025 será o ano do PXOM

A ampliación do Polígono era a prioridade de Vilalba Aberta na oposición. Agora que vostede é o responsable de Desenvolvemento Industrial, está satisfeito co acadado?

Vilalba levaba demasiados anos deixando pasar empresas e postos de traballo a consecuencia da non dispoñibilidade de chan industrial. Unha das condicións que puxemos enriba da mesa para entrar no Goberno foi a creación dunha concellería de desenvolvemento industrial e que esta fora xestionada directamente por Vilalba Aberta. Dende o día un da lexislatura este expediente foi unha prioridade para nós e pouco máis dun ano despois está xa na fase previa á aprobación provisional.

O desbloqueo produciuse nunha recente reunión na sede da Confederación Hidrográfica do Miño Sil. O noso obxectivo como goberno era clarificar cos seus responsables os parámetros de vertido e acadámolo. Porque a cuestión da depuración era de-



cisiva para acadar os necesarios permisos e agora, toda vez que o equipo redactor envía á Confederación as novas cifras e o expediente volta a pasar polo Pleno, o “Sector 1” (Fase primeira desta nova ampliación) quedará resolto para licenza directa e o “Sector 2” (Fase segunda) figurará como un planeamento non detallado

que habería que resolver no futuro como un plan especial. Deste xeito, o Concello de Vilalba porá a disposición de empresas e autónomos máis de 234.677m2 de solo industrial, quedando previstos para una segunda fase outros 104.750m2.

Outra das súas máximas na oposición era que nas parroquias ten

que haber a mesma inversión que no casco urbano. Logo dun ano como responsable de obras no rural, que balance fai ao respecto?

Pois que, coas cifras por diante, acadámolo; pero que nin moito menos é suficiente. Dende que Vilalba Aberta chegou ao goberno destináronse 787.000€ ás parroquias cun balance de 38 km de viais municipais totalmente rexenerados e 40 km de cunetas abertas de novo. Ademais, invirtéronse 23.000€ na mellora de camiños agrícolas; 47.000€ na reconstrución da Ponte da Ribeira (Samarugo) e 15.000€ no agardado aparcadoiro da Igrexa e a Escola de Román.

Con todo, no rural falta moitísimo por facer e neste 2025 a nosa obriga e aumentar estes investimentos pois, se ben os veciños/as das parroquias pagan os mesmos impostos que os que vivimos na vila, durante demasiado tempo foron os grandes esquecidos.

Que me di do Urbanismo? Na oposición vostede reclamaba

seguridade xurídica pola vía da aprobación do PXOM e o fin das trabas administrativas.

Asumín persoalmente a área de Urbanismo co obxectivo de desbloquear o PXOM, logo de máis de 20 anos de espera e, sen lugar a dúbidas, podo afirmar que o 2025 será o ano do Plan Xeral. Ademais, os cambios que introducimos e o grande esforzo de todo o departamento fixo que en Vilalba as licenzas de actividade e obras estean despois de moito tempo ao día e iso faime estar moi orgulloso.

E pechando con outra das áreas de goberno que xestiona, concretamente a área de Mobilidade: Máis dun mes despois, que balance fai do cambio de dirección da Rúa da Pravia, en tanto que unha das súas principais promesas electorais?

Como responsable de Mobilidade non poido máis que poñer en valor o civismo e a predisposición da veciñanza. O traballo da Policía Local foi fundamental tanto nas horas previas como nas seguintes á súa modificación e o reforzo que fixemos coa colocación con valos informativos en diferentes puntos do casco urbano fixo o resto. O que me trasladan día a día veciños/as, comerciantes e residentes e máis que positivo e agora o obxectivo do Concello debe ser o da ampliación das prazas de aparcamento no centro urbano.

Programación de Nadal

concello de
CUITIRIZ

18

DECEMBRO

Acendido da iluminación

20

DECEMBRO

Exposición Luces de Alén Mar
Ata o 21 de febreiro de 9 a 14 h.
Escola Habanera

21

DECEMBRO

Proxección de curtametraxes
A partir das 17:30 h.
Escola Habanera

23

DECEMBRO

Descubre a realidade virtual
De 10 a 14 h.
Escola Habanera

26-27

DECEMBRO

Inchables e obradoiros
De 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.
Nave Senpa

30

DECEMBRO

Campionato de videoxogos

De 10 a 13:30 h.
Escola Habanera

30

DECEMBRO

Torneo de tenis de mesa

De 16 a 19 h.
Nave Senpa

30

DECEMBRO

Troco de libros

De 10:30 a 13:30 h. e 16:30 a 19 h.
Escola Habanera

5

XANEIRO

Cabalgata de Reis

Anunciarase horario
Polas rúas do municipio

Entrepinares obtén cinco galardóns nos World Cheese Awards 2024

O queixo Tostado comercializado baixo a marca Hacendado e o queixo ovella curado IGP Castellano de Queserías Entrepinares foron galardoados con senllas medallas de Ouro no prestixioso concurso internacional World Cheese Awards 2024.

Ademais, outros tres queixos do Grupo Entrepinares resultaron premiados no mesmo certame. É o caso do queixo Campestre (marca Hacendado) e o queixo de Cabra semicurado, que se fixeron coa medalla de prata, e o queixo de Ovella vello (marca Hacendado) que se alzou cun bronce.

O queixo Tostado da queixeira valisoletana comercialízase en Mercadona e leva cultivando grandes éxitos desde 2018, sendo considerado como un dos mellores queixos do mundo en leste mesmo certame.

Os queixos de Entrepinares recibiron o recoñecemento á calidade, sabor e bo traballo realizado.

A próxima edición do FIV terá lugar os días 25 e 26 de abril

O FIV de Vilalba anunciou as datas da próxima edición do festival, que terá lugar os días 25 e 26 de abril, a última fin de semana de mes, seguindo coa tradición.

Aínda non se deron a coñecer as primeiras confirmacións, que terán lugar en datas próximas para seguir achegando a Vilalba o mellor da música *indie*.

O ano pasado o festival contou coa participación de 6.000 persoas, tal e como confirmou a organización. Xa comezou a venda de abonos.

“A súa carne ten o auténtico sabor de antano”

Francisco José Monasterio é o presidente da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos

Por Miriam García

A galiña de Mos, unha das razas máis antigas da Península Ibérica, leva o nome da parroquia de San Xulián de Mos, no municipio lucense de Castro de Rei, onde tivo a súa orixe. Esta raza, recoñecida como autóctona polo Ministerio de Agricultura, destaca pola súa carne magra e de sabor intenso, así como polos seus ovos, ambos cunha calidade altamente valorada no mercado.

Francisco José Monasterio, presidente da Asociación de Avicultores da Raza Galiña de Mos (Avimos), explica: “Os galos da galiña de Mos están criados ao aire libre, sacrificanse cun promedio de nove meses e teñen unha carne magra, máis escura e sen graxa exterior, cun sabor auténtico, coma o dos pitos de moito tempo, que se comían nas vodas como prato estrela”. Falamos con el para coñecer máis sobre esta raza autóctona galega.

Até onde se remonta a orixe desta raza?

A galiña de Mos chegou a Galicia a comezos do século XX, procedente do centro de Europa. Inicialmente era utilizada como animal de loita, non para consumo. Co tempo, foise asentando no territorio galego e a xente comezou a apreciar a calidade da súa carne e ovos, transformándose nunha raza de consumo.

Creceu o número de produtores?

En xeral, todos os anos hai un pe-

queno crecemento no número de produtores. Durante a pandemia da Covid-19 reduciuse un pouco, pero estamos a recuperar o nivel. Na actualidade, somos arredor de 185 criadores rexistrados en Avimos, que entre todos criamos máis de 7.000 galiñas reproductoras, o que supón unhas 20.000 vendas anuais.

Ampliou a súa zona de influencia?

As razas non teñen fronteiras. Contamos con criadores fóra de Galicia, algúns de uso privado que colaboran con Avimos. Enviámoslles ovos, xa que hoxe en día non hai empresas de transporte que permitan enviar exemplares vivos, o que complica a expansión da raza fóra de Galicia. Actualmente, a única opción é enviar ovos para incubación.

Como está funcionando a campaña de incubadoras nos colexios?

Está a ir de marabilla, superou as nosas expectativas. Comezamos cunha incubadora de pitos e agora temos seis só na provincia de Lugo. Temos un convenio coa Deputación de Lugo, que nos facilita dúas incubadoras, e a comezos do próximo ano incorporaremos unha terceira. Ademais, estamos a negociar coa Deputación da Coruña para replicar esta iniciativa co seu apoio. A acollida por parte dos nenos, profesores e familias está a ser increíble. De feito, ao inicio deste curso xa non tiñamos prazas dispoñibles e estamos a recibir so-



licitudes para o ano que vén.

En que se diferencia a carne da galiña de Mos doutras razas comerciais?

Os galos da galiña de Mos críanse ao aire libre e sacrificanse con nove meses de media. A súa carne é magra, máis escura e sen graxa exterior, pois esta está infiltrada. Ten unha textura máis firme, que require mastigación, moi di-

É un produto que se adoita consumir en celebracións e festas, e ten tamén moito éxito na hostalaría como prato estrela.

Cal é o produto que máis gusta?

Tanto a carne como os ovos teñen moi boa aceptación. Ademais, destacamos a pularda, unha pita sacrificada antes de que comece a poñer ovos, que ofrece unha explosión de sabor, aínda que é un luxo pouco frecuente. Tamén se venden galiñas vellas, cando deixan de poñer, e os galos.

Que opina sobre o capón de Vilalba?

É moi importante, especialmente para a hostalaría, xa que require un rexistro sanitario que só se garante mediante sacrificio en matadoiros. En Vilalba estase a habilitar un matadoiro que permitirá cumprir con estas medidas, o que favorecerá que novos criadores poidan establecerse no rural e producir capón durante todo o ano. Isto non afectará ao tradicional capón de Nadal, cuxa demanda segue sendo moi alta e non se poderá abastecer na súa totalidade. Por iso, penso que o Concello debería apoiar esta iniciativa para garantir unha regulación sanitaria e fomentar a produción de capóns.

Avimos impulsa a expansión desta raza autóctona única cunha crianza tradicional e coa posta en marcha de proxectos educativos nos colexios galegos

ferente da carne dos pitos de supermercado, criados en 40 días. O sabor é auténtico, coma o dos pitos de antano que se servían nas vodas como prato estrela. A aceptación entre os consumidores é moi boa, aínda que o prezo é superior ao dos pitos comerciais.

Concello de Cospeto

Moi felices Festas do Nadal, e que a ilusión e esperanza que traen estas datas, iluminen o noso camiño e nos den a todos moito ánimo e fortaleza para o Ano Novo 2025.

Gracias a cantos fan posible un Cospeto Mellor... Unha forte aberta!

O Alcalde e Corporación Armando Castosa Alvariño

INVESTIMENTOS EN BEGONTE

Unha aposta pola educación e a conciliación laboral

Fai dous anos o Concello begontino puxo en marcha varias políticas fundamentais para o asentamento da poboación no rural

As actuacións supuxeron un grande esforzo inversor que ascendeu ata os 1.300.000 euros, financiados pola Xunta de Galicia e fondos propios municipais

O Concello de Begonte, dende fai dous anos, puxo en marcha medidas para a mellora da educación e a conciliación en Begonte. Dende o Concello salientan que son políticas fundamentais para o desenvolvemento e asentamento da poboación no rural, no que tentan que os veciños e veciñas desfruten dos servizos dunha gran cidade coas vantaxes de vivir no rural.

No eido educativo, o Concello de Begonte conta cun colexio do século XXI, con infraestruturas completamente renovadas e dotadas de medios técnicos punteiros, o que repercute na calidade educativa que se imparte, grazas tamén aos profesionais docentes cos que conta o centro.

Ademais, púxose en funcionamento un servizo de madrugadores, cun horario dende as 8:00 ata as 9:30 h, e un servizo de ludoteca que funciona dende as 16:00 ata as 20:00 h, ambos gratuítos, para poder facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e que iso non sexa un atranco para poder matricular aos nenos e nenas no noso colexio.

Ao mesmo tempo, tamén se



ampliou a oferta educativa coa posta en marcha da escola de música mancomunada cos Concellos de Outeiro de Rei, Rábade e Friol, onde os nenos e nenas poden recibir educación musical regrada, que hoxe conta con preto de 200 alumnos e alumnas. Esta política xa empeza a dar os

seus froitos e este curso 2024-2025 contamos cunha matrícula que iguala a do ano 2002, a pesares da crise demográfica que padece o conxunto do estado. Por outra banda e tamén na contorna do colexio, estase a construír unha escola infantil, que completará a oferta educa-

tiva dende os 0 ata os 3 anos, servizo tamén gratuito grazas á colaboración da Xunta de Galicia e que se prevé que se porá en marcha no mes de xaneiro do vindeiro ano 2025.

Tamén se actuou na contorna do colexio mellorando a seguridade para os vehículos e os peóns, dotando de prazas de aparcadoiro, alumeado, beirarrúas e sinalización horizontal para evitar incidentes, sobre todo nos horarios de entrada e saída das clases. Así, conseguimos humanizar e mellorar toda a zona e a contorna da igrexa e o colexio de Begonte.

Todas estas actuacións supuxeron un grande esforzo inversor que ascendeu ata os 1.300.000 euros, financiados pola Xunta de Galicia e fondos propios municipais.





Reparan os danos que causaron as choivas

O Concello das Pontes avanza a bo ritmo nos traballos de reparación dos danos causados polas choivas co obxectivo de restablecer a normalidade nas zonas e instalacións municipais afectadas. Así, o propio día da treboada o departamento de obras activou un dispositivo especial para poñer en marcha as tarefas de reparación dos danos que afectaron principalmente ao pavillón polideportivo do CEIP A Magdalena, a diversos camiños rurais e tamén ao río Brixeo ao seu paso pola avenida de Galicia ao lago das Pontes.

No caso do polideportivo do CEIP A Magdalena procedeuse a achicar a auga que inundou á pista deportivo e levouse a cabo unha limpeza xeral de toda a instalacións recuperándoo-

se xa para o seu uso normal o martes. En relación aos camiños rurais procedeuse á súa limpeza, retirando ramas e pedras desprendidas a causa da choiva e limpáronse todas as zonas de paso de auga para evitar asolagamentos dos viarios.

Por outra parte, no río Brixeo produciuse unha rotura da canalización das augas sanitarias provocado polas pedras arrastradas polo río debido á súa crecida e se traballou en colaboración con Augas de Galicia para poder resolver a situación e reparar a cano do saneamento.

E finalmente, no caso do lago, desde o departamento de obras informan de que se está á espera da baixada do nivel da auga no lago para poder repoñer a area na zona de praia.

Firmado o convenio que permitirá crear unha residencia da saúde

A Deputación destinará 500.000 euros para cofinanciar as obras de construción dunha residencia de saúde mental no concello das Pontes. O presidente Valentín González Formoso, e o presidente da Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, Félix Pena, asinaron hoxe luns na sede da institución provincial o convenio polo que a Deputación colaborará con medio millón de euros no financiamento desta nova Unidade Residencial, que terá capacidade para 25 persoas e estará situada nunha finca de preto de 2.700 metros cadrados no lugar de Feáns, nas inmediacións da Fraga.

Formoso destacou a importancia dun proxecto que supón un investimento total de preto de 2 millóns de euros e “que vai dar solución a un problema que nos ten que facer reflexionar: será a primeira residencia de saúde mental de toda a comarca de Ferrolterra, Eume e Ortegal. É dicir, en 21 concellos con máis de 200.000 habitantes non hai a día de hoxe un centro destas características”, apuntou o presidente, que destacou o importante traballo que vén desenvolvendo dende hai moito tempo a entidade “para lograr un



servizo tan necesario e fundamental na comarca e para suplir as carencias que ten a administración no ámbito da saúde mental”.

A nova Unidade Residencial de Saúde Mental terá capacidade para 25 persoas e funcionará dun xeito similar a un fogar tutelado. Contará con tres habitacións dobres, dezanove individuais e zonas comúns de ocio e para a realización de obradoiros e actividades, cociña, comedor e almacén, ademais de despachos e oficinas.

O aspecto exterior do inmobile será o dunha vivenda unifamiliar co obxectivo de que as persoas usuarias poidan facer unha vida o máis normalizada posible, en réxime de

convivencia familiar, integrada no ámbito comunitario e nun entorno vivo, próximo aos servizos sanitarios e sociais.

Entre os servizos que prestará destacan os programas individualizados de atención especializada, un plan de apoio familiar, asistencia nas actividades básicas da vida diaria, propostas de ocio e tempo libre, así como rehabilitación funcional, terapia ocupacional, estimulación cognitiva e atención psicolóxica.

A Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal está integrada por persoas con enfermidade mental, os seus familiares e profesionais de distintos campos relacionados coa saúde mental.

EN BREVE

GALA BENÉFICA. O Auditorio Municipal Cine Alovi será o escenario da gala benéfica A Viaxe, organizada pola Escola Municipal de Baile Moderno, Danza Clásica e Flamenco o sábado 14 de decembro con tres pases: ás 16:30, 18:00 e 20:30 horas. Esta iniciativa busca recadar fondos para a asociación Miradas que Hablan, que destina os recursos á investigación do Síndrome de Duplicación Mecp2, unha rara enfermidade xenética. As entradas, con

prezo de 5 euros como donativo, estarán dispoñibles na taquilla do Auditorio Municipal Cine Alovi.

ITV. A unidade móbil de inspección técnica de turismos estará desde o 19 ao 23 de decembro na vila. A atención ao público será entre as 9.00 e as 13.30 horas e de 15.15 a 18.00. O servizo prestarase en horario de mañá e tarde todos os días agás o último, que será só de mañá. Estará situada no estacionamento disuasorio do polígono da Balsa.

Escollidos os gañadores do concurso de carteis do 25N

Con motivo do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, o Concello das Pontes, en colaboración cos centros de Educación Secundaria do municipio, organizou un concurso de carteis para promover a concienciación e o rexeitamento desta lacra social.

Un xurado, composto por tres persoas vinculadas ao feminismo e ás artes gráficas, seleccionou os mellores traballos entre un total de 109 propostas presentadas. Os criterios de valoración incluíron aspectos

como a composición estética, o uso das cores e os valores feministas transmitidos.

O cartel gañador foi o elaborado por Sílvia Calvo Vilaboy e Sara López Castro, alumnas de 4º de ESO do IES Castro da Uz, cunha mensaxe impactante que destaca que a violencia non sempre é física.

Ademais, outorgáronse dous premios como finalistas a Daniel Peña Blasa, de 1º de ESO do IES Castro da Uz, e a Cristina Costa Otero, de 3º de ESO do IES Moncho Valcarce.



FP **Ferretería Puentes, S.L.**



Polígono Industrial, Parcela 4 / Tfno.: 982 511 115
Rúa da Pravia, 25/27 / Tfno.: 982 510 055 / Fax: 982 511 503



VILALBA - LUGO
fpuentes@infonegocio.com



Integrada en:



Grupo Alcongal



Abre ao público o mercado tralas obras de remodelación

Tras a finalización das obras de mellora do interior do mercado das Pontes, este abriu as súas portas.

Esta obra, cun orzamento total de 124.499 euros, cargo á liña de axudas da Consellería de Economía para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos, cofinanciado polo Concello das Pontes.

O proxecto tivo como obxectivos prioritarios unificar a imaxe exterior dos postos e do espazo común, mellorar a acústica do espazo e o illamento térmico así como renovar os aseos existentes e recolocar o aseo accesible, para deste xeito encamiñar o espazo a unha compatibilidade coa futura ampliación prevista no anteproxecto de mellora da contorna do mercado das Pontes, xerando unha distribución que permita a futura apertura dunha nova porta na fachada oeste.

Ademais de todas estas melloras estruturais e estéticas, a obra tamén inclúe novos elementos como bancos, ou unhas pantallas informativas, nas que segundo indicaba o alcalde



das Pontes, Valentín González Formoso, “a veciñanza poderá recibir información dos eventos que hai no Concello, ou os praceiros e praceiras van poder publicitar os seus produtos e ofertas”.

Co obxectivo de racionalizar os espazos existentes e dotar ao mercado das Pontes de maior funcionalidade e atractivo, unificouse a imaxe exterior dos postos de venda co revestimento dos piares integrados no frontal dos postos, a colocación dun novo azulexado e tamén un novo friso en madeira, no que se instaláron as serigrafías dos diferentes postos,

en aluminio lacado. No caso da zona común colocouse un falso teito de panel acústico de labra de madeira con novas luminarias led.

A obra actuou tamén sobre toda a franxa que abrangue os aseos comúns do extremo oeste, renovando os acabados e louza dos aseos comúns existentes. Asemade modificouse a disposición das portas para adaptarse á distribución de lavabos xa existentes e recolocar o volume de aseo accesible. Finalmente, na nova entrada aos aseos creouse un espazo cunha nova dotación de taquillas de uso común.

Formoso aborda con Martínez Allegue a mellora da estrada a Cabanas

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, mantivo un encontro coa responsable da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para abordar a necesidade de mellorar a estrada comarcal AC 861 que une As Pontes co municipio de Cabanas.

Así, o alcalde formuloulle á conselleira a “urxencia de mellorar unha

infraestrutura que xa está obsoleta, que conta con poucas zonas de adiantamento e algunhas de elas moi perigosa, pensar en diferentes posibilidades entre as que se podería atopar a construción de dúas circunvalacións en Goente e na Capela que mellorarían substancialmente a seguridade viaria”.

Por outra banda, González Formoso recordou que esta estrada ten

unha grande densidade de tráfico rodado “con una intensidade media de máis de 5.000 vehículos ao día que a converten unha vía de tráfico moi intenso e se temos en conta os proxectos industriais que teñen previsto implantarse nas Pontes, xunto co carácter comarcal dos polígonos industriais das Pontes fan que sexa necesario ter unha vía de comunicación coa AP-9 segura e rápida”.



Elixidos os gañadores dos concursos As Pontes Terra de Cogomelos

As Pontes converteuse nun fervedoiro de creatividade culinaria coa celebración da final dos concursos de receitas a base de cogomelos, organizados no marco do programa As Pontes, Terra de Cogomelos.

Nesta nova edición foron 19 receitas as que competían por destacar, 10 receitas nas categorías doce e 9 receitas nas categorías salgada.

O xurado da final estivo composto pola profesional da restauración Cristina Fustes, o cultivador en ecolóxico de cogomelos Rafa Corral e o representante da asociación micolóxica Poupariña Richard Gabeiras.

No primeiro concurso, dirixido a novos talentos da cociña galega, contou con cinco finalistas. Na categoría doce resultou gañador Antony Coari Báez, representando ao CIFP Paseo das Pontes da Coruña, cunha deliciosa crema silvestre de trompeta dos mortos e amendoa con puntos de caqui e aire de amorodo. E na categoría de receitas salgada a gañadora foi María García Lago, representando ao IES de Foz, que convenceu ao xurado cunha crema de boletus edulis con abelás tostadas.

Os accésits na categoría salgada foron para Felipe Neto dos Santos co

prato milfollas de pataca e champiñóns con picaña de tenreira e a Juan Carlos Agilda Santo coa proposta gyozas de boletus e pato con salsa de castañas e fiúncho. E na categoría en doces o accésit foi para María Frago Gundo e os seus bombóns de boletus.

No concurso de cocinillas tamén participaron 5 finalistas con afección de disfrutar cociñando e saboreando cogomelos.

Ao igual que no concurso de novos talentos, ao xurado non lle resultou nada doado escoller as mellores receitas, pero finalmente decidíronse polas orixinal proposta de trompeta dos mortos confeitadas con tuétano, puré de pataca e demi glass de lingua de vaca da pontesa María Pico Tembrás, na categoría salgada. E na categoría de sobremesas a gañadora foron as saborosas tartaletas de cantharellus da tamén pontesa Mónica Gómez Ramos.

Os accésits corresponderon ás sparassis crispa á carbonara con boletus edulis de Fátima Filgueira, en salgado. E en doces, tortiñas de cogomelos e requieixo do Eume de Tomás Rodríguez e a carne de mazá con cantarelas de Carmen Rodríguez.



MAQUINARIA

**INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA**



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



www.corbarsll.com



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

As Pontes presenta un amplo programa para o Nadal

A programación de Nadal do Concello das Pontes arrancou o domingo 8 de decembro, ás 18:00 horas, co acendido da iluminación de Nadal, diante do Concello, un evento amenizado polo grupo musical feminino local Arrivederci.

A programación deseñada polo departamento de Cultura e Turismo para estas datas inclúe unha vintena de actividades que continuarán o xoves 12 de decembro, ás 18:00, na Casa Dopeso, co espectáculo *O Tesouro* de Trécola Teatro. Esa mesma fin de semana, o salón da Casa Dopeso acollerá a proxección das películas *Harold e o lápiz máxico* (sábado e domingo ás 17:00 horas) e *Marco* (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas).

A programación continuará o día 13 de decembro, co concerto de Nadal da Rondalla das Pontes que estará acompañada da Coral Polifónica de Sillobre. A cita será ás 20:00 horas na Casa Dopeso. Ese mesmo día, ás 20:00 horas, a Biblioteca Municipal albergará a presentación do libro *¿Cómo hacer de tu vida un desastre?*, da pontesa Zaida Pico.

O sábado 14, no Auditorio Cine Alovi celebrárase, a partir das 16:30 horas, a gala benéfica da Escola Municipal de Danza, Flamenco e Baile Moderno, a favor da asociación Miradas que hablan, e os fondos recadados irán destinados á investigación da síndrome de duplicación MECP2.

Así mesmo, durante a fin de semana, na Casa Dopeso proxectaranse os filmes *Guardianes en la ópera* (sábado e domingo ás 17:00 horas) e *Gladiator II* (sábado, ás 19:00 e 21:55 horas e domingo ás 19:30 horas).

O 19 de decembro será a quenda para Conservatorio de Música Profesional das Pontes co seu concerto Peque Nadal (17:00 horas) no Audi-

torio Cine Alovi, e a continuación, na Casa Dopeso (18:00 horas), a compañía Pablísimo representará *Cabivai*. E ás 20:00 horas, na Biblioteca haberá un encontro con escritores e escritoras da comarca.

O día 20, ás 18:00 horas, na Casa Dopeso, Picariños presentará o seu espectáculo *Fantasia de Nadal* e o para o día 22 de decembro, programouse a Gran Gala Internacional de Maxia no Auditorio (19:00 horas) na que participarán Dani Polo (Galicia), Mag Marín (Barcelona), Mágica Gilly (Italia), G.Alexander (Valencia), Nacho Samena (Lugo) e Kenris Murat (Francia).

Por outra banda, o salón da Casa Dopeso acollerá a proxección das películas *Super Klaus* (sábado- sesión neurodiversa) e domingo ás 17:00 horas) e *El ministro de propaganda* (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas).

O día 23 de decembro, ás 19:30 horas, a Banda Escola das Pontes ofre-

cerá o seu Concerto de Nadal, no Auditorio, e xa o día 24, desde ás 12:00 horas, as rúas do centro urbano encheranse co música da charanga os Sureños.

O día 26, a compañía Gramola Gominola achegarase ata o Cine Alovi, a partir das 18:00 horas, con *Aí ven o apalpador*, un espectáculo musical familiar onde o público asistente poderá gozar coas mellores cancións de Nadal da Gramola.

O día 27 de decembro, ás 18:00 horas, será a queda para o espectáculo *Palabras* de Baobab Teatro, que achegarán ata o Auditorio Municipal Cine Alovi unha proposta musical e teatral sobre a lingua galega.

O domingo, 28 de decembro, no mesmo lugar, a partir das 18:00 horas, verase *Teatro de Papel* de Rauxa Compañía, un espectáculo de circo contemporáneo que a través dunha bagaxe de marionetas.

Durante a fin de semana, na Casa Dopeso proxectarase *Niko 3* (sábado



e domingo ás 17:00 horas) e *Por donde pasa el silencio* (sábado, ás 19:30 e 22:00 horas e domingo ás 19:30 horas)

O día 30, no Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 18:00 horas, tomará o relevo Voilá Producións co espectáculo *A la luna*, no que o público se achegará a historia de Tara, unha nena que soña con ser astronauta e xa o día 31 de decembro, desde ás 12:00 horas, as rúas do centro urbano encheranse co música da charanga da Carmiña.

Xa o día 3 de xaneiro, no Auditorio Municipal Cine Alovi, ás 20:00 horas haberá un concerto do grupo local Poco cualificados e o día 4 haberá un baile de reis, no Patio do Colexio Santa María, a partir das 22:30 horas, a cargo do Grupo Origen.

A programación de Nadal terá o seu broche de ouro o día 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis Magos, que sairá ás 18:00 da Rúa Monte Caxado para facer o seu percorrido habitual e rematar na casa do Concello cunha recepción real.

Por outra banda, a partir do día 26 de decembro ao 30 de decembro e os días 2 e tres de xaneiro, en horario de 16:00 a 20:00 horas, o Patio do Colexio Santa María acollerá a proposta Tempo de Nadal, dirixida a nenas e nenos, de entre 3 e 14 anos, a través da que poderán gozar con diferentes áreas de xogo dos seus xoguetes e libros favoritos.

Os días 2 e 3 de xaneiro, desde ás 16:00 ás 20:00 horas, o Tren de Nadal chegará ás Pontes para facer un recorrido pola vila e ver todo o alumeadado Nadal.

Convocan o concurso de decoración

A Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses pon en marcha un ano máis o seu concurso de decoración de Nadal. Os interesados poden inscribirse ata o martes 17 de decembro.

Hai distintas categorías: casas, edificios, clubs e asociación. Os interesados en participar deberán enviar as súas fotografías a través do correo electrónico cohempo@cohempo.es achegando a solicitude de inscrición que está dispoñible a través da web. Cada persoa só pode presentar unha única candidatura e a proposta está aberta á veciñanza do termo municipal das Pontes. Deberanse presentar a solicitude xunto ás imaxes co obxectivo de poder incluílas na categoría correspondente.

No caso de non ter as fotografías antes do día 17 poderán enviarse posteriormente sempre que sexa antes do día 20 de decembro ás 13.30 horas. A valoración por parte do xurado será entre os días 20 e 30 de decembro. Haberá tres premios por cada unha das tres categorías.

Cohempo reparte 3.800 euros en premios

Deu comezo tamén a campaña de Nadal Merca nas Pontes, organizada por Cohempo, a Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses, cunha iniciativa que busca impulsar o comercio local nestas datas tan sinaladas.

Este ano, a campaña, que se prolongará ata o 6 de xaneiro, volve ter premio: todas as persoas que realicen as súas compras nos negocios locais adheridos poderán participar no sorteo de 3.800 euros en premios. Para entrar no sorteo,

os clientes deberán conseguir unha tarxeta de participación e completala con tres selos, que se obterán tras realizar tres compras en calquera 44 establecementos participantes.

Os premios inclúen seis tarxetas de 300 euros cada unha e dous premios especiais de 1.000 euros, que serán sorteados entre todos os participantes. A organización anima a seguir as redes sociais para estar ao tanto de todas as novidades e detalles desta campaña.



Paixón polo tecido

Puntadas con Agarimo, formada por cinco amigas das Pontes, remata o ano cunha nova xuntanza nas Campeiras e facendo balance da experiencia

Puntadas Con Agarimo organiza unha nova quedada laneira, que xa é a novena sesión e que terá temática de Nadal. Esta será o domingo 15 de decembro, ás 13.00 horas, no local social das Campeiras.

Ademais de tecer, as participantes poderán intercambiar contos e tomar unha merenda para o que piden dous euros de aportación.

Esta será polo tanto a novena reunión que organizan estas cinco amigas das Pontes, Verónica, Tania, Lucía, Urbana e Elvira, que fundaron aló polo mes de febreiro Puntadas con Agarimo. O grupo non pretendía outra cousa que xuntar a todos os amantes do tecido baixo un mesmo teito para compartir trucos, ideas e tamén algo de risas e contos. A idea xurdiu nunha viaxe que fixeron as cinco a Madrid, a unha feira de las á que levaron o mesmo xersei. Esta peculiaridade chamou a atención da xente que lles preguntou se tiñan un grupo nas Pontes. Ese pequeno xerme foi suficiente para que á volta, no mesmo autobús, comezase o proceso de creación. Na seguinte semana xa estaban coa primeira xuntanza.

Dúas ideas marcaron o comezo, a



primeira, evitar burocracias, polo que a asociación formouse de forma libre, sen acollerse a ningún tipo de papeleo. A segunda idea era facer as xuntanzas polas parroquias, primeiro para dinamizalas e segundo para dar opción a moitas mulleres a participar neste evento polas dificultades que teñen moitas veces de desprazarse. A resposta a esta iniciativa foi impresionante xa que arredor de 26/27 persoas de media asisten a estas xuntanzas de domingo pola tarde. Ata o de agora contan só con mu-

lles, xa que os homes non se atreveron a achegarse ao grupo, pero comezaron a incorporarse tamén nenas, polo que reuniron a xeracións totalmente dispares arredor das agullas. “Nacemos como unha maneira de interactuar, de axudarnos entre nós e de feito, se alguén non pode asistir facemos entre todas o que faga falta”, explica Vero, unha das organizadoras.

TODA UNHA EXPERIENCIA. Neste case primeiro ano de vida foron xa sacando aprendizaxe para o próximo. Nos dous meses de verán non se fixeron reunións polo tema das vacacións pero si escoitaron o que demandan as asistentes. Así xorden as ideas de traer unha persoa para que dea unha formación máis avanzada. “Pídenos talleres e por iso estamos intentando organizar algún, por exemplo de calcetíns, ou dalgunha técnica nova e niso estamos”, avanza Vero, que tamén ten claro “que hai suxestións que ás veces son complicadas de seguir. Por exemplo, a idea de tecer todas a mesma prenda. Ata certo punto afástase da idea orixinal de que cada unha faga o que queira, por iso funciona tan ben,



porque non hai imposicións, o que buscamos é socializar”.

Agora que son un amplo grupo teñen un rango de idade moi completo. A maioría das asistentes están entre os 30 e os 70 anos, pero agora buscan o relevo xeracional, por iso a primeira idea de formación é facer un taller máis ben dirixido a nenas e nenos, pero xa para o ano próximo.

ASOCIACIÓN. A idea de ser asociación segue dando voltas. Dende o Concello xa lles invitaron a oficializar o grupo para poder colaborar con elas economicamente xa que no resto de cuestións, como cesión de espazos e demais, xa o están facendo. As ideas seguen xurdindo pero a vida real para estas cinco mulleres, nais traballadoras, dificulta unha progresión máis acelerada.

“A verdade é que non temos moito tempo, facemos ata onde podemos,

porque montar unha asociación para logo non facer nada tampouco é. Sabemos que para facer talleres e demais facilitaría ser asociación, pero pouco a pouco”, engade cun sorriso. Agora a principal meta é aumentar o número de nenas “e conseguir que veña algún home”.

Para iso lembra os beneficios que ten o tecido, como que mellora a autoestima e a confianza, reduce o estrés, aumenta a creatividade, axuda a pasar momentos difíciles, mellora a coordinación de a psicomotricidade, así como a concentración e a memoria. “En esencia, aumenta a felicidade”, di. Ademais, contan cun lado solidario, xa que colaboran con varias asociacións benéficas recollendo madeixas ou tecendo prendas para os máis desfavorecidos.

As persoas que desexen anotarse a algunha das quedadas ou informarse poden facelo no 658 961 505 (Vero).




PROGRAMACIÓN

NADAL

24
—
25

AS PONTES



Conceito e ilustración: Laura de Orensán - www.lauradeorensan.com

XOVES 12/12

O TESOURO / TRÉCOLA TEATRO

18.00 € — CASA DOPESO / +4 ANOS

VENRES 13/12

**PRESENTACIÓN LIBRO
¿CÓMO HACER DE TU VIDA UN
DESASTRE? / ZAIDA PICOS**

20.00 € — BIBLIOTECA MUNICIPAL

**FESTIVAL DE NADAL
RONDALLA VILA DAS PONTES E CORAL
POLIFÓNICA AGARIMO DE SILLOBRE**

20.00 € — CASA DOPESO

SÁBADO 14/12

**GALA BENÉFICA
ESCOLAS DE BAILE MODERNO E DANZA
CLÁSICA "A VIAXE"**

En favor da asociación "Miradas que habitan para a investigación" do síndrome de duplicación 16cp2

16.30 € — 18.00 € e 20.30 € — A. M. CINE ALOVI

MARTES 17/12

**CONCERTO DE CONXUNTO
E MÚSICA DE CÁMARA
CONSERVATORIO PROFESIONAL
DE MÚSICA DAS PONTES**

19.00 € — CASA DOPESO

XOVES 19/12

**CONCERTO PEQUENADAL
CONSERVATORIO DAS PONTES**

17.00 € — AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI

**CABICIVAI
COMPAÑÍA PABLÍSIMO**

18.00 € — CASA DOPESO / P. FAMILIAR

**ENCONTRO DE AUTORES/AS
DA COMARCA**

20.00 € — BIBLIOTECA MUNICIPAL

VENRES 20/12

**MUNDO FANTASÍA DE NADAL
PICARIÑOS**

18.00 € — CASA DOPESO

DOMINGO 22/12

**AS PONTES TEN MAXIA
III FESTIVAL INTERNACIONAL DE MAXIA**

19.00 € — AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI / TP
<https://aspontes.sacatuentrada.es>



LUNS 23/12

**CONCERTO DE NADAL
BANDA DE ESCOLA DE MÚSICA DAS PONTES**

19.30 € — AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI

MARTES 24/12

**PASACALLES
CHARANGA SUREÑOS**

12.00 a 14.00 € — RÍAS DA VILA

XOVES 26 AO 30/12

**TEMPO DE NADAL
ÁREA DE XOGO INFANTIL E XUVENIL**

18.00 a 20.00 € — PATIO DO COLEXIO SANTA MARÍA

XOVES 26/12

**GRAMOLA GOMINOLA
AÍ VÉN O APALPADOR / ESPECIAL NADAL**

18.00 € — A. M. CINE ALOVI / P. FAMILIAR



VENRES 27/12

**PALABRAS
BAOBAB TEATRO**

18.00 € — A. M. CINE ALOVI / 1-4 ANOS
<https://aspontes.sacatuentrada.es>



SÁBADO 28/12

**TEATRO DE PAPEL
RAUXA CÍA**


18.00 € — AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI / 3-8 ANOS
<https://aspontes.sacatuentrada.es>



LUNS 30/12

**A LA LUNA
VOILÁ PRODUCCIONES**

18.00 € — A. M. CINE ALOVI / P. FAMILIAR
<https://aspontes.sacatuentrada.es>



MARTES 31/12

**PASACALLES
CHARANGA DA CARMÍÑA**

12.00 a 14.00 € — RÍAS DA VILA

XOVES 02 — VENRES 03/01

**TEMPO DE NADAL
ÁREA DE XOGO INFANTIL E XUVENIL**

18.00 a 20.00 € — PATIO DO COLEXIO SANTA MARÍA

TREN DE NADAL

18.00 a 20.00 € — RÍAS DA VILA

VENRES 03/01

**CONCERTO
GRUPO POCO CUALIFICADOS**

20.00 € — AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI

SÁBADO 04/01

**BAILE DE REIS
GRUPO ORIGEN**

22.30 € — PATIO DO COLEXIO SANTA MARÍA

DOMINGO 05/01

**CABALGATA DE REIS MAGOS
E RECEPCIÓN REAL**

18.00 € — SAÍDA DA RUA MONTE CAXADO



**ENTRADAS PARA
ESPECTÁCULOS E CINE**

VENDA ANTICIPADA ▶ <https://aspontes.sacatuentrada.es>
VENDA EN TADRELLA ▶ Aberta os días do espectáculo desde unha hora antes do comezo do mesmo e peche 15 minutos antes do inicio da función.

Celebrarán o primeiro aniversario do regreso da feira ao centro

Para celebrar o primeiro aniversario da volta da Feira ao pobo, que será no próximo mes de abril, o Concello de Friol quere facer algo especial, e opta por un sorteo dun lote de produtos do municipio, recoñecendo e agradecendo a todas as persoas que forman parte da propia feira, tanto aos diferentes postos que montan, como tamén a todos os negocios da capitalidade e a todos os veciños de Friol pola gran acollida que tivo desde o primeiro domingo do mes abril.

Cada establecemento de Friol, tanto comercios como bares e restaurantes, terá á súa disposición uns talonarios con rifas, que irán entregando a cada persoa que faga unha compra no seu negocio. Estas rifas repartiranse durante os días de Feira, que é o primeiro domingo de cada mes.

Calquera persoa pode optar a unha rifa, sempre e cando se achegue a Friol nas feiras de decembro, xaneiro, febreiro e marzo, e faga algunha compra en calquera dos estable-

mentos do pobo. Con esa compra entregaranlle unha papeleta coa que poderá entrar no sorteo mencionado.

A persoa ganadora do citado lote será a que posúa a rifa co número que coincida coas últimas catro cifras do Sorteo da Lotería Nacional do 5 de abril de 2025, tendo que depositala no Concello os días seguintes o sorteo para a comprobación e entrega do lote mencionado. Dende o Equipo de Goberno do Concello queren agradecer, con este pequeno xesto, a todas as persoas que fixeron posible que a súa Feira mensual fose todo un éxito, dende a primeira que se celebrou no mes de abril do presente ano. Fixeron un cambio importante volvendo a Feira de Friol ao centro do pobo, o cal trouxo moi bos resultados nestes primeiros meses, e esperan que se sigan mantendo estes bos números de afluencia e de vendas e que incluso se vexan incrementados de cara á próxima primavera.

O Goberno friolés inviste en máis estradas rurais do municipio

O Concello de Friol porá en marcha un proxecto de mellora e reparación do acceso ao núcleo rural de Seoane e do acceso do núcleo rural de Pacio ao límite do termo municipal, con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, por un valor de máis de 135.000 euros.

Levaranse a cabo os traballos necesarios para realizar dúas obras importantes para o Concello de Friol, que suman máis de 135.000 euros entre ambas, e que se financiarán con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, que financia a Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural.

Realízanse melloras e reparacións no acceso a Seoane desde a estrada da Deputación LU-P2118 e no acceso de Pacio ata o límite do termo municipal.

A finalidade do proxecto é mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a súa reestruturación e modernización, co obxectivo de incrementar a súa participación e orientación cara o



mercado, así como a diversificación agrícola das mesmas.

Ademais, con esta intervención melloraranse os accesos ás explotacións gandeiras da zona, o que permitirá optimizar os seus resultados económicos. A xustificación desta intervención baséase fundamentalmente na necesidade de rexeneración do firme actual (tratamento superficial) que presenta un deterioro considerable poñendo en perigo a seguridade viaria.

Na rexeneración do firme do acceso a Seoane, utilízase unha nova capa de firme a base de aglomerado en quente, mellorando considerable-

mente o firme.

No caso do acceso de Pacios ao límite con Palas de Rei, faise o mesmo paquete de firme que posúe na actualidade. En este acceso, aínda que solo se realiza un reforzo do firme desde Pacio ata o límite co termo municipal de Palas de Rei, o acceso continúa ata a intersección coa estrada LU231.

Todas estas actuacións que se van realizar traerán nunha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

A Deputación vende unha parcela no polígono

José Tomé Roca asinou na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos a venda de dúas novas parcelas nos polígonos de Friol e Chantada. José Tomé anunciou que, con estas novas operacións, "completamos a ocupación do polígono chantadino de Acivros, cun total de 49 parcelas vendidas, contribuíndo ao impulso do desenvolvemento económico da zona e afianzando este complexo industrial como un referente empresarial". Pola súa parte, no polígono

de Friol, a parcela número 10 foi vendida á empresa Electromecánica Núñez Brao SL, dedicada ao mantemento e reparación de vehículos de motor, por un importe de 40.428,52 euros. Deste xeito, a día de hoxe, no polígono de Friol quedarían dispoñibles 26 das 55 parcelas existentes. No resto dos parques industriais da comarca a dispoñibilidade é de 28 en Friol, das 55 coas que contaba este parque e 3 das 12 iniciais do complexo de Begonte.

Inician as obras de mellora da vía que une Portadornas e Lameiro

A Deputación iniciou os traballos para a rehabilitación do firme dun tramo da LU-P-2104, que vai desde Portadornas ata Lameiro, por Xiá. Esta actuación, que conta cun investimento de preto de 63.000 euros, afecta a un treito de case 3 quilómetros, concretamente no tramo que vai desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6. Ademais, neste proxecto tamén se inclúe o acondicionamento do ramal.

Trátase dun importante proxecto para os veciños e veciñas da zona, pois é a estrada que vertebrada a pa-



rrouquia da Xiá. As obras, que está a realizar a empresa Cholo SL, consisten na apertura de cunetas, na reparación dos danos e na repavimen-

tación do firme. Con estes traballos reducirase o risco de accidentes e mellorarase a seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



friol

Friol convertirá o PAI nunha escola infantil con 51 prazas

O Concello de Friol iniciará o ano 2025 co comezo das obras do proxecto da futura Escola Infantil, e poder así dar servizo a todas as familias con nenos e nenas de 0 a 3 anos, que queren dispoñer de praza no actual PAI (Punto de Atención á Infancia), e que agora mesmo queda pequeno para todas as solicitudes, e co incremento de nacementos que están tendo nos últimos anos en este municipio. Realizarase unha rehabilitación integral da parte do edificio anexo ao PAI, e que se unirán as dúas partes, mediante un acceso interno, para unha vez rematadas as obras todo o edificio existente se converta na Escola Infantil que de Friol necesita, podendo poñer á disposición das familias ata 51 prazas. Trátase dun edificio distribuído nunha única planta de 363, 64 m² de superficie útil, dos cales se van acondicionar 193 m². As obras de acondicionamento previstas transforman o punto de atención á infancia nunha Escola Infantil, fundamentalmente mediante o acondicionamento e ampliación da parte actualmente en



desuso e a mellora xeral da envolvente da edificación.

As actuacións no interior do edificio consistirán en particións interiores con biombo acristalado para facilitar a visión dos nenos en todo momento, dous baños uso infantil completos, pavimento vinílico interior antiscorredizo, e pavimento de caucho na zona de xogos exterior. Ademais dotarase a todas as estancias de falso teito, e instalacións de fontanería e saneamento, ademais dun sistema de

protección de incendios, e pintado de paredes.

A execución de este proxecto, que ascenden a un importe de case 245.000 euros, poderán levarse a cabo gracias á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social que financia o 90 % da inversión total. Está previsto que as obras comencen a principios de ano, e que para o próximo curso xa se poida facer uso das novas instalacións, modernas e acordes coa normativa actual da nova Escola Infantil de Friol.

A vila volverá contar con obradoiros infantís de Nadal

O Concello de Friol organiza un ano máis os seus obradoiros de Nadal para os máis cativos. Nesta edición poderán participar nenos e nenas de Friol, desde os 4 ata os 14 anos. As actividades comezarán o luns 23 de decembro e rematarán o venres 3 de xaneiro. Trátase dunha serie de propostas que terán lugar en horario de mañá, dende as 10.00 ata as 14.00 horas. Levaranse a cabo nas instalacións que ten o Concello ao lado do centro escolar público, e que son as mesmas que acollen o servizo de madrugadores durante os días lectivos. As prazas son limitadas, polo que para poder participar é necesario inscribirse nas oficinas do Concello antes do 17 de decembro. As prazas cubriranse por orde de chegada.

O Concello elaborou o calendario con imaxes das Olimpíadas Rurais

Un ano máis, o Concello de Friol elaborou un calendario do 2025 para repartir entre os veciños da localidade e no que se recollen imaxes vinculadas ao termo municipal.

Nesta ocasión está composto por imaxes das Olimpíadas Rurais que se celebraron na localidade no mes de xuño.

“Dedicar este calendario 2025 é un xeito de agradecer a todas as persoas que, dun xeito ou outro, fixeron posible esta Primeira Edición destas Olimpíadas Rurais, vivimos tres días especiais e ines-



quecibles, tanto no ámbito deportivo, cultural e, sobre todo, social”, explicou o alcalde.

O Concello fai todos os anos o envío do almanaque xunto coa felicitación do Concello aos veciños.



Calle de Galicia, Vilalba

Terreno / Urbano (solar) | 1.950m²

500.000€

En Vilalba (Lugo), se vende solar situado entre el centro y la zona escolar, se trata de una parcela totalmente edificable, con calle por la parte de arriba y por la parte de abajo. La edificabilidad a avda. de Galicia son bajo, 5 plantas y ático.

Calle Plácido Peña, Vilalba

Dúplex | 6 Dorm | 5 Baños | 450m²

225.000€

En Vilalba (Lugo), se vende dúplex céntrico y muy amplio, que está distribuido en dos plantas. En la primera está la cocina, con una amplia despensa, sala, dos habitaciones y dos baños y en la segunda está una sala de juegos, la lavandería, cuatro habitaciones y tres baños. El piso se vende con un trastero y una plaza de garaje. Existe la posibilidad de que se venda una segunda plaza de garaje.

LU-861 13, Vilalba

Terreno / Urbano (Solar) | 1.034m²

25.000€

En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Goa s/n, Vilalba

Casa rural | 4 Dorm | 2 Baños | 176m²

59.000€

En la parroquia de Goa, municipio de Cospeito (Lugo), se vende vivienda unifamiliar independiente a reformar, de 176 metros cuadrados, repartidos en dos plantas. A maiores y pegado a la casa hay un almacén de unos 111 metros cuadrados, en mal estado de conservación. También hay un garaje, construido en ladrillo, de unos 44 metros cuadrados y otra construcción de 113 metros cuadrados, en la que hay una lareira.

Calle Cidade de Viveiro 1, Vilalba

Local | 140m²

85.000€

En Vilalba (Lugo), se vende entreplanta de 133 metros cuadrados útiles, dividido en varias estancias y con dos aseos instalados. Está acondicionado como academia. Dispone de calefacción de gas ciudad y es muy luminoso ya que tiene muchas ventanas a la calle, al ser un local en esquina. Está situado al comienzo de la calle Ciudad de Viveiro, cerca del Mercadona.

Chao Ledo 1, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m²

73.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor. Dispone de calefacción de gas ciudad.

Calle Xosé María Chao Ledo, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m²

78.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.

Campelos Vilalba

Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m²

340.000€

En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajocubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A maiores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

Calle Mondoñedo 15, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 166m²

90.000€

En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones y sala, dos baños, cocina y dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil. La casa, además de la entrada principal, dispone de otra entrada por detrás.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

O CEIP Antía Cal foi seleccionado polo Centro María José Jove

O CEIP Antía Cal Vázquez de Muras é unha das 8 escolas seleccionadas polo Centro de Arte Fundación María José Jove para a IV edición do MUV na escola rural, un programa enfocado a conectar ao alumnado coa súa contorna local e a cultura contemporánea e que leva fisicamente o seu Museo Virtual (MUV) a centros educativos rurais de Galicia, contribuíndo a eliminar algún dos obstáculos de acceso aos que se enfrontan día a día.

O CEIP Antía Cal Vázquez é un pequeno colexio rural no concello de Muras, onde os seus doce escolares e dúas mestras forman unha familia. Aproveitan a riqueza da contorna natural para aprender ao aire libre e desenvolver proxectos que fomenten a creatividade, a colaboración e o respecto pola natureza. Promoven valores comunitarios e o amor pola cultura galega, cultivan-

do unha aprendizaxe que conecta cos seus recursos e tradicións.

O MUV na escola rural desenvolveuse de xaneiro a xuño de 2025 e estará en cada escola un mes, durante o cal alumnado e docentes poderán visitalo e implementar os recursos creados durante a formación. Neste curso 2024-2025, o artista Misha Bies Golas, cuxa obra está presente na Colección de Arte Fundación María José Jove, é o encargado de levar a cabo a proposta xunto á Área de Educación e Mediación do Centro de Arte Fundación María José Jove. Iníciase así un novo ciclo trianual, no que se convidará a artistas a pensar, deseñar e traballar sobre diversos temas.

As escolas estarán conectadas a través dun caderno de bitácora dixital, a partir da que se desenvolverá unha publicación final que recollerá toda a experiencia.

Conclúe a rehabilitación e mellora de tres escolas rurais

O Concello finalizou as obras da última das tres escolas rurais que se reformaron dentro do plan de actuación que se levou a cabo cos cartos do Fondo de Compensación Ambiental durante o ano e que tiña un orzamento de 506.083 euros.

Actuouse na escola de Irixoa cun investimento de 166.517 euros. Trátase dunha pequena edificación illada nunha parcela de propiedade municipal. Recentemente instalouse na mesma un punto limpo, utilizando una nave existente, polo que comparte acceso con este. O uso orixinal do edificio era o de escola, empregada nos últimos anos como local social e atopábase sen uso algún, dado o seu mal estado de conservación.

A construción da antiga escola data do ano 1922, ao igual que outras moitas existentes na comarca, pola sociedade benefactora Viveiro y su comarca, constituída por emigrantes galegos en Cuba co fin de contribuir á mellora da alfabetización na súa terra natal.



De cara a recuperar a habitabilidade do edificio e a mellora da súa eficiencia enerxética, fíxose a renovación completa da envolvente exterior do edificio, mediante a instalación de carpinterías metálicas dotadas de rotura de ponte térmico e dobre acristalamento con cámara de aire, e o illamento do conxunto da envolvente polo interior, executando un trasdosado de cartón xeso con illamento de la de roca incorporado no peche de fachada, unha soleira

de formigón elevada, ventilada, e illada termicamente no chan, e un falso teito de cartón xeso á altura do existente, incorporando igualmente illamento térmico.

Ademais, finalizouse nas últimas datas a do Viveiro, na que realizaron unha reforma cun orzamento de 59.073 euros e na de Silán de 38.258 euros. Nos dous casos trátase de accións de mellora da eficiencia enerxética con renovación de fiestras, cerramentos e pintado.

Abre na localidade unha mostra fotográfica de Álvaro Lamas

O Concello inaugurou unha exposición fotográfica de Álvaro Lamas, recoñecido artista de Lost in Woodlands Photography, que achega unha cuidada selección de case 20 imaxes sobre a natureza do norte galego, ademais das comunidades veciñas de Asturias e Cantabria.


Baixo o título *Capturando a Natureza*, Lamas invita a redescubrir a beleza

za e a riqueza natural que nos rodea a través de fotografías que retratan desde ferverzas e solpores ata detalles máis pequenos como un simple cogomelo, mostrando a maxia que esconden os espazos naturais.

A exposición estará aberta ao público na Casa do Médico de Muras, en horario de 9:00 a 13:00 horas, de luns a venres, ata o 7 de xaneiro de 2025.

OBRADOIRO DE EMPREGO TERRAS DO SOR

A Xunta entregou os diplomas ás 20 persoas alumnas-traballadoras que se formaron durante o último ano no obradoiro de emprego Terras do Sor VII, promovido polo Concello do Vicedo asociado cos de Oourol e Muras. A actividade propón incentivos para a contratación de participantes en empresas por un período mínimo de tres meses unha vez que finalice o taller.



construfer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

ebos

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

O programa de Nadal arrancará cunha visita dobre de Papá Noel

O Concello de Castro de Rei anunciou unha ampla programación para celebrar o Nadal, con actividades destinadas a toda a veciñanza. O calendario comeza o 23 de decembro coa visita de Papá Noel, que estará no Centro Sociocultural Xosé Manuel Carballo e na Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea para recibir as peticións dos máis pequenos.

Entre os días máis destacados, inclúese a excursión xuvenil a Xuvenculo o 26 de decembro, as sesións de manualidades con talleres de guirnaldas, coroas e calcetas, e unha representación teatral infantil titulada *Un safari ben xeitoso* o 28 de decembro. O programa culminará o 5 de xaneiro coa chegada dos Reis Magos, que visitarán residencias, escolas e gardarías, e participarán nunha cabalgata con agasallos para os nenos e nenas, rematando cunha gran chocolatada



da gratuíta.

As actividades, moitas delas con inscrición previa, subliñan o compromiso do Concello de Castro de Rei por ofrecer un Nadal máxico, participativo e inclusivo para todas as familias.

FEIRA EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA. Debido á coincidencia dos días de

Nadal e de Aninovo en mércores, día da feira en Castro Ribeiras de Lea, Concello e feirante acordaron suspender a celebración do día 1 de xaneiro.

Con respecto á do 25 de decembro, esta adiantarse ao día 24, martes, xa que se trata dunha data de moito movemento e se esperan numerosos visitantes á feira.

Amigos da Feira organiza unha sesión de cine e a súa asemblea

Nova sesión de Cine na Rúa con Amigos da Feira o sábado, 14 de decembro, ás 22.00 horas no Teleclub de Castro de Rei. Proxectárase a película *O Corno*. Ademais, a Asociación Amigos da Feira celebra este domingo, 14 de decembro, a súa asemblea anual, tal e como vén sucedendo todos os anos a finais de ano. Durante esta reunión a directiva fará un balance do estado de contas e proxectos, así como dos plans previstos para o ano que comeza.

Dentro da orde do día figura tamén unha actualización da xunta directiva para finalizar cun tempo de rogos e preguntas. A reunión terá lugar ás 16.30 horas no teleclub.

Por outra banda, o último domingo de feira de cada mes de 13:00 a 14:00 os membros da asociación están no local, no Campo da Feira de Castro de Rei, para o pago de cotas, a recollida de carnés e a realización de novas inscricións. A cota anual mantense en 12 euros por persoa.



A Gayoso Castro recibe 200.000 euros en novos investimentos

O presidente da Deputación supervisou en Castro Ribeiras de Lea, os novos investimentos da institución provincial na Granxa Gayoso Castro por importe de 200.000 euros. Concretamente, o mandatario comprobou o funcionamento da nova cisterna de xurro e dunha trituradora lateral que adquiriu a Deputación por preto de 150.000 euros e inspeccionou a pavimentación de diferentes accesos da finca de titularidade provincial por outros 50.000 euros.

A nova cisterna de xurro ten capacidade de 14.000 litros. Unha adquisición que, en palabras de Tomé Roca, "permite mellorar a xestión da explotación con criterios de sustentabilidade, cunha utilización máis eficiente dos recursos naturais e os procesos produtivos". Revisou tamén a nova trituradora lateral, unha máquina que serve para facer as rozas e o control da maleza para a correcta xestión das parcelas e dos accesos.

Retómase en Triabá a concentración parcelaria, en suspenso desde 2003

A parroquia de Triabá recupera o proceso de concentración parcelaria que se iniciou no ano 2003 e que estivo paralizado por condicionantes medioambientais, xa que se trata dunha zona húmida e protexida que requiriu de numerosos estudos. O proceso conta xa coa autorización da Confederación Hidrográfica polo que decidiuse impulsar de novo o proceso de concentración. Para iso fíxose unha reunión infor-

mativa sobre o proceso de concentración, dirixida ás persoas propietarias e demais interesadas. A xuntanza tivo na propia Escola de Triabá. Durante a reunión, abórdouse o estado actual da zona e as actuacións previstas que se levarán a cabo proximamente no marco deste proceso. Trátase dunha zona moi extensa, que afecta a unhas 700 ou 800 hectáreas, agás as exclusións que se fixeron.

Despois desta primeira xuntanza, está prevista o luns 16 de decembro a reunión da Xunta Local de Zona, concretamente ás 12.30 horas, na casa consistorial, xa que houbo que proceder á súa modificación polo falecemento dalgún membro. A primeira acción é estudar a proposta de exclusión dalgúns parcelas e acelerar os procesos, que esperan ter concluídos nun período máximo de tres anos.



Castiñeiro Milenario convoca a Foliada de Outono para o día 14

O sábado 14 de decembro volve a Foliada de Outono de Castiñeiro Milenario. Nesta ocasión contan cunha importante novidade, pois hai un cambio de escenario e por primeira vez, farase a foliada no centro sociocultural de Begonte.

Esta comezará ás 18 horas cun obradoiro de construción de instrumentos miúdos a cargo de Pablo Pintor. Un obradoiro para pequenos e grandes, onde recomenda que os máis pequenos veñan acompañados dun adulto. Aprenderase a facer algún deses instrumentos pequenos de percusión que, por ser pequenos, non deixan de ser ben interesantes na música tradicional. Será un xeito de mellorar as habilidades manuais, coñecer algún deses instrumentos e tocar algunha peza con eles.

O obradoiro vai ser de balde para as persoas socias de Castiñeiro, e terá



un custe de 10 euros para persoas non socias. É necesario anotarse no correo electrónico da asociación. Ao remate do obradoiro haberá uns petiscos e a partir das nove da noite comezará a foliada con catro grupos participantes, os residentes Foliadeir@s do Castro e Treitoira que, como sempre, serán os encargados de romper o xeo e despois estará o grupo Pena Viso, Petaticatúa e Xermolos. Ao remate haberá foliada libre ata que o corpo aguante.

A Xunta integra o Muíño do Pan no Sistema Galego Museístico

A Xunta de Galicia integra o Centro de Interpretación do Muíño do Pan de Baamonde no Sistema galego de centros museísticos. Así se acordou hoxe no Consello, onde se deu luz verde á incorporación deste espazo do concello lugués de Begonte que está xestionado pola Asociación Centro Recreativo Cultural e Deportivo de Baamonde.

O Consello autoriza esta decisión tras a avaliación dos informes que verifican o cumprimento dos requisitos exixidos para formar parte da rede galega de organismos expositivos que xestiona o Goberno autonómico e que, na actualidade, suma un total de 89 institucións, das cales 69 son museos e 20 son coleccións museográficas.

Así, o Muíño do Pan de Baamonde é un ben construído seguindo a arquitectura tradicional da Terra Chá que se atopa no espazo natural da ribeira do río Parga. Grazas ao proceso de rehabilitación levado a cabo pola entidade que o xestiona, na actuali-



dade, este espazo confórmase como unha aula en que se ensina o seu funcionamento e onde, a través de paneis informativos, se proporcionan as claves da súa historia. Deste xeito, ponse en valor o carácter etnográfico do oficio de moer para obter a fariña que está estreitamente vencellado ás tradicións e ao contexto social do rural galego.

O organismo titular do muíño conta cun plan de difusión de actividades con visitas guiadas, obradoiros, cursos ou rutas de sendeirismo, así

como a promoción do uso deste espazo como entidade cultural a través de encontros, presentacións de libros e conferencias. Deste xeito, a súa inserción ao Sistema galego de centros museísticos permitiralle continuar con esta programación mediante o acceso a liñas de axudas públicas, a participación en accións formativas de interese para as súas iniciativas, o acceso a propostas colaborativas ou a actividades itinerantes promovidas pola Administración autonómica.

Recollida solidaria de alimentos

Begonte realiza a súa habitual campaña de recollida de alimentos co que se pretende cubrir as necesidades que sofren as familias da contorna. Estanse a recoller todo tipo de alimentos non perecedoiros, en especial doces de Nadal, latas de conserva, aceites, leite, legumes, arroz, etc. O punto de recollida está situado na casa consistorial, entre as 9.00 e as 14.30 horas de luns a venres. A data límite é o 19 de decembro.

O PP pide coñecer o inventario do material que existe na nave

O PP denuncia que hai máis dun mes que o goberno provincial ten no seu poder o inventario con todo o material que hai almacenado na nave de Begonte e que a Deputación "segue sen poñelo a disposición do Grupo Provincial Popular, e os concellos seguen agardando a coñecer o material que hai alí e para saber se poderán solicitar a súa cesión ou uso". O voceiro, Antonio Ameijide, ve "fun-

damental" saber todo o que PSOE e BNG "tiron durante anos" nesa nave "así como saber o seu estado de conservación", xa que "o máis seguro é que moitos deses elementos se poidan poñer a disposición dos concellos", pero "canto máis tempo deixen pasar sen facilitar o inventario e sen permitir que os concellos poidan solicitar o seu uso ou cesión máis se deteriorará".



Inaugúrese o belén, que quere ser de Interese Turístico Nacional

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Román Rodríguez, pronunciou o pregón de Nadal na inauguración do Belén electrónico de Begonte, que chega este ano á súa 53ª edición.

Esta obra artesanal e tecnolóxica, recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia, atrae cada ano a preto de 40.000 visitantes.

Román Rodríguez salientou o valor desta celebración, que non só contribúe a preservar e divulgar as tradicións galegas, senón que tamén reforza a nosa identidade cultural ao manter viva unha tradición que pasa de xeración en xeración. O conselleiro subliñou que este evento "simboliza o orgullo e a esencia do pobo de Begonte, converténdose nun referente para toda Galicia". O programa inclúe como novidade o I Certame audiovisual sobre o Nadal, que se suma aos tradicionais concursos de poesía, xornalismo, arte e debuxo infantil.

Este novo concurso está dividido en dúas categorías, infantil (ata 14 anos) e xeral (a partir de 15 anos), o que impulsa a creatividade e o talento dos máis novos.



Como principal novidade, este ano empeza a incorporar figuras procedentes do belén que instalaba no antigo Hospital Xeral o sacerdote Edelmiro Ulloa, que foron doadas a Begonte polo seu sobriño, o escritor Xosé Carlos Ulloa. Son tamén pezas artesanais e entre as que xa se poden desfrutar figuran unha máquina de mallar ou un cabazo; outras vanse amosar no Museo do centro cultural, que ocupa o recinto anexo.

Outras das novidades consiste na venda de produtos relacionados co belén que poden servir de agasalho. Así mesmo, haberá servizo de

churros e chocolate nun local da zona.

O belén, declarado de Interese Turístico de Galicia, é artesanal e electrónico, e atrae cada ano a arredor de 40.000 visitantes. Poderá contemplarse do 30 de novembro ao 1 de febreiro; entre Nadal e Reis estará aberto todos os días, de 11 a 13 horas e de 16 a 19 horas, e nas restantes semanas abrirá sábados, domingos e festivos, aínda que se poden concertar visitas de grupo noutras xornadas. O obxectivo deste ano será, como indican os organizadores traballar para ser de Interese Turístico Nacional.

Comeza o programa de Nadal con maxia

O Concello de Begonte deu a coñecer a programación de actividades para as festas de Nadal, que inclúe unha ampla variedade de eventos culturais, musicais, deportivos e solidarios, pensados para todas as idades.

O programa comeza o 12 de decembro coa emisión do programa de radio *Más de Uno Lugo* dende o belén de Begonte e inclúe espectáculos como a actuación de maxia con Roberto Lolo o 13 de decembro. As tradicionais audicións de Nadal da Escola Municipal de Música levaranse a cabo en diferentes días, coas actuacións de frutas, fagots, saxofóns, gaitas, e percusión entre outras categorías.

O día 19 de decembro realizarase a III Carreira Solidaria San Faiuquiño e finalizará a campaña de recollida de alimentos organizada polo Concello. O mesmo día, pola tarde, celebrarase unha audición de fagots e saxofóns.

Entre o 21 e o 22 de decembro terá lugar o IV Mercado de Nadal na praza e na rúa do Concello, coincidindo coa visita de Papá Noel o día 22. Ademais, o pro-



grama inclúe actividades lúdicas como un torneo de pádel os días 28 e 29 de decembro e o Campamento Dixital entre o 2 e o 4 de xaneiro.

Para os amantes do deporte, o 2 de xaneiro disputarase un partido entre o C.B. Bregán e o Baxi Maresa no Pazo dos Deportes de Lugo e o Concello invita a asistir.

As festas culminarán o 5 de xaneiro coa tradicional Cabalgata de Reis e a visita das Súas Maxestades, que traerán agasallos para todos ao belén de Begonte



BALANCE DO 2024

A alcaldesa, satisfeita co traballo realizado pero coa vista posta no 2025

Levouse a cabo a adxudicación do contrato do SAF, a rexeneración de pistas no rural, actuacións en instalacións deportivas e educativas, proxectos de conciliación e a apertura das novas piscinas

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, fai un balance positivo do 2024, que conclúe “satisfeita co traballo levado a cabo, pero coa vista xa posta nos proxectos e as necesidades do 2025”. Nesa liña, o Concello de Vilalba comezaba o ano 2024 coa aprobación duns novos orzamentos municipais que precisamente Rouco prometera á súa chegada a Alcaldía a finais do ano 2023.

Un orzamento cun claro acento social no que máis de nove millóns de euros se dedicaron á prestación de servizos, entre eles o Servizo de Axuda no Fogar e o novo contrato do servizo de recollida do lixo. O contrato do Servizo de Axuda no Fogar foi adxudicado a comezos de ano cun orzamento de 3.310.045 euros para o 2024. Un servizo que conta con máis de 140 traballadores e atende a máis de 300 veciños e veciñas.

“Despois de Lugo, somos o concello da provincia que presta máis horas no SAF”, explicou a alcaldesa, Marta Rouco, ao que engadiu que isto tamén permite “xerar emprego e falar da axuda no fogar como un pilar básico da nosa acción de goberno”. Pola súa banda, a partida orzamentaria adicada ao novo servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria ascendeu a case 1.600.000 euros, que cunha duración de 10 anos supón unha inversión total de 18 millóns de euros. “Un dos contratos municipais máis importantes, grazas ao cal Vilalba contará cun servizo de recollida de lixo de calidade, eficiente e sostible”, asegura a alcaldesa, Marta Rouco. Nesa liña, co novo contrato, a piques de entrar en funcionamento, incrementárase a frecuencia da recollida do lixo e da limpeza das rúas e realizáranse importantes melloras técnicas e de innovación na prestación do servizo, tanto no casco urbano como nas parroquias, renovando a maquinaria e adaptándose á realidade actual de Vilalba. Unha realidade orzamentaria “claramente condicionada”, segundo explica a alcaldesa, Marta Rouco. O que obrigou ao Concello de Vilalba a tirar man da colaboración doutras administracións, sendo fundamental a Deputación de Lugo.

Grazas á colaboración do ente provincial, a alcaldesa de Vilalba puido sacar adiante as subvencións nominativas que recibiron as comisións das festas das parroquias. Así como levar a cabo a rexeneración de máis de 20 pistas no rural vilalbés a través do equipo móbil da Deputación. Os traballos centráronse en máis de 15 quilómetros de pistas pertencentes a diversas parroquias, nas que se levaron a cabo tanto actuacións de limpeza e apertura de cunetas como de rebacheo e rexeneración completa do firme daquelas vías que se atopaban en peor estado. Pola súa banda, a través do Plan Único da Deputación, o Concello de Vilalba tamén levou a cabo importantes actuacións, como as obras de colocación dun sistema de climatización e ventilación na Escola Infantil Municipal, por un importe de 54.045 euros. Así como a rexeneración do firme dunha das travesías que une a Rúa Mondoñedo coa Avenida da Terra Chá e das rúas que rodean a Praza da Constitución. En termos de infraestruturas urbanas, o Concello de Vilalba tamén levou adiante as obras de renovación do firme e de mellora da sinalización da Avenida de Cospeito no tramo entre a Rúa Abadín e a Avenida da Terra Chá, por un importe de 26.600 euros. Así como un tramo de máis de 400 metros da Rúa Conde Pallares ata a súa intersección coa Praza Suso Gayoso e a Avenida de Lugo. “Tampouco podemos esquecer nos das actuacións que se levaron a cabo e que están previstas nas instalacións deportivas” salientou a rexedora vilalbésa, Marta Rouco,

para quen “a práctica do deporte é fundamental e para promovelas é imprescindible contar cunhas instalacións deportivas en boas condicións e que ofrezan diferentes posibilidades”. Nesa liña, o Concello realizou as obras de mellora do céspede do Estadio Municipal da Madalena e a reparación da cuberta do pavillón municipal para solucionar as deficiencias que presentaban as instalacións e as recorrentes filtracións de auga que afectaban, fundamentalmente, á zona de vestiarios. A esta liña de actuacións tamén se suman outras no Estadio Municipal da Madalena, entre as que se atopan as obras de reposición da cuberta dun dos almacéns para convertelo en ximnasio ou a colocación dunha estrutura definitiva para o control de acceso do público. Pola súa banda, tamén o pavillón do CEIP Insua Bermúdez foi obxecto de mellora. En concreto, as actuacións centráronse na cuberta dos vestiarios, onde se colocou unha nova chapa sándwich. O que se complementou coa colocación de carpintería metálica e a limpeza e reparación da fachada. Unhas obras, centradas na mellora do aforo e a eficiencia enerxética das instalacións, que tamén incluíron a substitución de 2 termos de auga quente por unha bomba de calor que emprega a aerotermia tanto para a calefacción como para a dotación de auga quente sanitaria, e a substitución das luminarias por tecnoloxía LED. Pero tamén de cara o futuro contiúan os proxectos en instalacións

deportivas, sendo o pavillón do CEIP Mato Vizoso o que verá renovado por completo o pavimento da súa pista. Unha obra cun orzamento de máis de 70.000 euros que permitirá “que este pavillón teña un uso multidisciplinar, podendo practicarse nel unha ampla variedade de deportes nas condicións de seguridade e comodidade oportunas”, explicou a rexedora vilalbésa, Marta Rouco. “Sen esquecer nos, por suposto, da apertura das novas piscinas exteriores da Madalena”, salientou Rouco, sobre un proxecto que se fixo realidade no verán deste 2024 e cuxa afluencia deixou acreditada a súa pertinencia. “As piscinas da Madalena pecharon a tempada coa visita de máis de 10.000 usuarios e usuarias, o que deu como resultado un retorno económico de máis de 27.200 euros”, cifrou a alcaldesa. Finalmente, o Concello continuou neste 2024 coa súa aposta pola conciliación familiar e a escoita dos máis pequenos, para o que creou o Consello Local da Infancia e a Adolescencia, ao que deu resposta coa recente renovación do parque da Rúa da Emigración, no que se instalou unha corda tirolesa de 25 metros de lonxitude. En termos de conciliación, o Concello admitiu o total de solicitudes presentadas para o servizo de comedor da EEI de Vilalba, concedeu máis de 100 axudas para a adquisición de material escolar do alumnado de educación infantil e continúa ofrecendo o servizo de madrugadores nos colexios do casco urbano, ao que acoden regularmente máis de 50 alumnos e alumnas.



“Todos os v... declaración

Vimos de coñecer a desestimación da Xunta de Galicia á declaración da Feira do Capón como Festa de Interese Turístico, que supón isto para o Concello de Vilalba?

Mais que para o Concello diría que é importante para Vilalba. A distinción de Festa de Interese Turístico de Galicia é un distintivo de calidade e permitiría, a nivel turístico, participar en campañas de promoción que leva a cabo a Xunta de Galicia das festas con este distintivo. Ademais, esta declaración tamén sería unha fonte de recursos para a organización da Feira do Capón, pois hai subvencións que están acoutadas ás celebracións que cumpran este requisito. Por suposto, tamén suporía un recoñecemento ao traballo que levan feito os criadores e criadoras de capón ata acadar o valor gastronómico, cultural e tradicional que ten a día de hoxe a nosa feira. Creemos que conta xa con este recoñecemento na práctica, proba dilo son as distintas mostras de apoio que nos chegan de numerosas asociacións vilalbésas e de distintos lugares de Galicia, o que afonda no seu sentido de que se lle nega a nivel institucional.

E para os vilalbéses e vilalbésas, que implica?
Creo que todos os vilalbéses e vilalbésas temos claro que hai dous produtos que levan o nome de Vilalba polo mundo, os nosos embaixadores: o capón e o queixo de San Simón. Calquera de nós síntese como algo propio. Pero no caso da Feira do Capón hai un engadido que a fai especial: é a data que marca o inicio do Nadal en Vilalba; ir á feira é parte das nosas tradicións. Creo que tanto a nivel asociativo como a nivel particular, todos os vilalbéses e vilalbésas nos sentimos doídos por esta denegación da Xunta de Galicia, e sobre todo polo motivo que se esgrime. Non obstante, sabemos que é cuestión de seguir loitando por algo, que na práctica xa temos: a calidade, a tradición e o arraigo do capón de Vilalba. Factores que levan moitos anos sobradamente contrastados.
Dende a Xunta de Galicia aseguran que o





“Comenzou o ano coa aprobación dos novos orzamentos municipais cun claro acento social”



MARTA ROUCO, ALCALDESA DE VILALBA

Vilalbeses sentímonos doídos pola denegación da “Feira do Capón como Festa de Interese Turístico”

Concello de Vilalba desistiu do procedemento e non achegou a documentación que se lle requiriu. Como se deron estes feitos?

Dende o equipo de goberno propúxose ao pleno do Concello a solicitude da declaración de Festa de Interese Turístico para a Feira do Capón. No pleno todos os grupos políticos, por unanimidade, aprobamos a solicitude, xunto co expediente a remitir elaborado por persoal técnico do Concello, sen que ningún grupo formulase obxección á documentación. Unha vez aprobado, remitiuse a solicitude á Xunta de Galicia. A principios de setembro, a Xunta formulounos un requirimento que foi contestado en tempo e forma. Dende aquela ata que recibimos a desestimación, en decembro, chamei en varias ocasións á Xunta para preguntar polos avances pero non obtiven ningún tipo de resposta. Decidín entón enviar un correo electrónico á persoa que firmaba o requirimento, ao que tampouco contestaron. E finalmente, o 2 de decembro recibimos a desestimación, por falta de acreditación do requisito de arraigamento da feira. Estes son os feitos, demostrables e contrastables. A partir de aí, o ruído. Pero o ruído, que interesa a quen vén de cometer un erro grave e ten que tapalo, non nos pode desviar do noso obxectivo. Xa estamos traballando en presentar unha nova solicitude, para que, por fin, e a pesar das trabas, a Feira do Capón acadase a designación de Festa de Interese Turístico.

O que si que se lles concedeu foi a prórroga para sacar adiante o proxecto do PIREP, que supón isto para o Concello?

Si, acadamos unha prórroga por parte do Ministerio, o que nos vai permitir que chegue



unha importante inversión de fondos europeos, case un millón de euros. En concreto vaise levar a cabo un proxecto para mellorar a eficiencia enerxética da Casa do Concello. Vaise cambiar a cuberta, mellorar a envolvente do edificio e a distribución interior, o que nos vai permitir reducir a factura enerxética e mellorar os servizos que se prestan aos veciños e veciñas.

A realidade é que, despois de moitos anos sen mantemento, temos a maior parte dos edificios públicos municipais con problemas de filtracións de auga, polo que hai que aproveitar todas as oportunidades para solucionarlos. Non concibo que alguén poida dúbida da necesidade de manter en boas condicións os edificios públicos nos que se prestan servizos á veciñanza.

E quixera neste punto facer unha reflexión

sobre a bipolaridade do PP de Vilalba: pasaron meses criticando ao goberno municipal porque se perdera esta subvención, que en realidade non se perdera, dicindo que eramos incapaces de xestionar o Concello. Nós mentres realizamos os trámites para sacar o proxecto a licitación en prazo, e sacouse, pero só se presentou unha empresa e a mesa de contratación entendeu que non cumpría os pregos, polo que tivo que quedar deserto e non tiñamos marxe para unha nova licitación. Solicitouse unha prórroga ao Ministerio, foinos concedida e estamos xa no proceso de adxudicación das obras, co obxectivo de inicialas na maior brevidade. E agora ao PP, que preguntaba por este tema en varios plenos, tamén lle parece mal que non se perdesse e que se vaia executar. Agora están nunha nova fase: a de que non é algo necesario. Fagamos o que fagamos, sempre van ter algo que dicir e sempre en contra.

Outro proxecto tamén aprobado é a renovación da cuberta da Casa da Cultura, como chegou a este acordo coa Deputación de Lugo?

É unha obra moi necesaria. Non pode ser que un dos edificios públicos que visita máis xente de Vilalba e doutros lugares se atope no estado no que está, con humidades, goteiras e caldeiros para evitar a acumulación de auga no chan. Case todos os cursos, exposicións ou convocatorias de prensa se fan na Casa da Cultura. A diario tamén ten un uso importante, a Oficina de Turismo e a Hemeroteca están no seu interior. Non podía seguir alargándose esta situación. Ademais, o terceiro e cuarto andar están infrautilizados debido a estes problemas. As obras vannonos permitir habilitar espazos para que asociacións locais que o precisen poidan ter alí un pequeno espazo para o seu uso.

Remata o 2024 con outros proxectos no tinteiro como é a estación de autobuses, que acontece con ela?

A estación de autobuses é unha infraestrutura de titularidade da Xunta de Galicia, que decidiu pechala de xeito unilateral. Unha das primeiras reunións que mantiven como alcaldesa foi con persoal da Dirección Xeral de Mobilidade por este tema. Dende entón reunímonos en varias ocasións coa Xunta, intentando que se tome unha decisión na que se dote dun espazo aos usuarios para poder esperar resgardados o transporte público e cunhas condicións mínimas: uns aseos e paneis informativos. No mes de outubro, tras case un ano de xestións e reclamacións, conseguín que visitase as instalacións a directora xeral de Mobilidade e alí comprometeuse a presentar un proxecto. Dende entón nin contesta aos nosos requirimentos nin volvemos ter noticias da Dirección Xeral de Mobilidade. Pedirémolle a Papá Noel e aos Reis Magos que nos traian novas súas. **Pode asegurar algún proxecto que si se conseguirá no 2025?**

Si, ademais dos xa citados, imos abrir un novo Punto de Atención á Infancia con 20 prazas no espazo que hai libre no edificio da Praza da Abastos. As obras xa están adxudicadas e comezarán de forma inmediata. Hai varias familias en Vilalba que precisan este servizo e esperemos darlles unha solución no vindeiro ano.

Tamén imos instalar unha pista multideporte no campo da feira e acometer unha nova área de autocaravanas, con mellores prestacións; imos poñer en marcha varias actuacións, en colaboración coa Confederación Hidrográfica, para seguir incidindo sobre o ciclo da auga; e esperamos conseguir o PERTE da auga. Finalmente, temos solicitadas dúas axudas ao Ministerio, que esperamos conseguir, unha para mellorar o tramo do camiño de Santiago que discorre polo casco urbano e outro para a creación de zonas verdes.

MICOLOXÍA



Outeiro de Rei acolleu un curso de micología que estivo impartido por Julián Alonso Díaz, presidente da asociación micolóxica Lucus, o cal puido compartir ás persoas asistentes o seu coñecemento sobre o mundo dos fungos. Acudiron ata 20 persoas para poder desfrutar dunha aprendizaxe sobre os fungos existentes na zona.



Remata a mellora dun parque infantil en Guillar

O Concello de Outeiro de Rei vén de mellorar un parque infantil nunha zona urbanizada na parroquia de San Martiño de Guillar cunha subvención da Xunta de Galicia.

Así, cun custo de 51.418,32 euros, o parque infantil, que estaba nun estado de abandono e con madei-

ras rotas, o que para os veciños era "un perigo para os nenos"; agora loce outra cara.

Esta acción encádrase no proxecto de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais, mellorando un servizo necesario para as familias dunha zona moi transitada do Concello.

Convocado o concurso de recitado poético Rosalía sempre viva

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 22 de marzo de 2025 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura.

Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web da Casa-Museo.

O concurso establece catro categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. Na primeira escolleranse tres traballos por categoría e na segunda, os seleccionados participarán no recitado dunha única poesía escollida libremente entre a obra en galego de Rosalía ou de Manuel María. Valorarase a autenticidade

e naturalidade do recitado, a memorización e o seu nivel de dificultade.

Os centros interesados en sumarse a este concurso deberán facer a súa preinscrición antes do 7 de febreiro.

Na segunda fase concederanse un premio para cada unha das categorías 1 e 2 e dous premios para a categoría 3. Os premios serán unha tableta para as persoas gañadoras e un lote de libros para os centros que representan.

O xurado poderá conceder Mencións Honoríficas a aquelas persoas participantes que consideraran oportuno, recibindo neste caso os/as galardoados/as un pequeno lote de libros.

O Pleno local aproba as contas xerais do 2023

Celebrouse un pleno extraordinario este xoves no Concello de Outeiro de Rei, no que se aprobou por maioría absoluta as contas xerais do ano 2023. A votación resultou con 8 votos a favor, 2 en contra e 1 abstención. Cabe destacar a ausencia dun concelleiro do PP e doutro do BNG.

O equipo de goberno destacou que esta aprobación permitirá consolidar a liña de traballo seguida nos últimos anos, unha estratexia que situou a Outeiro de Rei como un dos concellos de maior crecemento económico na provincia de Lugo.

Ademais, o municipio segue destacando polo incremento constante da súa poboación, froito dunha xestión eficiente e comprometida co benestar dos seus veciños.

Un dos puntos fortes destes orzamentos é que reflicten a capacidade do Concello para "facermos máis con menos. A pesar de contar cun dos niveis de impostos máis baixos da comarca, a administración local conseguiu manter unhas finanzas saneadas, cunha débeda perfectamente manexable dentro do seu marco orzamentario", explica o alcalde.

Penas de Rodas organiza clases de pandeireta e canto

A Asociación Cultural Penas de Rodas convoca unha nova actividade de pandeireta e canto que se desenvolverá entre os meses de xaneiro e maio. O obxectivo principal desta iniciativa é formar un grupo de cantareiras e cantareiros, aberto a persoas de todas as idades e sen necesidade de contar con experiencia previa. As sesións terán lugar os domingos cada 15 días, cunha duración de dúas horas, de 11:00 a 13:00. A actividade require un grupo mínimo de 5 participantes.

O custo da inscrición será de 15 euros para socios da asociación e 20 euros para non socios. O prazo remata o 15 de decembro.

ZAFIRO TOURS VILALBA

VIAJAR ES AÑADIR *vida* A LA VIDA

Rúa Campo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

Loterías Alcázar desexavos a todos Boas Festas e o máis importante: Boa Saúde.

Da sorte xa nos encargamos nos.

A sorte está en **Loterías Alcázar**
Administración de loterías dende 1927

17 GRANDES PREMIOS NOS ÚLTIMOS 20 ANOS!
GORDO DE NADAL DE 2017 e 2018
TERCEIRO PREMIO NADAL 2019

Rúa da Pravia, 18 - Vilalba 982 510 060

Presentouse REGAPS na primeira Reunión Rede Saúde Local



O salón de plenos de Outeiro de Rei acolleu no mes de novembro a 1ª Reunión Rede Saúde Local, que foi presidida por Begoña Seco Varela, xefa territorial de Sanidade; José Pardo Lombao, alcalde de Outeiro de Rei; Alicia Rama García e Cristina Varela Pernas, responsables de Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte da Rede Galega de Promoción de Saúde (REGAPS). Ademais, estiveron presentes Eva Fernández López, enfermeira pediátrica; Antía Pérez Vázquez, dietista e nutricionista; María Barreiro Domínguez, técnica de prevención de condutas aditivas e traballado-

res do Concello de Outeiro de Rei. Neste encontro, levouse a cabo a presentación da REGAPS, que é unha organización dependente da Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables, que se crea a raíz do Plan Obesidade Zero en Galicia 2022-2030, co fin de potenciar todas aquelas estratexias locais que melloren a saúde da poboación.

O Concello de Outeiro de Rei presentou a proposta de levar a cabo unha axenda saudable, co fin de mellorar necesidades saudables. Tras o desenvolvemento e explica-

ción de propostas, o Concello de Outeiro de Rei chegou a un acordo coa REGAPS de levar a cabo un taller con nutricionista para fomentar unha alimentación saudable.

Decidiuse tamén en consenso a elaboración de un almuerzo saudable unha vez ao mes para todos os nenos do Concello que pasen polo este programa. Agora, van coordinar día e horario para este almuerzo e informárase no colexio de Outeiro de Rei.

Para concluír o acto, fixouse a data da próxima reunión, que terá lugar o luns 13 de xaneiro do 2025 no salón de plenos de Outeiro de Rei.

Convocada unha nova edición do concurso de decoración de Nadal

O Concello convocou o III Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns. A temática será exclusivamente relativa ás festas de Nadal e poderán participar no concurso todos os veciños e veciñas censados neste concello. A decoración deberá estar instalada e en funcionamento antes do 10 de decembro. A inscrición será gratuíta. As persoas participantes terán que enviar dúas fotografías da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico xuventude@concelloouteiroderei.org. As fotos teñen que ser actuais, orixinais e inéditas e non poden conter persoas. Neste mesmo correo deben incluír o Anexo I cos datos persoais e de localización da vivenda.

Premiarase a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo. Haberá dous premios de cen euros, outros dous de 75 e dous máis de 50 euros.

O fallo do xurado farase público

na páxina web do Concello antes do 10 de xaneiro.

PAPANOELADA. O 22 de decembro celebrarase a 1ª Papanoelada organizada polo Moto Club Rábade Biker's, percorrendo os concellos de Outeiro de Rei, Rábade e Begonte. A xornada comezará ás 11:00 horas cunha concentración diante do Concello de Outeiro de Rei, seguida dunha ruta polas parroquias. Ás 13:00 horas está prevista a chegada a Rábade, na Praza de España, onde se realizará unha pausa antes de retomar a marcha.

Entre as 15:30 e as 16:00 horas partirán desde Rábade en dirección a Begonte, facendo unha visita ao Mercado de Nadal que se celebrará nese municipio. O día rematará ás 19:00 horas cunha chocolatada no Campo da Feira de Rábade, onde se dará por concluída esta singular xuntanza. O evento promete ser unha experiencia para os amantes das motos.

PROGRAMACIÓN

NADAL

CONCELLERÍA DE TURISMO, COMERCIO, CULTURA E PROMOCIÓN DA LINGUA

Concurso de escaparates

Do 5 de decembro ao 7 de xaneiro

Sesión vermú con "A Duendeneta"

14 de decembro a partir das 14:00h
Praza da Constitución

Concerto de Nadal

Banda de música de Vilalba
25 de decembro a partir das 20:30h
Auditorio de Vilalba

Día D, Christmas Jazz

4 de xaneiro ás 12:30h
Alameda de Vilalba

Os Monifates

8 de decembro (domingo de feira)
Alameda de Vilalba
12:45h

María Balteira

20 de decembro ás 19:00h
Auditorio de Vilalba

Coral Luar

22 de decembro
12:30h: Praza de Sta. María
13:15: Exteriores Casa da Cultura

Festival de Panxoliñas Corais

4 de xaneiro ás 20:00h
Auditorio de Vilalba

As Concelleiras de Turismo, Comercio, Cultura e Promoción da Lingua Mónica González e María Xosé Fernández deséxanos Felicidade para estas Festas de Nadal.

O Centro de Día convoca un concurso de postais

O Centro de Día de Cospeito organiza o seu primeiro Concurso de Postais de Nadal. Cada participante poderá presentar unha única postal, escollendo entre dúas modalidades para enviala, a entrega presencial, achegándoa directamente ao Centro de Día de Cospeito.

Para que a participación sexa válida, a postal debe incluír o nome completo e o número de teléfono do autor ou autora. A creación deberá ter o formato dunha postal tradicional; non é necesario que o interior estea escrito, xa que só se valorará a imaxe exterior.

A data límite para a entrega será o 16 de decembro de 2024. O día 17 de decembro, as persoas usuarias do Centro de Día realizarán unha votación para escoller a postal gañadora.

A asociación de Pino inicia a programación para este mes

A Asociación de Veciños de San Martiño de Pino presenta a súa programación de Nadal, que comezará o 14 de decembro coa presentación das obras do VI Certame de Poesía Torre de Caldaloba no Museo das Aves.

Xa o día 15 terá lugar unha excursión a Allariz, onde visitarán o museo do Coiro, do Xoguete e da Moda. O 21 terá lugar unha edición de O cine na escola de Pino, coa proxección da película e actividade educativa infantil e o 28 celebrarase o pre-fin de ano no mesmo centro. O día 4 de xaneiro terá lugar a proxección da película *Tadeo Jones* e haberá unha actividade infantil na Escola de Pino.

Arranca unha nova edición do Mercado de Nadal de Muimenta

A Xunta Directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, sigue desenvolvendo actividades, en especial encamiñadas a estas datas de Nadal.

Un ano máis, o Mercado de Nadal de Muimenta, que alcanza a súa décimo sexta edición, que comezou oficialmente onte, 1 de decembro, e rematará o 5 de xaneiro do 2025 (en ámbolos dous días, celébrase a feira mensual da vila).

Participarán un total de 26 negocios (os mesmos que na edición anterior), repartíndose unhas 19.000 rifas entre os clientes, co cal, se manterán o importe dos premios. Os negocios participantes son Asesoría Suliña; Bar Alvariño; Calzados Iglesias; Desexos; Discoteca

Hermo; Docería Anllo; Estación de Servicio Lagas; Estanco José Raúl Rodríguez Vázquez; Farmacia Castaño; Fisioterapia Nancy Maseda; Froitería Novo; Mercería Teresa García; Óptica Filo; Panadería Hermo; Parrillada Bañal; Perruquería Ofelia; Perruquería Raquel; Perruquería Velica; Pienso Germán Naval Lage; Pinturas Lorenzo; Reparacións Agrícolas y Recambios París; Super Setti; Supermercado A Tenda; Talleres Álvaro Engroba; Talleres Morán, Veterinario José Pena.

Os premios serán 19 vales de 100 euros, cada un deles, aos propietarios das papeletas que coincidan cos tres últimos números do primeiro premio da Lotería de Reis, que se celebrará o vindeiro sábado 6 de xaneiro do 2025.



A Moexmu recibe un dos premios ao Desenvolvemento Rural

“Vivir no rural e do rural é posible e merece a pena e, ademais, no rural hai moitas oportunidades”. Así o defendeu a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, durante a súa intervención na entrega dos XV Premios ao Desenvolvemento Rural. Neste evento, María José Gómez trasladou os seus parabéns aos premiados e finalistas destes galardóns e louvou as súas traxectorias que, destacou, “encaixan perfectamente cos valores, a filosofía e os criterios de actuación que promovemos desde a Consellería do Medio Rural”.

En relación directa co sector agrogandeiro, a conselleira reiterou o compromiso da Xunta co aumento da competitividade das explotacións, ao tempo que se mellora o medio ambiente e o medio rural. Unha aposta que, dixo, sosteñen os dous premiados hoxe nesta categoría: A Mostra Exposición de Muimenta (de Cospeito, Lugo), co-

ñecida como Moexmu, que recibiu o primeiro galardón e que constitúe unha das feiras decanas de Galicia, e Enflor Agroecoloxía, como finalista, que fomenta o desenvolvemento da zona na que se atopa e o consumo do produto local dunha forma sustentable e innovadora.

NOVA EDICIÓN. A comisión organizadora da XLI edición da Mostra Exposición de Muimenta, a Moexmu, comezou coas súas reunións de traballo encamiñadas á celebración que terá lugar os vindeiros 4, 5 e 6 de abril do 2025.

As edicións a celebrar son a XLI edición da Mostra Exposición de Muimenta – Moexmu, o XXXIX Concurso de Gando Frisón, a XXXIX Exposición da Gando de Raza Rubia Galega, a XXIX Poxa de Gando Selecto, o XXIV Concurso de xóvenes manexadores, e o IV Concurso de Xóvenes Preparadores de Gando.

PREMIO CALDALOBA



O xurado do VII Certame de Poesía Torre de Caldaloba entregou os premios aos gañadores desta edición. O primeiro corresponden á obra *xVO+*, presentado co pseudónimo Albatros, cuxa autoría é de Francisco Javier Fernández Dávila. O segundo foi para *A vaxteza do nó*, de Rafael Xoán Muñoz Castro.

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

TECNOAGRI
Maquinaria Agrícola Lugo S.L.
DeLaval
Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

“Traballaremos para dispor no futuro dun local na parroquia”

Pablo Alvariño é o presidente da nova asociación de veciños de Vilapene

A Asociación Veciñal de Vilapene organiza a primeira edición da Comida-Festa Santa Lucía 2024, que terá lugar o vindeiro 14 de decembro, a partir das 15:00 horas, no local da antiga Cámara Agraria da Feira do Monte, no concello de Cospeito.

O evento ofrecerá un completo menú composto por sopa, cocido, sobremesa, café e licores. Ademais, haberá unha opción de menú infantil (ata 12 anos) por 15 euros. Os prezos para adultos son de 25 euros para socios e 30 euros para non socios.

A festa estará amenizada con música en directo, coa celebración dunha sesión vermú e unha sesión de tarde, para desfrutar e bailar desde as 14:00 horas.

Esta será sen dúbida a actividade que servirá para a presentación desta nova asociación sobre a que nos fala Pablo Albariño, un dos seus fundadores.

Cando naceu a asociación? Por que é de recente creación, non?

A asociación naceu entre os meses de setembro e outubro deste ano que foi cando un grupo de mozos e

mozas da parroquia nos decidimos a poñela en marcha e comezamos a facer todos os trámites legais necesarios para constituír a asociación.

Como xurdiu a idea?

A idea xa xurdira fai tempo e falárase moitas veces entre a xente da parroquia pero ninguén se decidía a dar o paso.

É a primeira asociación da zona?

Non, de feito eramos unha das poucas parroquias da contorna que non contabamos con asociación veciñal. Por exemplo, as parroquias lindeiras de Seixas e Pino xa fai anos que contan cunha asociación destas características e están a desenvolver unha gran labor nas súas parroquias pois son unhas asociacións moi activas.

Quen forma parte da directiva actual e cantos socios a forman?

A directiva formámola cinco persoas que, independentemente dos cargos, traballamos como iguais en equipo. Eu, Pablo Alvariño Vázquez (presidente), Rocío Parga Rodríguez (secretaria), Adrián Cendán Castiñeira

(vicepresidente), Begoña González Labrada (tesoureira) e Beatriz López Muñiz (vogal). Na actualidade, somos case 120 socios e socias e, como aínda estamos na fase de captación de asociados, confiamos en superar esa cifra debido á gran aceptación que está a ter a iniciativa entre a veciñanza de Vilapene e incluso entre xente doutras parroquias.

Cales queren poñer en marcha nun futuro?

No futuro gustaríanos organizar algunha actividade cultural ou de ocio como algún curso ou algunha viaxe que potencien a unión da veciñanza e dinamicen a vida da parroquia. Somos conscientes que somos unha parroquia pequena polo que tamén colaboraremos coas outras asociacións da contorna para que sexa máis doado organizar actividades.

Hai outros proxectos máis de cara ao futuro?

Si, temos un atrio moi fermoso con castaños centenarios e pechado perimetralmente con árbores que nos gustaría acondicionar pois xa hai moitos anos que non se fai ningún



labor de mantemento e pensamos que é bastante urxente facelo.

Que necesidades teñen?

A principal necesidade que temos é que non dispoñemos dun local propio como sede da asociación e é algo que nos limita bastante á hora de organizar actividades. Polo momento utilizamos un local na Feira do Monte que nos cede o Concello de Cospeito, a quen lle agradecemos enormemente a súa colaboración neste aspecto. Traballaremos para intentar dispor no futuro dun local na parroquia aínda que somos conscientes que é unha tarefa complicada.

Contan con axuda para manter a asociación activa?

Establecemos unha cota de 10 euros ao ano para aquelas persoas que se asocien para que a asociación dispoña de fondos propios e poda organizar actividades. Por outro lado, tamén intentaremos optar ás axudas

das distintas administracións cando sexa o caso. Tamén colaboraremos con outras asociacións da zona para realizar actividades en común.

Como se fai un socio?

Hai que encher un pequeno formulario, que se obtén contactando con calquera membro da directiva, e pagar a cota anual de 10 euros.

Que aceptación están a ter neste inicio?

Moi boa, estamos gratamente sorprendidos e soamente podemos ter palabras de agradecemento á parroquia de Vilapene en xeral, a todas as persoas que se están a facer socios e socias, ás que nos axudaron a poñela en marcha, especialmente á directiva da Asociación Cultural e Deportiva de Árbol (Vilalba), a aquelas outras asociacións que manifestaron a súa intención de colaborar con nós como as Asociacións de Pino e Seixas e ao Concello de Cospeito.

A imaxe de Aroa Rois foi a gañadora do concurso do 25N

O Concello de Cospeito anunciou a imaxe gañadora do III Concurso de Imaxes Contra a Violencia de Xénero, organizado no marco das actividades do 25N, Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero. O premio foi para Aroa Rois Castiñeira, coa obra presentada baixo o lema *Óllate no espello, rompe co machismo*. cun total de 1.572 votos.

A imaxe de Aroa foi enviada o pasado 22 de novembro de 2024 e destacou non só pola súa forza visual e mensaxe, senón tamén pola súa gran acollida nas redes sociais, onde recibiu 307 me gustas na páxina de Facebook do Concello de Cospeito ata as 15:00 horas do día 25 de novembro. O premio económico para a gañadora será de 120 euros.



TREBOADA. O campanario da parroquia de Bestar, en Cospeito, foi destrzado a causa dun raio, unha das incidencias que se sufriron durante unha tormenta que afectou a toda Galicia. O raio penetrou a través do sistema eléctrico e percorreu todo o edificio, queimando todo ao seu paso e facendo esborrallarse o campanario, feito de perpiños, cando explotou. Unha das campás caeu ao chan e a outra quedou suspendida no tellado.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica **TEST** dental

abadín

A Deputación inviste en melloras en dous treitos da estrada LU-P-0106

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo licitou investimentos por máis de 1,1 millóns de euros para continuar mellorando as estradas provinciais, impulsar infraestruturas, servizos públicos e equipamentos en 11 concellos e entidades da provincia.

No que ten que ver coas estradas provinciais, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, informou da licitación de tres proxectos, por máis de medio millón de euros, que beneficiarán de xeito directo

aos concellos de Portomarín, Lugo, O Corgo, Abadín e Vilalba. Entre os concellos de Abadín e Vilalba, a institución provincial acometerá obras en dous treitos da LU-P-0106. Por unha banda os primeiros 600 metros, e por outra o tramo comprendido entre os quilómetros 2,920 e 6,043. "Estas melloras son clave para as comunicacións na comarca chairega", xa que a estrada conecta a vía autonómica LU-113, que vai de Rozas a Abadín, coa Nacional 634.

O PP considera confusa a sinalización do desvío automático na A8

Os senadores do PP lucense, José Manuel Balseiro, José Manuel Barreiro e Juan Serrano advirten que "o Goberno de Sánchez contradí unha sentenza do Xulgado nº1 de Lugo que considera confusa a sinalización do sistema de desvío automático cando hai néboa na autovía A-8 e pecha ao tráfico o tramo entre Abadín e Mondoñedo".

O Goberno de España argumenta en resposta oficial ante as preguntas dos representantes do PP lucense no Senado que "é axeitada porque só o 0,8% dos condutores incumpriron entre o 15 de decembro de 2016 e o 31 de agosto de 2022- o semáforo

en vermello que obriga ao desvío". Ao respecto, Balseiro cre que "un só vehículo que circule nesa situación xa supón un perigo para a seguridade viaria". A propia DGT informaba que 76 condutores foron detectados entre 2017 e 2021 desprazándose en sentido contrario neste tramo. Condena, ademais, que "o Executivo non aclare se vai tomar medidas ou non para mellorar a sinalización para evitar que os automobilistas cometan erros"; a pesar de que "o radar da A-8 á altura do Fiouco é un dos que máis multa en Galicia e España" alcanzando en tres anos a cifra de preto de 50.000 sancións (49.923).

Os Bolechas e os Reis Magos estarán en Abadín este mes de xaneiro

Abadín contará como o ano pasado coa actuación dos Bolechas dentro do seu programa de Nadal, que presentan o seu espectáculo Cantares de Reis. Será na casa do Concello o día 2 de xaneiro ás 17.30 horas.

Pero o prato forte da programación de Nadal será a visita dos Reis Magos. A primeira parada da comitiva será no centro de día, onde visitarán aos maiores, aos que entregarán un agasallo, como fan todos os anos.

Unha vez rematada esta visita, sobre as 16.30, achegaranse ata o Concello para facer a recepción oficial de todos os pequenos, aos que entregarán o seu agasallo e tamén recollerán peticións para entregar durante



a noite nos fogares.

A cabalgata é xa unha tradición en Abadín, xa que todos os pequenos empadroados reciben un agasallo nesta tarde tan especial.

CENTENARIA

En Tivián, Labrada, celebráronse os 100 anos de María Antonia Carracedo Coira. O alcalde, José María López Rancaño, acompañado polos concelleiros Begoña, Germán e Ramón, así como pola traballadora social Cristina, participou nun emotivo acto de homenaxe para agradecer e recoñecer a traxectoria desta muller centenaria. Entregáronse agasallos, unha placa de prata e un ramo de flores, e mostras de afecto para celebrar un século de vivencias e aprendizaxes. "María Antonia é un exemplo vivo do que significa formar parte da nosa comunidade", declarou o alcalde durante o evento.



A biblioteca convoca o concurso de poesía infantil de Nadal

A Biblioteca convoca de novo este ano o Certame de Poesía Infantil Nadal 2024, organizado polas bibliotecas locais nunha primeira fase. Poderán participar nenos dende pequenos e ata 16 anos distribuídos en tres categorías. Na A estarán os que teñan ata 8 anos; na B os de 9 a 11 anos e na C os de 12 a 16 anos.

Os nenos e nenas seleccionados recibirán cadanseu diploma e lote de libros, amais participarán na fase provincial. O tema do concurso é o Nadal e a peza non pode exceder dun folio tendo que ser en galego. O prazo de presentación é ata o 20 de decembro. Para obter máis información sobre o certame, pode acudir á biblioteca en horario de 15.00 a 21.00 de luns a xoves e o venres de 8.30 a 14.30 horas.

Cabreiros celebrará un obradoiro de elaboración de queixos o día 19

O xoves 19 de decembro, de 16:00 a 18:30 horas, terá lugar un obradoiro de elaboración de queixos na Casa-Escola de Cabreiros. A actividade está organizada pola ONG Ecos do Sur e será impartida pola Queixería Biscato, ofrecendo unha oportunidade única para aprender o proceso artesanal deste produto.

O evento está aberto a todas as persoas interesadas, con dispoñibilidade de 10 prazas, que se asignarán por orde de inscrición. O prazo para anotarse remata o 16 de decembro. Para máis información, pódese contactar coa organización.

BOSCH Service

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

HUSQVINA Bosque y Jardín CARLOS

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

MOBELRIAS

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE



Arranca o Nadal co acendido do alumeado

O Concello de Xermade anunciou unha completa programación para festexar o Nadal, que se estenderá desde o 5 de decembro ata o 5 de xaneiro. As celebracións darán comezo estes xoves co tradicional acendido das luces de Nadal na Praza do Concello ás 20:00 horas, acompañadas de chocolate quente e biscoitos para a veciñanza. O día 23, organizouse unha visita a Xuvenilugo, con saída desde a Praza do Concello ás 15:30 horas, unha actividade con prazas limitadas que require inscrición previa no teléfono 678 744 178.

O 24 de decembro, Papá Noel visitará Xermade ás 17:00 horas na Unidade de Atención Temperá, situada na antiga Casa do Médico, onde os máis pequenos poderán vivir a maxia do Nadal. A programación continúa o 27 de decembro coa representación do espectáculo circense A verdadeira historia de Hamelín na Nave de Momán ás 17:30 horas, dirixido a público familiar.

Xa en xaneiro, o día 3, terá lugar Circanela, un espectáculo que combina circo, danza e acrobacias na Escola Habaneira de Roupar, tamén

ás 17:30 horas. Finalmente, o 5 de xaneiro, véspera de Reis, Xermade recibirá ás súas Maxestades os Reis Magos no Pavillón Municipal a partir das 16:00 horas, nun acto cheo de ilusión para todas as familias.

CONCURSO. Continúa este ano o concurso de decoración de Nadal. Nesta quinta edición establécense dúas grandes categorías, a de vivendas por un lado e a de negocios pola outra. Na primeira, para particulares, haberá diferentes premios, ao mellor árbore de nadal, ao mellor nacemento, á mellor decoración interior e á mellor decoración exterior.

Na segunda categoría, exclusiva para negocios, só haberá un premio para a decoración xeral do mesmo.

Os interesados en participar neste segundo concurso poden inscribirse no 678 744 178 ou no correo educadora.familiar@xermade.org antes do 19 de decembro.

O premio en cada unha das cinco categorías será unha cesta valorada en 130 euros conformada por produtos de alimentación e un vale para carburante.

A Xunta dá Luz verde á renovación do parque eólico de Sotavento

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, vén de emitir unha declaración de impacto ambiental favorable para o proxecto de renovación do parque eólico Sotavento, situado nos municipios de Monfero e Xermade. O proxecto, considerado viable desde o punto de vista ambiental, busca modernizar esta infraestrutura en funcionamento desde o ano 2001.

Actualmente, o parque conta con 25 aerogeradores, dos cales se desmantelarán 6 de menor potencia (3.440 kW en total) para ser substituídos por 2 novos aerogeradores máis eficientes e de maior potencia unitaria, alcanzando un total de 8.400 kW. Estes novos equipos, ademais de contar con tecnoloxía máis avanzada, tamén terán unha maior altura.

Un dos puntos clave do proxec-

to é a súa atención ao impacto ambiental na Rede Natura 2000. Segundo o estudo presentado, os 3 aerogeradores situados na zona de especial conservación das Fragas do Eume serán desmontados. Os novos equipos quedarán fóra desta área protexida, garantindo así un menor impacto sobre o ecosistema.

Con esta renovación, o parque contará cun total de 21 aerogeradores e incrementará a súa potencia instalada ata os 22.620 kW. A execución do proxecto está prevista nun prazo estimado de seis meses e medio.

O parque eólico Sotavento, coñecido polo seu carácter experimental, continuará exercendo o seu labor como centro de divulgación e promoción das enerxías renovables, afianzándose como un referente no fomento da sustentabilidade en Galicia.

Celebran o Día da Restauración da Memoria Lingüística

O martes 17, ás 11:00 horas, terá lugar no cemiterio de San Mamede de Momán, un acto conmemorativo polo Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia, promovido pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, en colaboración coa UNED Sénior da Coruña, Concello e Xunta. Colocarase unha placa na porta do cemiterio en homenaxe ás persoas falecidas, substituindo unha antiga lápida en castelán por unha nova en galego. Este novo epitafio estará dedicado a Don Jesús Paz Paz, coñecido como Suso O Panadeiro, destacado defensor da Feira de Momán e impulsor do grupo Novas estrelas.

O acto contará coa participación de Cristina Varela García (Irmandade Xurídica Galega), Luis Ángel Rodríguez Patiño (párroco e coordinador da UNED Sénior), Verónica Amarelo Morado (concelleira de Cultura), Roberto García Pernas (alcalde) e Lucía Paz Calvo, filla do homenaxeado.

Para pechar a xornada, haberá unha actuación musical a cargo da Aula de Música da UNED Sénior.

XORNADA DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS

A Universidade de Vigo convidou ao Concello de Xermade a expoñer a súa experiencia na constitución dunha comunidade enerxética local, nunhas xornadas organizadas polo Observatorio Eólico de Galicia. O Concello presentou a súa iniciativa XERando, que conta co financiamento da Fegamp a través do proxecto CEL RURAL para unha instalación fotovoltaica que estará executada antes de fin de ano.





Premian as unidades didácticas de segadores e ferreiros de Órrea

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea vén de recibir un dos Premios Educacompostela, que convocan o Concello de Santiago e o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega. Os premios foron creados para recoñecer materiais didácticos que contribúen ao desenvolvemento educativo de Galicia, favorecendo a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica e, neste caso recoñecen especialmente dúas unidades didácticas, sobre os ferreiros e sobre os segadores da Terra de Miranda, elaboradas ao mesmo tempo que o exitoso documental Segadores da Órrea en terras de Castela, unha historia de heroes. A referida Asociación da Órrea é a promotora de todas estas iniciativas.

O documental conta coa participación de 29 homes que participaron na sega en Castela, fenómeno este que se deu por rematado avanzada a década dos 60 do pasado século. Participan nel tamén 2 mulleres, que ofrecen a visión dos/das que se quedaban, e recibiu o recoñe-

mento unánime das máis de 2.000 persoas que o levan visto ao longo de toda a xeografía galega, tamén nos centros escolares.

Precisamente, para achegar esta parte da historia ao alumnado das etapas obrigatorias, profesionais da educación da parroquia da Órrea, agrupados baixo o nome de Os da Tiza, elaboraron unha unidade didáctica sobre os segadores e sobre todo o fenómeno histórico, cultural, antropolóxico e social que se creou arredor deles. Paralelamente, a educadora riotortense Paz López Teijo elaborou unha segunda unidade didáctica, neste caso centrada nos ferreiros e na industria do ferro. É obvio indicar que os segadores non poderían ter desenvolvido o seu traballo sen os ferreiros, e viceversa. Estas dúas unidades didácticas foron as que recibiron o premio entregado na Casa do Concello de Santiago.

A Asociación veciñal de Santa Comba da Órrea estivo representada no evento por Mariluz Iglesias e Rebeca Fernández, dúas mestras que formaron parte do proxecto.

Comezan as obras de construción da residencia de maiores

Deron comezo as obras de construción da nova residencia de maiores de Riotorto, que se iniciaron co movemento de terras.

Esta residencia supón un dos investimentos máis importantes en infraestruturas sociais da localidade, xa que terá un orzamento total de 1.768.930,24 euros e será financiado cos Fondos europeos Next Generation, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A nova residencia de maiores contará con 37 prazas, con instalacións deseñadas para garantir unha contorna cómoda e adaptada ás necesidades das persoas da terceira idade. A obra será executada conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel Eduardo López Vázquez e a enxeñeira de camiños, canles e portos Belinda Yepes Jiménez, quen traballou no desenvolvemento das especificacións técnicas para o



edificio. O orzamento é de 1.768.930,24 euros, e o prazo máximo de execución de 13 meses.

edifício. O orzamento é de 1.768.930,24 euros, e o prazo máximo de execución de 13 meses.

AXENDA DE ACTIVIDADES

CENTROS SOCIAIS. O día 18 de decembro, mércores, o Concello organiza unha comida de Nadal especialmente dirixida a todos aqueles que participan nas actividades dos centros sociais. O menú consta de fabada asturiana, codillo ao forno con patacas fritas, tarta de Riotorto e café. O prezo é de 25 euros por persoa e terá lugar no centro sociocultural servida polo mesón O Sarredo a partir das 14.30 horas. Os interesados en inscribirse poden facelo nos propios centros sociais ou no Concello antes do 15 de decembro. Terán preferencia as persoas inscritas nas actividades dos centros veciñais. A xornada contará coa actuación do dúo Dilema.

FIN DE ANO. O Concello organiza un baile de fin de ano para todos os veciños. Así, a partir das 1.00 horas do día 1 de xaneiro 2025, a Casa da Cultura acollera o festivo baile. A entrada é de balde e haberá servizo de bar. A festa estará amenizada polo dúo Estrellas. A partir das 05.30 horas os asistentes poderán degustar un chocolate con churros.

FESTA DA COCHA. Órrea celebra osábado 28 as coñecidas Festas da Cocha, que poñen fin ao ano. As celebracións darán comezo o 28 cunha misa ás 12.00 horas na honra a Santa Comba e San Silvestre para rematar cunha sesión vermú a cargo do dúo Venus. Ás 23.00 horas

será a verbena, co mesmo grupo e, á media noite, haberá chocolatada.

NADAL. A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea organiza o tradicional acendido das luces de Nadal, que terá lugar o 15 de decembro de 2024 ás 18:00 horas no local social A Travesa. O evento contará cunha merenda gratuíta para todos os asistentes, así como co sorteo dunha cesta de Nadal. Baixo o lema *A túa presenza marca a diferenza, únete?*, a organización anima a veciños e visitantes a participar nesta celebración comunitaria que marca o inicio das festividades do Nadal. A actividade é aberta e de balde.

¡NADAL MEIREGO!

PROGRAMACIÓN

SÁBADO 14: 18:00H 127 ANIVERSARIO AVELINO DÍAZ O CENTRO CHARLA EBAH CABRAL. PRESENTACIÓN DO DOCUMENTAL "A VOZ DO POBRO" (SERIAL PARADO FONOLÓXICO)	DOMINGO 15: 18:00H GALA BENÉFICA DA ANPA DO IES CASA DA CULTURA. HOMENAXE AL MONARCA DO 10 ANOS-SANTO AFONSO LANTADO. O RELACIONADO DOMARO A NÓVO	DOMINGO 21: 20:30H CONCERTO DE NADAL DA BANDA DE MÚSICA DE MEIRA. CASA DA CULTURA
SÁBADO 21: 21:00H CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE MEIRA. CASA DA CULTURA	DOMINGO 22: 13:00H FESTIVAL DE CORAIS MISA CANTADA E CONCERTO. IGREJA DE MEIRA	MÉRCORES 1: 13:00H (DEPOIS DAS SADALAGAS) CONCERTO "SÁLVESE QUIEN PUEDA" O CENTRO.
DOMINGO 22: DE 11:00 A 14:00H RASTRILLO BENÉFICO. DURANTE A FERIA. PORTA DA HERBA. A RECOLLECCIÓN DESTINARÁN AOS MANTENEDORES POLA DUNA	SÁBADO 23: 12:00 E 14:30H HOMENAXE A XOSE DA FLOIR. PARTIDO DE FÓTBOL NO CAMPO DA LOMBA E XANTAR EN CASA GRUPOURS.	SÁBADO 4: 18:00H E 20:00H CONCERTO ABRAHAM CUPPEIRO "UNHA NOITE DE INVERNO" IGREJA DE MEIRA. ENTRADA É VERBA NA OFICINA DE TURISMO.
SÁBADO 28: 18:30 E 20:00H 10 ANOS DE CASTELMÁ ESTRIBO. "NOITE DE NUNCA E CONTIGO" CON QUICO CABRAL. CASA DA CULTURA.	SÁBADO 28: MAÑÁ E TARDE. TORNEO DE 3X3 INFANTIL, CADETE E SENIOR. PAVILLÓN DE DEPORTES	DOMINGO 5: 17:00H CÁBALGATA DE 3ES. BENDE A PRAZA DO EDIFICIO O ÁREA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES.
		SÁBADO 11: NOITE. "PREFRO CONDENARME" DE MARGARITA LEDO (CINE). CASA DA CULTURA.

ORGANIZAN: **MEIRA** E ASOCIACIÓNS MEIREGAS E DISEÑANVOS **¡BO NADAL!**

Antonio de Dios Álvarez, alcalde do Excmo. Concello de Meira, a Corporación Municipal e os/as empregados/as municipais deséxanlles:

Que o Nadal ilumine os teus soños

Postal galega de aniversario de postal de Nadal en Meira 2024

BOAS FESTAS E FELIZ 2025

Arranca a programación de Nadal

O Concello de Meira presenta a súa programación de Nadal cunha ampla oferta de actividades culturais, solidarias e deportivas que terán lugar ao longo de varias semanas. As celebracións comezan o sábado 14 de decembro ás 18:00 horas, cun acto conmemorativo polo 127 aniversario de Avelino Díaz, no local Centro de Meira a partir das 18:00 horas.

A programación inclúe unha charla a cargo do investigador César Camoira Vega, titulada *Avelino Díaz, o sabio silandeiro da Órrea e de Meira*, onde se abordará a relevancia da súa oratoria e legado.

Ás 19:00 horas, proxectarase o documental *A voz do pobo*, realizado pola Asociación de Veciños e Veciñas de Fonmiñá, seguido dun debate arredor do contido do filme.

O acto será presentado por Ana Jartín Abreira e Nieves Pérez Andiñ, nun evento organizado pola Asociación Cultural Avelino Díaz e co apoio do Concello de Meira.

O domingo 15 ás 18:00 horas, a Casa da Cultura acollerá a gala benéfica organizada pola ANPA do IES, con entrada gratuíta para menores de 12 anos e recadación destinada

a doazóns de alimentos. A programación continúa o sábado 21 ás 21:00 horas co concerto de Nadal da Escola de Música de Meira na Casa da Cultura.

O domingo 22 estará marcado por dous eventos: ás 13:00 horas celebrárase o festival de corais cunha misa cantada e concerto na igrexa de Meira, e de 11:00 a 14:00 horas terá lugar un rastrillo benéfico na porta da igrexa, cuxa recadación destinarase aos afectados pola dana.

O sábado 28 comezará ás 12:00 horas coa homenaxe a Xosé da Flor, que incluírá un partido de fútbol no campo da Lama e un xantar na Casa de Xosé O Leiro. Durante a tarde e noite dese mesmo día, celebrárase o torneo de baloncesto 3x3 no pavillón de deportes e a representación teatral *O auto de Castromil*, con Quico Cadaval, na Casa da Cultura.

A programación continúa o domingo 29 ás 20:30 horas co concerto de Nadal da Banda de Música de Meira na Casa da Cultura. Xa no ano novo, o mércores 1 de xaneiro terá lugar o concerto *Sálvese quen poida* no centro, inmediatamente despois das badaladas. O sábado 4 de xaneiro ofreceranse dous concertos



de Abraham Cupeiro, ás 18:00 e ás 20:00 horas na igrexa de Meira, con entradas dispoñibles na oficina de turismo.

O domingo 5 de xaneiro, a tradicional cabalgata de Reis sairá ás 17:00 horas desde a Praza do Concello ata o pavillón municipal de deportes. Por último, o sábado 11 de xaneiro, a Casa da Cultura acollerá a obra teatral *Prefiro que me condenen* de Margarita Ledo.

A estrela do Nadal será novamente o belén vivente que se celebra o día de Nadal e o de Reis a cargo dos rapaces do colexio.



Escollida a postal coa que se felicita aos meirenses

O Concello de Meira, en colaboración coas Asociacións Meiregas, puxo en marcha o primeiro Concurso de Postais de Nadal, unha iniciativa aberta a participantes de todas as idades. O obxectivo era deseñar unha postal orixinal e creativa que se converterá na felicitación oficial do Concello para estas festas.

Esta xa foi escollida, obra de Rosalía, e entregado o premio durante a in-

auguración da decoración de Nadal así como o acendido do alumeados no concello de Meira. Neste acto houbo un Concerto de Panxoliñas e as postais participantes quedaron expostas no local Centro.

A posta está á disposición da veciñanza na Oficina de Turismo. Pódense levar postais de balde para felicitar o Nadal cun máximo 5 por persoa.

RAZA GALIÑA DE MOS, A AUTÉNTICA!!!



pol

O Goberno local mellora o acceso ao núcleo de Trasin

O Concello de Pol acaba de acometer unha importante obra no acceso a Trasin, na parroquia de Luaces. Gran parte da mellora foi acometida co parque móbil municipal utilizando tanto a pa retroexcavadora como camións.

As obras consistiron fundamentalmente na ampliación do ancho da vía. Estes traballos resultaron complexos xa que a orografía presentaba un importante desnivel. Para solucionalo, o Concello picou unha parede de pedra de grandes dimensións. Con este movemento de terras conseguíuse ampliar en máis de metro e medio o ancho da calzada. Posteriormente revestíuse a zona de rodadura con grixo. Fontes municipais trasladan que de cara ao verán, e unha vez compactado correctamente o terreo, a idea é realizar unha capa de asfalto.

Esta obra permite maximizar a viabilidade das explotacións as que da acceso, xa que ata a data, vehículos de grandes dimensións como maquinaria agrícola ou camións case non podían acceder e manobrar. O pavillón municipal estará en obras durante a tempada.

A administración local investirá preto de 300.000 euros na mellor da instalación deportiva cuberta. As obras acometidas afectan tanto aos cerramentos do pavillón, así como as gradas, vestiarios e a propia pista de xogo.

Por unha banda realizaranse obras de accesibilidade, rebaixando o terreo de xogo aproximadamente un metro e poñendo a nivel. Logo de ese rebaixe ampliarase a pista de xogo en torno a dous metros de ancho e máis de cinco de longo. O alcalde, Lino Rodríguez, asegura que con esta inversión as dimensións da pista pasan a ser as reglamentarias, permitindo acoller un maior número de competicións, tanto de baloncesto como de fútbol sala ou outras modalidades



des deportivas. Tamén aumenta o espazo libre entre a pista e os cerramentos, facendo esta máis segura. A pista nun primeiro momento realizarase en formigón pulido, se ven, desde o concello propoñen que, se tiveran futuros fondos, o ideal sería realizar un acabado en vinilo ou outro material deportivo.

Finalmente as reformas afectarán a zona de gradas onde se espera que podan sentarse 200 persoas así coma aos vestiarios. Prevese que estean executadas para fins de xuño ou principios de xullo, con vistas a poder acoller o Campus Quintela entre outras actividades.

Mulleres Rurais farán a Cabalgata de Reis na tarde do 4

A Asociación Mulleres Rurais Olvido de Pol, xunto ao Concello, volverá ocuparse de celebrar a cabalgata de Rei. Dende a directiva confirmaron que se seguirá co modelo tradicional que tanto éxito ten todos os anos. En principio e ante a coincidencia en domingo estudan facela o día 4, ás 16.00 horas, coa súa chegada á praza do Concello, para pasar despois á recepción oficial e a parte máis esperada, a entrega de agasallos aos pequenos do municipio.

O comercio local repartirá premios cada día durante o Nadal

O Concello de Guitiriz, en colaboración cos empresarios do municipio, repartirá este ano varios premios cada día de luns a venres e un vale de 500 euros na súa campaña de promoción do comercio local polo Nadal.

A campaña consiste no reparto de varios premios diarios, que serán entregados de luns a venres polos comercios participantes desde o 19 de decembro ata o 3 de xaneiro. Posteriormente, o Día de Reis haberá un premio especial dun vale de 500 euros para gastar nos comercios de Guitiriz. As persoas gañadoras serán aquelas que a súa papeleta coincida cos catro últimos números do sorteo de varios premios diarios do cupón da ONCE, agás no último premio, cuxo gañador ou gañadora será a persoa que teña a papeleta que coincida cos

catro últimos números do sorteo Del Niño da Lotería Nacional.

Cada comercio elixirá o regalo e fará a entrega do mesmo á persoa gañadora. Os 38 establecementos participantes repartirán as rifas para os sorteos e estableceranse quendas para determinar que comercios sortearán cada día, que serán publicadas nas redes sociais do Concello.

A persoa gañadora do vale de 500 euros terá que gastalos nun mesmo día en diferentes comercios do Concello de Guitiriz antes do 31 de xaneiro de 2025, tendo que facer mínimo unha compra en Parga.

Na iniciativa participan empresas de distinta índole: desde comercios de roupa, alimentación, ferreterías, salóns de peiteados, tendas de fotografía etc.

A Aula CeMIT acolle un campamento dixital

A Aula CeMIT acollerá un campamento dixital para a mocidade o mes de xaneiro. Trátase dunha actividade organizada en colaboración coa Fundación Cibervoluntarios sobre competencias dixitais.

Será os días 2, 3 e 4 de xaneiro en horario de 10:00 a 14:00 horas e terá contidos e actividades adaptados para cada idade, con aventuras, misións e retos adaptados á cativada. En cada aventura, os participantes irán adquirindo novas competencias para utilizar a Internet e as ferramentas dixitais de xeito útil, creativo, seguro e responsable.

Neste campamento dixital poderán participar os rapaces e rapazas de 9

a 11 anos de idade, así como aqueles nenos e nenas que teñan 8 anos e que cumpran os 9 no vindeiro 2025. Para participar é preciso realizar unha inscrición previa, que se pode formalizar no correo electrónico ce-mit.guitiriz@xunta.gal e no número de teléfono 982 37 00 62, onde tamén se pode solicitar máis información. É preciso un mínimo de 15 participantes.

Nesta actividade, aprenderán a buscar información de valor na Internet, coñecerán as ferramentas para crear contido dixital, consellos para controlar o tempo fronte ás pantallas ou a detectar e previr situacións de ciberacoso, entre outros aspectos.



Estrean a segunda pista de pádel construída na nave do Senpa

O Concello de Guitiriz instalou unha segunda pista de pádel na antiga nave do Senpa, onde xa se fixera unha no pasado 2021. Esta segunda pista fíxose seguindo a liña da primeira e atendendo á alta demanda que estaba tendo, polo que se decidiu aproveitar o espazo e utilizar estas instalacións, que ao ser cubertas permiten o seu uso durante todo o ano.

Investíronse arredor de 80.000 euros no acondicionamento da nave, concretamente das paredes e do chan, e na colocación desta segunda pista de pádel, que permitirá dobrar a oferta para a práctica deste deporte, moi demandado hoxe en día no concello.

Ademais, instalouse un sistema de reservas automatizado a través dunha aplicación, chamada ReservaPlay e que xa está dispoñible para as dúas



pistas. Para utilizar esta aplicación é preciso estar rexistrado. Nun futuro, este mesmo sistema servirá tamén para realizar reservas para as mesas de tenis de mesa e para o pequeno ximnasio situado nas instalacións. Para a posta en marcha desta pista, o Concello de Guitiriz tamén anunciou a creación dunha Liga de Pádel

municipal no 2025, aínda que esta iniciativa terá continuidade nos vindeiros anos.

Esta primeira edición dará comezo o próximo 6 de xaneiro e rematará o 31 de maio. As inscricións estarán abertas ata o 29 de decembro e poderanse formalizar a través da citada aplicación.

O Pleno insta á Xunta a acabar “co deterioro dos servizos públicos”

O Concello de Guitiriz insta á Xunta de Galicia a que poña fin ao deterioro dos servizos públicos que vén sufrindo o municipio desde hai un tempo. Faino a través dunha moción presentada onte, xoves 28 de novembro, en pleno polo Partido Socialista e que foi aprobada unanimidade por todos os grupos da corporación.

Segundo recolle o texto, “desde o ano 2020 a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, vén recortando de xeito continuado os servizos sanitarios que corresponden ó Concello de Guitiriz”, explicando que se pasou de ter “cinco facultativos repartidos entre o Centro de Saúde de Guitiriz e o Consultorio de Parga, a contar na actualidade con destino efectivo en Guitiriz con dous facultativos”.

Así, sinálase que no Consultorio de Parga pasouse de ter “dous facultativos todos os días có Servizo de Enfermería correspondente a ter só un facultativo de luns a xoves”. E, por outro lado, indicase que “no Centro de Saúde de Guitiriz actualmente só queda un dos tres médicos que atendían na zona, xa que non se cubriu a última xubilación, ao que hai que sumar que un dos facultativos de Parga tamén deixará o servizo por obter unha praza noutra localización. Ademais, o servizo de pediatría leva sen cubrirse na práctica neste ano 2024, afectando aos 510 neno”.

A moción do grupo socialista tamén apunta á situación dos centros de ensinanza de Guitiriz, puntualizando que desde o inicio do curso escolar, o “Centro Educativo CEIP Lagostelle todas as semanas ve minguada a súa

actividade e funcionamento pola falta de substitución de persoal imprescindible”, como é o caso da cociñeira ou da coidadora.

A isto hai que sumarlle os problemas co transporte escolar, que desde que deixou de ser xestionado pola Consellería de Educación “todos os comezos de curso xera que moitas familias vexan cambiadas as paradas as que deben acudir por cambiar de primaria a secundaria (educación obrigatoria)”.

Por todos estes motivos, o Concello insta á Xunta, a que poña os recursos económicos necesarios, xa que dispón deles, para dotar ó municipio dos Servizos Públicos que necesita e que ten dereito. En canto ó CEIP Lagostelle, que se cubran as ausencias, baixas e outros permisos que solicitan os traballadores.

A Deputación aproba un investimento para a mellora de vías rurais

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres acordos e contratacións que servirán para ofrecer máis e mellores servizos á veciñanza por un investimento de case 2 millóns de euros.

En Guitiriz, a Deputación colaborará con 143.000 euros para unha decena de actuacións.

Mellorar a drenaxe e camiños nas parroquias de Roca, Buriz e Becín; acondicionar o espazo destinado a almacén no campo de fútbol de Suso de Cruz ou mellorar a explanada destinada a aparcamento no de Noreña Basanta en Parga son algunhas das obras que abordaremos con ese investimento.

EN BREVE



AEEC. A Asociación Española Contra o Cancro (AEEC) inaugurou o local que foi legado por Xosé Luís Campo Ansele e que está situado en avenida de Lugo, nº 9. Este acto serviu tamén para lembrar e recoñecer “a xenerosidade e o espírito altruísta” desta figura destacada de Guitiriz. O evento contou coa presenza de familiares do finado, representantes da AEEC de Lugo, do Concello de Guitiriz, así como de entidades como Xermolos, Cáritas e a asociación de fútbol local, xunto cos membros da Xunta Local de Guitiriz.



PARCHÍS. A Biblioteca Municipal acolleu o II Torneo de Parchís do Concello de Guitiriz. Noel acadou o primeiro posto, seguido de Lucía, Roberto e Luis, que obtiveron a segunda, terceira e cuarta clasificación respectivamente.



- **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRURXÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS
 - **ECOGRAFÍA**
 - **TRATAMIENTOS CON LASER**
 - **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**
 - **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS
- R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO
DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

Obradoiros de Nadal e a Festa de Pre Finde conforman o programa

A programación de Nadal 2024 inclúe actividades para todas as idades e comezaron xa pero que teñen o prato principal este mes. con varios talleres de manualidades: o 17 en San Martiño de Corbelle, o 19 no teleclub de Bretoña e o 20 nas escolas de San Cosme de Piñeiro e no teleclub de Rigueira, todos en horario de 16:00 a 19:00 horas. O día 21 está prevista a visita de Papá Noel, que chegará á Praza do Concello ás 16:15 horas. Desde alí desprazarase á antiga ladrilleira, onde estará instalada a Lilicleta discomóvil e se ofrecerá unha merenda gratuíta para os máis pequenos.

O 23 organizarase unha saída a Xuvenilugo, ás 15:15 horas e regreso ás 20:45. O 26, ás 16:30 horas, representarase a obra *O axudante de Nadal* no teleclub de Bretoña, mentres que o día 28 ás 17:00 horas terá lugar unha sesión de Kamishibai de Nadal no salón de actos do Concello.

En xaneiro, a programación inclúe a actividade *A loca academia de maxia*, que se levará a cabo o día 2 ás 17:00 horas no teleclub de Bretoña. O 5 pecharanse as festividades coa tradicional cabalgata de Reis. As súas maxestades visitarán ás 11:30 a residencia Fundación San Rosendo, e ás 16:30 saudarán dende o balcón do Concello, continuando cun pasarrúas ata o local social da antiga ladrilleira. A cabalgata incluirá a

entrega de agasallos a cada neno e nena, un roscón con chocolate para os asistentes ás 17:30 e unha sesión de baile con música disco ás 18:30 horas.

Esta programación está organizada polo Concello da Pastoriza en colaboración coas asociacións locais

PRE-FINDE. A Pastoriza celebrará o Pre-Finde o 28 de decembro no local veciñal, situado na antiga ladrilleira, cunha programación que combina gastronomía, actividade física e música. O evento, organizado pola asociación Asapa en colaboración co Concello da Pastoriza, comezará ás 21:00 horas coa apertura de portas. As 50 primeiras persoas en chegar recibirán un boleto para participar nun sorteo que terá lugar despois das tradicionais uvas. Ás 21:45 horas ofreceranse pinchos gratuítos para os asistentes, aínda que a bebida non estará incluída. A continuación, ás 22:30 horas, terá lugar unha exhibición de zumba a cargo do grupo "As Resilientes", que animará a velada con movemento e enerxía.

Xa á medianoite, celebrarase a peculiar tradición das badaladas pre-finde, marcando simbolicamente a chegada do novo ano. O evento concluirá coa actuación musical do dúo Estrellas, que poñerá o broche final á noite. Ademais, contarase cun *photocall* para que os asistentes poidan inmortalizar os seus momentos no evento.

A Xunta financiará o proxecto para a residencia e centro de día

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, mantivo unha xuntanza co alcalde do concello da Pastoriza, Darío Cabaneiro, no que lle avanzou que a Xunta de Galicia financiará a redacción do proxecto para a construción dunha residencia e dun centro de día municipal na localidade.

O complexo contará con 40 prazas para atención diúrna e unhas 16 de carácter residencial para maiores cunha situación de dependencia recoñecida, sumando así 56 novas prazas a este municipio para a atención a persoas maiores con dependencia.

A conselleira de Política Social e



Igualdade xa coñecera este proxecto tan demandado nesta localidade da Terra Chá nunha xuntanza previa co alcalde, Darío Cabaneiro, e o tenente de alcalde, Marcos García.

Neste encontro, trasladáronlle a Fabiola García a intención de situar este novo complexo nunha zona céntrica da localidade, próximo á casa consistorial.

Iria Álvarez gaña o concurso local de imaxes contra a violencia

O debuxo de Iria Álvarez Díaz, co lema *NON máis golpes, NON máis silencio*, foi o gañador do II Concurso de Imaxes ou Debuxos contra a Violencia de Xénero do Concello da Pastoriza, tras recibir un total de 442 me gusta.

O certame, organizado como parte das actividades do 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, contou cunha ampla participación e mostrou o compromiso da comunidade na loita contra esta lacra social.

A organización quixo expresar o seu agradecemento a todas as persoas que participaron no concurso, destacando a calidade e



o significado das propostas presentadas. "Millóns de grazas por participar a todos", sinalaron os organizadores.

A biblioteca convoca o concurso de poesía e tarxetas de Nadal

O Concello da Pastoriza lanza unha nova edición do tradicional Concurso de Poesía e Tarxetas de Nadal. A iniciativa, organizada pola Biblioteca Pública Municipal, contará co tema central do Nadal. O certame está dirixido a nenos e nenas ata os 16 anos, divididos en tres categorías.

Os participantes poden presentar cantos traballos desexen, tanto poemas en galego como tarxetas, estas últimas en formato 21x15 cm. Os textos deben ter unha extensión máxima dun folio.

O prazo para entregar os traballos remata o 20 de decembro de 2024. Seleccionarase un máximo de tres obras por modalidade e categoría.

REMATEXPRESS
Liquidaciones Warehouse

LIQUIDACIONES

amazon
TEMU
AliExpress
SHEIN

PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO
Y SABOREA
NUESTRA CARTA
BACIONES
REVUELTOS DE BARRIL
ALCO
PICAR
HAMBURGUESAS
FRESAS DE VERANO
ENSALADAS
PASTAS
CON SALSAS VARIADAS
RAXO
PATATAS
SABOREAR
TORTILLAS
NUESTROS DELICIOSOS
COMPARTIR TAPAS

INVESTIMENTOS DA DEPUTACIÓN

Un millón de euros para a granxa de porco celta

José Tomé anuncia que se licitará antes de final de ano a súa construción na finca Gayoso Castro

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, vén de anunciar que a institución provincial licitará antes de final de ano a construción da granxa de porco celta por 1,057M€. O mandatario provincial cumpre así co seu compromiso de dotar á provincia dun servizo público que, segundo explica, será “fundamental para o futuro do noso sector primario” e “decisivo na formación dos profesionais que serán os encargados de velar pola saúde animal e a sostibilidade da nosa gandería”. Detalla que está previsto que a Deputación licite os traballos antes de que remate o ano, para poderlos adjudicar no primeiro trimestre de 2025, “coa ambición de que esta granxa de porco celta estea en pleno funcionamento no ano 2026”.

“Esta nova granxa nace como un espazo de formación, que conectará a teoría e a práctica, permitíndolle aos estudantes da Facultade de Veterinaria e aos Enxeñeiros Agrónomos da USC do Campus Terra realizar prácticas formativas de gran valor”, destaca Tomé Roca, que engade que servirá tamén “para seguir traballando para que a Facultade de Veterinaria supere as inspeccións europeas e manteña un alto pos-



to no ránking de Shangai como as mellores do mundo. A formación práctica é esencial para que os nosos futuros profesionais adquiran as competencias necesarias para facer fronte aos retos que presenta o sector nun laboratorio vivo”, argumenta.

AS INSTALACIÓNS. Cunha capacidade máxima de 24 porcas de cría e 5 porcos reprodutores, as instalacións que se situarán no complexo da finca Gayoso Castro que a Deputación de Lugo ten en Castro de Rei e terán unha superficie edificada de máis de 1.000 m2 e consistirán nun espazo “multifuncional” que incluírá unha nave de produción, zona de corentena, aulas, vestiarios e almacenaxe.

A nave de produción será a estrutura principal da granxa, onde se desenvolverá a maior parte da actividade. A nave dividirase en

distintos módulos que separarán as diferentes etapas da produción. Haberá unha zona de corentena, unha área separada da nave principal que será utilizada para illar os animais en caso dalgunha enfermidade. Na Granxa haberá tamén aulas, vestiarios, 4 silos para almacenar alimento, depósitos de auga, grupos electróxicos, unha fosa de xurro, ademais de pistas para comunicar as diferentes zonas e os correspondentes peches perimetrais do recinto. Sinala o Presidente que se integrará “perfectamente nas actividades que xa estamos desenvolvendo na Granxa Gayoso Castro”, e lembra que a Deputación está a levar a cabo proxectos de crianza de xatas de raza rubia galega en colaboración con ACRUGA, recría de gando vacún, a Granxa Experimental de Leite e a recuperación da raza de vaca cachena e cría de cabalos. “Unha actividade que agora se ve reforzada coa conservación e mellora da raza porco celta, que servirá tamén para a formación universitaria de veterinarios e enxeñeiros agrónomos”, valora.

COMPROMISO. “Seguimos co noso obxectivo de poñer a formación, a investigación e a innovación ao servizo dos gandeiros e gandeiras da nosa provincia, de todo o sector primario, e ao servizo do desenvolvemento do rural”, destaca o mandatario provincial. Sinala que “a provincia de Lugo é punteira na produción de leite, carne e madeira, e a Deputación está decidida a seguir apoiando e desenvolvendo estes sectores”, detallando que “a agricultura e a gandería son as raíces da nosa

economía e, como tal, merecen ser potenciadas e coidadas”. Esta granxa de porco celta contribuirá, en palabras do Presidente, ao desenvolvemento económico da provincia de Lugo a través do impulso dun sector produtivo esencial para a nosa provincia; a afianzar a posición da provincia de Lugo no mapa do ensino superior europeo; e a reter o talento dos mozos e mozas, e a fixar poboación no rural da nosa provincia.

FALTA DE VISIÓN DA XUNTA. “As Administracións Públicas temos un deber”, indica José Tomé Roca, “atender á cidadanía, no seu día a día, pero tamén, planificar e impulsar o futuro da sociedade a medio e longo prazo, dende unha visión global e estratéxica do territorio; dende o coñecemento da súa realidade e das súas oportunidades”. E nese sentido comenta que “botamos en falta esta visión estratéxica por parte da Administración autonómica que debería liderar esta acción política, e sobre todo, é quen ten as competencias e os medios económicos para axudar ao rural, pero a realidade é que non se lle está vendo unha política clara de axuda ao medio rural”. Destaca que “desde a Deputación de Lugo, intentamos paliar esa falta de visión estratéxica de futuro para o sector primario e para o rural, dentro das nosas posibilidades e cos recursos dos que dispoñemos” e que nese sentido a institución provincial faiño “coa fórmula máis axeitada: da man dos sectores produtivos e incorporando o coñecemento da Universidade”.

Cunha
capacidade
máxima de
24 porcas de
cría e 5 porcos
reprodutores, as
instalacións
terán unha
superficie de
máis de 1.000
metros cadrados



Implantan un sistema de pagamento TPV de taxas

O Concello de Rábade vén de habilitar un dispositivo TVP de pagamento con tarxeta na casa do concello para que as persoas que o desexen poidan aboar alí os seus recibos, sen a necesidade de ter que trasladarse a unha oficina bancaria.

É válido para o pagamento de taxas do Concello, agás os recibos emitidos pola Deputación de Lugo (IBI e IVTM).

Pódense pagar, por exemplo os certificados de empadramento, as liquidacións de ICIO, as taxas por inicio ou transmisión de actividade, unha certificación catastral, a primeira expedición dunha pasaxe de vehículos, os bonos das piscinas no verán, e outros varios.

O servizo xa está dispoñible no Rexistro do Concello de Rábade para quen queira facer uso del.



Finalizan no centro de saúde a obra de reforma

O centro de saúde conta cun novo aspecto exterior que permitirá mellorar a eficiencia enerxética do edificio. A Consellería de Sanidade finalizou nestes días unhas obras moi demandadas polos veciños.

As actuacións, que deron comezo no verán, incluíron a instalación dunha nova cortina vexetal e cortinas interiores que reducen a incidencia do sol e as inclemencias meteorolóxicas nos grandes ventanais que dan acceso á sala de espera. Durante o

verán esta situación provocaba que aumentara considerablemente a temperatura no interior e tampouco ofrecían suficiente protección contra o frío.

Para mellorar estes problemas de humidade e frío, tamén se renovou a cuberta do edificio. Así mesmo, pintáronse as paredes da sala de espera e renovouse o mobiliario desta área, entre outras intervencións.

O custo total das obras foi asumido pola Consellería de Sanidade.

A oposición acusa á alcaldesa de favorecer intereses privados

O ex alcalde e agora representante do partido Independente, Francisco Fernández Montes, criticou a decisión da alcaldesa da localidade, do Partido Popular, Remedios González, de cambiar o proxecto dunha rotonda para que non afecte a uns terreos propiedade privada da alcaldesa.

Segundo explica, existía un acordo con Adif para facer unha rotonda ao final da rúa Xeneral Arce cando esta pase a quedar cortada ao eliminar o paso a nivel que conecta esta vía coa que vai ao cemiterio. Este acordo fíxose ao mesmo tempo que se negociou a construción do paso elevado.

O obxectivo desta obra era facilitar aos usuarios da vía dar a volta xa que se trata dunha rúa moi estreita. Nun principio a intención era ampliar o ancho da estrada e facer unha rotonda no medio ao final, o que implicaba coller algo de terreo das fincas que estaban a ámbolos dous lados, unha delas, da alcaldesa.

“Cando negociamos sendo eu alcalde, ela negouse a facer a cesión, mentres que os outros veciños si apoiaron a iniciativa e agora o que fixo foi mover a rotonda para o ou-



tro lado de forma que non afecte aos seus terreos e si o faga en maior medida aos veciños do outro lado”, explica Montes.

Ao final, engade que se pretende facer unha expropiación nos outros terreos pero só para facer a rotonda. Aínda así, non faltan as voces críticas que negan a necesidades de facer unha rotonda para unha rúa na que viven unicamente tres persoas. “Sería moito máis barato colocar un sinal de vía sen saída”, din.

De todos os xeitos, esta non é a única polémica xurdida nos últimos tempos sobre a xestión municipal.

No pleno desta semana foi moi criticada a proposta de establecer un salario de 14 pagas de 1.461 euros para o terceiro tenente de alcalde por media xornada de traballo. A coincidencia é que é irmán da alcaldesa e que a oposición considera totalmente desproporcionado este salario.

Así mesmo, os partidos da oposición acusaron tamén á alcaldesa de asfaltar a avenida dos Remedios só naquelas zonas das leiras propiedade de Remedios González e do tenente de alcalde, mentres no resto da vía só se amañaron algunhas fochancas.

Arranca o programa de Nadal

Rábade arrancou a súa programación de Nadal cunha excursión e un encontro de corais, pero deixou para acender o alumeado o vindeiro día 13 de decembro.

Ademais, o día 14, José Manuel Rodríguez vai presentar *Poesía de mar y amar* no Centro Sociocultural, pero as verdadeiras festas iniciaranse o 21 de decembro co tradicional recheo de Nadal coa proba da fortuna con sorteo de agasallos e chocolate con churros.

O 22 haberá un concerto a cargo da Banda da Escola Municipal de Música e o 23 dará comezo o campamento para nenos e nenas de 4 a 12 anos.

Pasada a xornada de Nadal, o 25, haberá un espectáculo de maxia a cargo do Mago Roberto Lolo e o 28 será a vez do baile profunde con música en directo.

Outra das citas que non podían faltar é a Don Silvestre, unha carreira para nenos e nenas e maiores, que se vai celebrar o día 31 con premios para os mellores disfraces.

O día 2 de xaneiro estará en Rábade a *foodtruck* de Galicia Sabe Amar, coincidindo coa feira local e o día 4 farase o recheo de Reis cunha nova proba fortuna. Finalmente, o día 5

remata a programación coa chegada dos Reis Magos a Rábade con agasallos para todos os nenos e nenas.

Por outra banda, os premiados no concurso de postais de nadal foron, entre os menores de 5 anos, para Leire Beciero Quijada, Naia Beciero Bouso e Gabriel Fernández Sanmartín. Na categoría de 7 a 9 anos gañou Yanira Casanova Rábade, seguida de Antón Devesa Lage e Area Barreiro Barja. No grupo de 10 a 13 anos o primeiro premio foi para Iván Jesús Río Pernas, seguido de Ariadna Fernández Méndez e Marcos Vanelus Ciocan.

Chiruca

MEPHISTO
FINEST WALKING SHOES

Timberland

IGI&CO

baamonde
CALZADOS
Desde 1954

new balance

GUARANTEED TO KEEP YOU DRY
GORE-TEX

IN EL NATURALISTA

GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS INSTALACIÓNES

Avda. Galicia, 66 Bajo
15320 AS PONTES (A Coruña)
981 440 098 - 699 145 568
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo
27800 VILALBA (Lugo)
982 523 034 - 645 851 946
contacto@gestoriagayoso.com

DEPUTACIÓN

O Pleno aproba uns orzamentos que ascenden a 130 millóns

A Deputación aprobou no Pleno os Orzamentos do 2025 que, con máis de 130 millóns de euros, “reforzarán o proxecto de progreso social e económico”. Así o manifestou a deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, na sesión celebrada no Pazo de San Marcos, e na que subliñou que o presuposto sube un 12%, grazas aos fondos do Estado.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, valoraba antes da sesión provincial ante os medios de comunicación que “é un bo día para a provincia de Lugo”. “Un documento que nos permitirá seguir mellorando a provincia neses catro piares que sustentan a acción deste Goberno”, citando á mobilidade, a cooperación cos concellos, as políticas sociais e o apoio aos sectores produtivos.

Incidíu a deputada en que o proxecto está “centrado en achegar os servizos públicos e en promover a actividade económica” e destacou que a Deputación de Lugo é unha Administración que cumpre, cunha execución do gasto que o ano pasado superou o 87%.

López Moreno valorou os orzamentos como “investidores, sociais e claramente expansivos”, porque sobe o capítulo destinado a investimentos reais en practicamente un 16%, ata os 19,14 millóns de euros; as transferencias correntes en preto dun 14%, ata os 17,8 millóns; e os fondos destinados ás políticas sociais volven supoñer preto dun terzo do Orzamento, subindo un 8% máis ata acadar os 41,2 millóns.

A Deputación dedica nos Orzamen-



tos do 2025 preto de 11 millóns de euros para os 9 centros de atención a maiores que hai en servizo - Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil - e continuar cos proxectos comprometidos noutros 9 concellos da provincia. Co compromiso do Presidente, José Tomé Roca, de abrir neste mandato as residencias de Becerreá, Guitiriz e A Pontenova.

O Servizo de Axuda no Fogar seguirá contando co financiamento da Deputación, que investirá 3,4 millóns para a súa prestación. Ademais a institución provincial manterá o servizo de teleasistencia domiciliaria. Así mesmo, o Goberno provincial inclúe 1,4 millóns a colaborar con diferentes asociacións que traballan contra a pobreza e a exclusión social para reforzar a rede de apoio que estes colectivos ofrecen ás persoas que máis o necesitan.

Polo que respecta ás políticas de emprego contarán con 4 millóns para favorecer a contratación e mellorar a empregabilidade a través da formación; educación, con preto de 3

millóns, tanto para o Centro de Formación Audiovisual da Deputación –o único público desta rama na provincia-, como para o apoio da Universidade pública os recursos para as políticas vinculadas coa igualdade; Deportes; Cultura e Artesanía e Deseño.

ESTRADAS. A mellora da mobilidade “é outro dos grandes piares dos Orzamentos”, explicou e por iso, detallou, a Deputación destinará ás estradas máis do 21% do total dos seus fondos, incrementando por riba dos 27 millóns de euros, tanto para obra nova, como para conservación, desbroce e actuacións do Parque Móbil, en estradas provinciais e municipais. Un incremento que supón un 42% máis respecto ao 2024, cando a institución provincial destinou a estradas 19,4 millóns.

Carmela López explicou que no 2019 as partidas da Deputación sumaban algo máis de 14 millóns, polo que en seis anos case se duplicaron os fondos. O Goberno da Deputación sube o Plan Deputación de cooperación cos Concellos ata os 22 millóns.

A Deputación aproba o primeiro paquete obras do Plan de Estradas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou un conxunto de investimentos por un total de 2,25 millóns euros para realizar novas obras e actuacións que beneficiarán directamente aos veciños e veciñas da provincia. Así o anunciou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que recalcou que son “proxectos que mellorarán a rede de estradas provinciais, así como os servizos, as infraestruturas e diversas dotacións de oito concellos da provincia”.

Rivera Capón fixo referencia a que “un dos nosos obxectivos prioritarios como Goberno Provincial é a mellora da mobilidade do conxunto da provincia. Por iso, na sesión desta mañá aprobamos licitar por un importe de algo máis de 1,8 millóns de euros as obras de acondicionamento de 7 estradas provinciais ao seu paso polas comarcas da Terra Chá, Lugo, A Mariña e a Montaña”.

Na comarca da Mariña acondicionárase en Trabada a LU-P-6101, a estrada que une Trabada ata a Ría por Sante con case 150.000 euros. O tramo que se vai arranxar vai do punto 1,3 ata o 3,5 e os traballos consistirán na pavimentación e no repintado da sinalización e o balizamento.

O prazo de execución de todos estes traballos é de 2 meses des-

de que se inicien as obras.

Na comarca da Terra Chá, aprobáronse os proxectos de mellora de catro estradas. Na LU-P-2301, que une Guitiriz con Vilares, a institución provincial destina case 247.000 euros para acondicionar o tramo que vai dende o punto quilométrico 6,7 ata o 9,2.

Con preto de 206.000 euros arranxárase outras dúas vías. Por unha banda, en Xermade acondicionárase un treito da LU-P-2206, a vía que une Roupar ata Vilapedre por Lousada. En concreto é o tramo que vai desde o punto quilométrico 1,8 ata o 5,5; e por outra banda, en Vilalba renovárase a LU-P-6509, a estrada limítrofe que vai de Carrizo ata Lousada. O proxecto inclúe a reposición das marcas viais desde o principio da vía e ata o punto 9. Por último nesta comarca, a Deputación destina máis de 422.140 euros para acondicionar dous tramos do cinto comarcal, a LU-P-1611, ao seu paso polo concello de Begonte. Mellorárase o treito que vai do punto 71,7 ao 73,1; e do 78,6 ata o 81,8.

As obras que se van realizar nestes tres proxectos consisten na reapertura de cunetas, a repavimentación do firme e a reposición da sinalización.

Na comarca de Lugo, realizaranse actuacións no Corgo e Castroverde e na Montaña a actuación máis relevante será nas Nogais.

REPRESENTACIONES CABARCOS

Somos especialistas en: bacalao, langostinos, rape...
Disfrútalos con nuestro vino Albariño Pulpo

Desayunos navideños con nuestra bollería

Polígono industrial, P. 47 B - 27800 Villalba (Lugo) 982 51 06 75 - 635 46 28 77 / www.representacionescabarcos.com

COLABORACIÓN

Fejoó, Rueda e o bilingüismo harmónico-cordial

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

No libro “Sempre en Galiza”, aseguraba Daniel Alfonso Rodríguez Castela, recentemente recoñecido por unanimidade de todos os membros do Parlamento Galego como primeiro presidente da Galiza, que si somos galegos é por obra e gracia do idioma, e preguntábase: “¿Que diríamos se o Estado mandase derrubar o Pórtico da Gloria?” Pois, segundo el, o noso idioma “é unha obra de arte mil veces superior á obra do mestre Mateo. Creouna o xenio inviolable do noso pobo e labrouna o amor, a dor e a ledicia de moitísimas xeracións. Unha lingua é máis que unha obra de arte; é matriz inesgotable de obras de arte”.

Pero quen lle ía dicir a Castela que íamos poñer uns Neróns gardando esa preciosa obra, que pouco a pouco van queimando, até facela

desaparecer do colorido mosaico universal que conforman as linguas dos diferentes pobos, pois o pasado 11 de outubro o Instituto Galego de Estatística (IGE) fixo públicos uns datos sobre a saúde do noso querido idioma en 2023. Nel sinalan que por primeira vez na historia a porcentaxe de falantes habituais de español supera aos que utilizan maiormente o galego, pois o 29,6% de residentes na Galiza falan sempre español, cando durante o bipartito, en 2008, era do 20,2%, subindo ao 26,2% no 2013 e baixando o 24,4% no 2018, debido á activación do Decreto do PP de 2010. Malia á recuperación de galegofalantes, entre 2013 e 2018, o incremento de persoas que o fai en español subiu máis de nove puntos en tan só 15 anos e xa o 53,6% da poboación entre 5 e 14 anos e o 43% entre os 15 e os 29 anos afirman expresarse sempre en español, 24,1 e 17,6 puntos máis, respectivamente, que no 2008.

Os populares, nin entre eles se poñen de acordo nos motivos que nos levaron a esta dramática situación

e cada un quere xustificala á súa maneira; o partido dixo que “nunca o galego tivo máis falantes”, pero o presidente Rueda recoñece a caída de galegofalantes e o avance de uso do español, pero por outra banda di que “ve o galego nun bo momento”, polo que rexeita asumir responsabilidades e asegura que non é necesario buscar solucións. Ou sexa, que imos de vitoria en vitoria até a derrota final.

Sen embargo, Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, sae pola tanxente e di que “a poboación procedente do exterior chegada á Galiza nos últimos anos é un dato moi importante que inflúe directamente no incremento de castelanfalantes”, que é un xeito de tirar peso pola borda para alixear o barco, votándolle a culpa aos emigrantes, na vez de analizar o maltrato e desprezo que lle dan na escola ao idioma de Pondal, de Curros e Rosalía co Decreto de 2010, prohibindo o ensino íntegro en galego e impartilo na etapa de Educación Primaria, máis de Física, Química, Matemáticas e Tecnoloxía, na

Educación Secundaria. Isto é o que fai que só un 7% de nenos e nenas, entre 5 e 14 anos, aseguran falar sempre en galego, a non ser que o señor conselleiro pense que o outro 93% de nenos e nenas son emigrantes. Eles, que teñen a obriga de velar pola súa vitalidade, poñen todos os medios ao seu alcance para a súa desaparición.

Non é de estrañar que a oposición, BNG e PSdeG, culpen o PP de propiciar estes datos negativos para o noso idioma, debido a súa política lingüística. Ana Pontón, asegurou que “a política de acoso e derribo do Partido Popular contra o galego está sendo eficaz, levándonos á unha situación na que está en risco a propia supervivencia do idioma”. Pola súa parte, o PSdeG dixo que “a lingua propia do país está nunha situación límite”, e tamén Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, asegurou que “estamos a falar da primeira xeración completa que padece as consecuencias do Decreto de 2010 contra o galego”.


Dicia o crego e ilusionista valoro,

Xosé Manuel Carballo, que renegar do idioma é como cuspirle á cara a nosa nai o leite que mamamos, pero eles son capaces diso e moito mais, pois estes datos son produto dese “bilingüismo harmónico-cordial”, que potencia outros idiomas na escola e nas institucións en detrimento do galego, porque eles tamén rematan coa nosa economía e saben que os nosos fillos e netos terán que emigrar e din que o galego non serve para andar polo mundo, cando co galego, pai do portugués, sírvenos para entendernos perfectamente con 265 millóns de persoas repartidas por todos os continentes, sendo o idioma mais falado no hemisferio sur.

Detrás virá quen bo te fará, di o refrán, e tanto Feijoó como Rueda superaron a Fraga no seu odio ao idioma, pero non podemos deixar que estes lingüicidas esfaren esa obra de arte colectiva, que empezaron fai centos de anos os nosos antepasados, porque nós queremos galego, e seguiremolo coidando para deixarllo vivo ás futuras xeracións.

O pracer da chuvia

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Nesta columna temos aludido a iniciativas literarias levadas a cabo por escritores da Terra, homes e mulleres que non teñen as letras como o seu medio de vida, senón que a súa vida laboral descorre por outros eidos. Exemplos como o de Pastora Veres, dos Vilares, ou Xosé Manuel Felpeto, de Cabreiros, ou Manuel Iglesias Turnes, de algo máis lonxe, da bisbarra A Barcala, preto de Santiago, tiveron merecido artigo por parte dun servidor, quen tamén, sen

pecar de vanidoso e con toda humildade, se atreveu a sacar á luz algunha que outra publicación. Os traballos das persoas aludidas son de obrigada lectura para coñecer a realidade galega, como era a vida da xente nas aldeas, como se evolucionou co paso dos anos e entender fenómenos tan diversos que írían desde a emigración, a axuda mutua, o caciquismo e o abuso de poder, ata a modernización, o machismo e o empoderamento da muller. Porque todas esas complexidades son analizadas por estes creadores que tiveron a afouteza de sentar diante dunha pantalla e teclear horas, días e semanas ata rematar a historia que sería desfrutada polos lectores.

O último destes valentes –si, este é o cualificativo que un lles quere outorgar– é Manuel Vázquez coa súa novela *O pracer da chuvia*. Manuel, quen naceu en Valonga, no concello de Pol, traballa como celador no Hula, amosa ao longo do seu libro a súa propia vida, realizando un percorrido desde a infancia na aldea e o salto á cidade coas consecuencias que derivaron dese traslado, ata a súa época universitaria e a iniciación e consolidación no mundo laboral. O prologuista, Xesús Trashorras, de Castroverde introduce á perfección o que agardaremos na lectura da obra. E efectivamente, a definición de autobiográfica, pero ao mesmo tempo xeracional, non pode ser

máis acertada. Estamos ante alguén que se encadraría no grupo dos ‘babyboom’, os que naceron na década dos sesenta ata mediados dos setenta, que viviron nesa época de desenvolvemento económico, onde paseniño se desenvolvía unha modernización xeneralizada. No caso galego, asistimos unha nova vaga de fuxidas cara destinos onde ofrecían mellores expectativas. A Galicia interior comezaría a baleirarse, mentres aqueles que quedaban, ían mecanizándose pasando da mera produción de subsistencia a modernas explotacións gandeiras.

Manuel Vázquez conta en primeira persoa o que supuxo para el sendo un neno deixar o berce

para morar na capital. O choque idiomático, a cuestión da identidade, o auto odio son debullados ao longo das páxinas con magnífica precisión, ditando sentenza coa súa testemuña. Novamente, ao igual que noutros casos sinalados, estamos ante unha auténtica acta notarial do que é o noso País. *O pracer da chuvia*, está escrito coas entrañas e dá cobixo a personaxes reais, sabios e referentes para quen estaba a carón deles. E tamén, sobre todo, o que atopamos é unha reivindicación en voz alta e un recoñecemento sen fisuras do mundo rural, da aldea e das súas xentes.

E todo elo, escrito por un celador de hospital quen naceu nas terras de Pol.

<p>MILAR ALBOSAT tu tienda de electrodomésticos</p> <p>Avda. de Galicia, 42 17800 Vilaalba (Lugo) Telf.: 982 510 581 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es</p> <p>Servicio propio de reparación</p> <p>Venta y reparación</p>	<p>LED 50" JVC LT-50VD33005 Ultra HD 4K • Smart TV • Sonido Dolby • Wifi</p> <p>319€</p>	<p>LAVADORA BOSCH WUJ28T64ES</p> <p>549€</p> <p>Fusión Pausa + Carga Paneles antivibración Tambor VarioDrum Speed Water</p>	<p>DESHUMIDIFICADOR DAITSU ADD-20XB GBV3100CPY</p> <p>215€</p> <p>Función secadora de ropa Oscilación automática Deposito 4,5 L</p>	<p>MICROONDAS ORBEGOZO MIZ120</p> <p>69€</p> <p>6 Niveles de potencia Función descongelador 44,6 x 24,3 x 35,3 cm</p>
---	--	---	---	---

TERRA CHÁ



Rematan tres obradoiros de emprego da comarca

A Xunta entregou os diplomas ás 20 persoas que completaron a súa formación no obradoiro de emprego Santa Isabel V, promovido polo Concello de Outeiro de Rei asociado cos de Castro de Rei e Cospeito. Na clausura participou a directora territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, Carmen José López.

Os mesmos municipios compartirán un novo taller -Camiño da Chaira VIII- que comezará este ano e proporcionará oportunidades laborais a outras 20 persoas desempregadas. Ambas iniciativas suman un investimento de 943.000 euros do Goberno galego, a través das últimas convocatorias de axudas a entidades locais para desenvolver obradoiros de emprego nos seus territorios. As especialidades impartidas no taller centráronse nos ámbitos da construción e a urbanización. No caso de Outeiro de Rei, o alumnado traballou no pintado e nos revestimentos exteriores e interiores do recinto do campo de fútbol e dos centros socioculturais de Robra, Sobrada e Bonxe. En Castro de Rei, programouse a construción de 96 nichos distribuídos en 24 panteóns do cemiterio de Duarría; así como a rehabilitación parcial da antiga escola unitaria de Mondriz.

Polo que respecta a Cospeito, as actuacións consistiron na pavimentación da rúa Daniel Castelao e do

Camiño á Lagoa, ambos en Feira do Monte; e na humanización da rúa Billerma en Muimenta.

PIE. A Casa da Cultura de Outeiro de Rei acolleu a clausura do Programa Integrado de Emprego que se iniciou o 13 de novembro de 2023 e nel participaron 100 mulleres dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Friol, Mondoñedo, Outeiro de Rei e Rábade. Durante o programa integrado de emprego, 40 mulleres do mesmo acadaron unha oportunidade para incorporarse ao mercado laboral. Agora xa se está poñendo en marcha o seguinte programa integrado 2024/2025.

O CASTRO. A Xunta clausurou o obradoiro de emprego O Castro IX, promovido polo Concello de Ribeira de Piquín asociado cos de Castroverde, Pol, A Pastoriza e Riotorto. A iniciativa terá continuidade cun novo taller compartido polos mesmos municipios que comeza en decembro e terá unha duración de nove meses. Durante o último ano, os participantes recibiron formación teórica e práctica, desempeñando traballos de interese público nos concellos promotores. No que respecta a Riotorto, Ribeira de Piquín e A Pastoriza levaron a cabo o mantemento e acondicionamento de múltiples zonas verdes, rutas fluviais, rutas de sendeirismo e áreas recreativas.

Afectados pola falta de pediatras reclaman unha xuntanza co Sergas

As familias afectadas pola falta continuada de atención pediátrica nos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito solicitaron unha xuntanza co delegado Territorial da Xunta en Lugo e co xerente da Área Sanitaria de Lugo.

O colectivo cre necesario expoñerlles “a nosa situación para que sexan partícipes de como nos sentimos ante o deterioro constante deste servizo público, e esixirles que tomen as medidas oportunas para solucionar un problema que afecta a máis de 1200 crianzas dos

tres concellos afectados”.

“Levamos preto dun mes agardando pola resposta a esta solicitude, esperemos non tarden en darnos unha reposta para recibirmos e así poder expoñerlles a nosa situación” dixo, Lucía Madarro, nai afectada pola falta de pediatra.

“Non estamos a pedir nada excepcional; simplemente queremos que se garantan os nosos dereitos, os dereitos das nosas crianzas a ter unha atención pediátrica digna dentro da sanidade pública”, conclúen.



O Clúster da lousa premia dous concellos chairegos

O Clúster da Lousa de Galicia celebrou a súa primeira edición do Premio Pioneiros da Lousa, un recoñecemento que, segundo o seu presidente, Víctor Cobo, busca “preservar na memoria das xeracións actuais e futuras o esforzo de todas aquelas persoas que iniciaron a súa actividade con medios rudimentarios, logrando converter este sector nun dos motores económicos de Galicia”.

O acto tivo lugar nas instalacións

do Complexo Hostaleiro Paladium de Vilamartín de Valdeorras, contando con máis de 180 asistentes. Nesta ocasión inaugural, o galardón foi concedido a once concellos con maior tradición louseira, en recoñecemento á súa contribución esencial para o desenvolvemento do sector. Na provincia os galardoados foron os concellos da Fonsagrada, Mondoñedo, A Pastoriza, Lourenzá, Samos, Pol, Quiroga e Folgoso do Courel.

Gandarías da zona triunfan nos premios Exceleite

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, definiu os gandeiros galegos como “garantes dunha parte moi importante da identidade de Galicia” e cualificou o sector leiteiro como “indispensable no económico, pero tamén na variable demográfica e social, para vertebrar e manter poboación no rural”. Foi a encargada de pechar o acto de entrega dos VIII Premios á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das Explotacións Leiteiras de Leite Cru de Vaca (Exceleite 2024).

A gandaría de Friol Casa Codesal recibiu dous dos 20 premios que se outorgaron en dez categorías. Na de Gandaría Ecolóxica fíxose co ouro mentres que na de Gandaría extensiva de mediano tamaño gañou a prata. Ademais houbo premios para outras gandarías da provincia en Vilalba, Monforte, Sarria, Cospeito, Xermade e O Páramo.

A Apalpadora fará varios espectáculos

A Vicepresidencia da Deputación promove un ano máis a presenza de tradición propias nas datas de Nadal co espectáculo A Apalpadora, que se representará en 40 localidades.

O alumnado do colexio de Rábade acolleu unha das primeiras representacións deste espectáculo de narración oral e música en directo de Antía Vázquez (a filla do Apalpador) e o músico André Espiñeira. A Apalpadora visitará tamén o xoves 19 decembro no Lagostelle de Guitiriz ás 12:30 horas. O domingo 22 de decembro será a vez do local Veciñal Amuraxe, en Xermade, ás 11.30 horas e ás 13.00 en Moncelos, Abadín. O venres 27 estarán na casa da cultura de Vilalba, ás 17:00 horas e o sábado 28 será no Centro Sociocultural Friol ás 12:00 horas. Rematarán o domingo 29 no local veciñal de Gaioso, en Outeiro de Rei ás 12.30 horas.



CARACOL+
4º ANIVERSARIO

GRAN VARIEDAD EN PRODUCTOS NAVIDEÑOS Y HOGAR

CARACOL+ LE REGALA ESTE CUPÓN DE

5€

VÁLIDO DEL 01 AL 15 DE DICIEMBRE DE 2024. ACUMULABLE CON OTROS DESCUENTOS DE CUPONES. DEBE PRESENTAR ESTE FOLLETO PARA DISFRUTAR DEL DESCUENTO.

CAMPO DE PUENTE, 23-25 / 27800 VILALBA (LUGO)

**CANJEABLE
A PARTIR DE
50€**

DEPORTES

NOVO MARCADOR



O Concello de Rábade estreou o novo marcador instalado no pavillón municipal. Este avariouse e tivo que ser substituído polo que se aproveitou para incorporar un con máis servizos.

Vilalba acolle no Nadal o I Campus de Porteiros

Vilalba acollerá o I Campus de Porteiros Álex Santomé - R.C. Villalbés, os días 26, 27 e 28 de decembro. A actividade, dirixida a deportistas nados entre os anos 2006 e 2019, desenvolverase en horario de 9:30 a 13:30 horas, no Anexo da Madalena.

As inscricións estarán abertas ata o 15 de decembro e contan con prazas limitadas. Os participantes que formen parte do RC Villalbés deberán abonar unha cota de 60 euros,

mentres que para os non integrantes do club o custo será de 80 euros. A matrícula inclúe un suadoiro e unha camiseta. Ademais, haberá importantes descontos na compra de luvas de marca. Para máis información e inscricións, pódese contactar a través dos teléfonos 646 361 273 (Juan) ou 601 344 210 (Santomé). Este campus conta co apoio da Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e diversas entidades colaboradoras.

Milio gaña o Aberto de billarda do Minho

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O día ventoso non amedrentou os bravos palanadores que deron o mellor de si en cada golpe da billarda esta fin de semana no Aberto do Minho no campo de Nadela. E mentres todos agardábamos o desenlace do "grupo da morte", noutros campos decidíanse os gañadores da xornada. Así Milio con 23 puntos foi o gañador e Félix, con 22, segundo.

O terceiro posto saíu dun desempate entre Albino, Chousa e Sachas. O mellor foi Chousa. En donas dominio de Castiñeiro con Vanesa e Cris por diante de Alba. Diego e Mateu compartiron o primeiro chanzo dos infantís e Antía e Mateo tamén compartiron o segundo posto. En canto a equipos, estréanse no podio os Carabullo por diante de Billardeiros Musicais e Troitas Bravas.

A Copa Deputación de fútbol comeza en xaneiro con 86 equipos

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina un ano máis a Copa Deputación de Fútbol, na que participarán 86 equipos de 2 e 3 División Feminina, Preferente Autonómica Masculina, Primeira, Segunda e Terceira Autonómica Masculina.

A competición, que comezará a primeira semana de xaneiro, ofrece aos equipos de fútbol afeccionado a posibilidade de participaren nunha competición de ámbito provincial, con alicientes competitivos diferentes aos das ligas, ao tempo que su-

pón unha inxección económica para os clubs, xa que a Vicepresidencia da Deputación de Lugo premia os equipos participantes por cada eliminatoria xogada, con diferentes contías en función da categoría e da condición de local ou visitante (entre 250 e 400 euros). En suma, distribuíranse preto de 24.950 euros entre os equipos participantes.

Na Liga Galega Feminina Segunda e Terceira participarán 9 equipos. Realizarase unha fase previa o 2 de marzo e continuará cos cuartos de final o

18 de maio. As semifinais serán o 1 de xuño e a final o 15 de xuño.

A Preferente Autonómica e Primeira Autonómica Masculina contará con 23 equipos. A Fase Previa será o 5 de xaneiro, oitavos o 18 de maio, cuartos o 8 de xuño deixando as semifinais e final para o 15 e 22 de xuño.

54 equipos participarán en Segunda e Terceira Autonómica Masculina desde o 5 de xaneiro seguindo a mesma liña que a anterior pero rematando o 15 de xuño. O acceso aos encontros será libre.



A loita vilalbesa logra en Barakaldo dous metais e un cuarto posto

Membros do Club Loitas Olímpicas Vilalba viaxaron a terras vascas para participar nun dos torneos de maior nivel nacional para as categorías base.

Ate Barakaldo, e convocados pola Selección Galega, desprazáronse algunhas das promesas da categoría U13. Trátase de Jimena García, que acadou o ouro; Héctor Somoza, que regresou coa prata, e Kike Seoane, que rematou nun merito-

rio 4º posto en menos de 70 kg.

Todos eles xa participaron esta tempada nos Campionatos de España e este torneo supuxo unha magnífica oportunidade de preparación para a próxima tempada 2025, na que xa loitarán na categoría U15. Tamén tiveron ocasión de coñecer á bronce olímpica Maider Unda, sen dúbida unha experiencia motivadora para os deportistas.

O Trail das Bestas recibe un dos Premios Galicia do Deporte pola xestión sostible

O Trail das Bestas, a proba de montaña do Xistral creada en 2017, foi distinguido nos XV Premios Galicia á Xestión Deportiva, na categoría de Xestión sostible. Este recoñecemento, outorgado pola Asociación Galega de Xestión Deportiva (Agaxede), destaca o labor colectivo na organización deste evento que xa se consolidou como unha das citas máis importantes. O galardón foi decidido por un xurado composto por 12 membros e a entrega terá lugar nunha gala no Pazo da Cultura de Carballo (A Coruña) o 13 de decembro.

Desde o Concello expresaron o seu agradecemento a todas as persoas que o fixeron posible, destacando o esforzo colectivo que permitiu consolidar esta proba como unha referencia no deporte sostible. En particular, mencionaron a contribución dos anteriores tenentes de alcalde, Belén Chao e Mario Rouco, así como de todos os integrantes da organización que, ano tras ano, traballan para garantir o éxito do evento.

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516550

“Afrontamos esta etapa cheas de ilusión e con ganas de gozar dun novo curso”

Ana Iglesias Ares é a primeira adestradora e fundadora do club Violeta de ximnasia rítmica

A ximnasia rítmica iniciou xa unha nova tempada na comarca, preparando ás ximnastas para unha nova competición e facéndoas desfrutar dun deporte que é un clásico entre as rapazas da comarca, aínda que xa hai algún rapaz que se apuntan a este deporte.

Falar de ximnasia rítmica na comarca da Terra Chá é falar do Club Violeta, con sede en Begonte, pero que xa está a traballar en numerosos concellos da contorna.

Falamos coa súa fundadora, que tamén é a primeira adestradora do club, Ana Iglesias Ares.

Cando nace e como xurdiu a idea?

Hai 39 anos comecei a impartir clases de ximnasia rítmica na zona de Terra Chá e aos poucos foi xurdindo a necesidade de darlle saída ás competicións a nenas que destacaban e íaselles quedando escasa unha soa exhibición en fin de curso. No ano 1993 co apoio da miña familia, fundei o Club Violeta. Comecei en Vilalba pero, pouco a pouco, os concellos da zona foron demandando esta ac-



tividade ata expandirnos por toda a comarca.

Cuantos deportistas e categorías teñen?

Na competición do club actualmente temos ao redor de 150 ximnastas que competición de todas as categorías e niveis. Ademais, nas escolas municipais coas que temos convenio sumamos 250. Despois, somos 4 adestradoras e 4 axudantes.

Como se presenta a tempada?

Afrontamos a nova etapa cheas de

ilusión e con moitas ganas de mellorar e gozar dun novo curso.

Cales son os proxectos máis inmediatos de futuro?

Non temos metas concretas para nós, o fundamental é mantermos onde estamos e seguir creando afección por este fermoso deporte na nosa comarca.

E necesidades?

Supoño que as mesmas de toda a xente que adestra en calquera deporte, mellorar as condicións dos

adestramentos, instalacións e recursos en xeral.

Contando con axuda para manter ou club activo?

Si, a parte das típicas institucións como a Deputación, que adoita outorgar algunha subvención aos clubs deportivos, contamos co apoio do concello de Begonte, que tamén colabora connosco.

Que nos pode dicir da afección?

Pois que é unha afección incondicional e chea de paixón e entrega, penso que valoran moito o noso traballo e sobre todo están moi contentos coa ilusión que ven nos seus fillos pola rítmica.

Ademais da competición programan máis actividades?

Si, a parte das distintas competicións oficiais, organizamos torneos amigables para as escolas municipais en distintos concellos e un festival de ximnasia que adóitase organizar en Vilalba a final de cada tempada.

A ximnasia rítmica está considerado un deporte feminino. A que idade é apropiado comezar?

O mellor para comezar a practicar a ximnasia rítmica é facelo ao redor dos 5 anos. É certo que a inmensa maioría son mozas, aínda que aos poucos cada vez máis mozos van collendo gusto... de feito, hai algúns a nivel galego e nacional realmente bos.

Que beneficios achega?

Fisicamente é un deporte moi completo, achega sobor de todo coordinación, equilibrio, flexibilidade, forza, resistencia e harmonía no movemento, por citar algún... A nivel mental destacaríaa a disciplina, o traballo en equipo e o vínculo tan forte que se crea entre as ximnastas e que perdura a través do tempo, aínda despois de moitos anos retiradas da competición.

De que logros senten máis orgullosos?

Malia contar con varios títulos oficiais a nivel galego tanto en conxunto como individual, agora mesmo diría que do que máis nos sentimos orgullosas é da gran actuación do conxunto sénior de base o pasado sábado 23 no campionato nacional que tivo lugar en Zaragoza. Para tres das ximnastas máis veteranas (Judith Dobao, Tania Gayoso e Ana Vilela) era a súa última actuación e foi un fermoso broche final a unha entregada vida deportiva de máis de 20 anos neste club.... foi moi emocionante.

Abre o prazo de inscrición para a San Silvestre vilalbesa

Xa está aberto para participar na IX San Silvestre Vilalbesa que se celebrará o domingo 29 de decembro, a partir das 16:30 horas, coa saída e a chegada na praza da Constitución.

Os interesados e interesadas en participar poderán inscribirse ata o 23 de decembro, a través da web www.championchipnorte.com. É gratuíta para as once categorías diferentes en función da idade e a distancia a recorrer, ademais de agasallos e medalla para todos os participantes.

As carreiras de menores arrancarán en tramos de 10 minutos dende as 16:30 horas. Mentres que todas as categorías da carreira absoluta e a andaina darán comezo ás 17:30.

O proxecto Ningún Aro Sen Rede visita centros de Xermade e Guitiriz

A UNED de Lugo, en colaboración coa Fundación Breogán e a empresa Ecoballution, levou o proxecto Ningún Aro Sen Rede aos colexios CEIP Plurilingüe de Xermade e CEIP Plurilingüe Lagostelle de Guitiriz.

Esta iniciativa, que une deporte, reciclaxe e educación ambiental, ten como obxectivo principal contribuir ao desenvolvemento sostible a través da economía circular, a promoción e consumo responsables e a práctica do deporte como ferramenta para a saúde e o benestar da cidadanía.

O alumnado de Educación Infantil e Primaria participou activamente



na xornada, guiada polo director da Fundación Breogán, Luis Abel, e o biólogo da UNED, Alejandro Rodríguez. A actividade contou coa

presenza da mascota do Club Baloncesto Breogán, Maximus, que achegou diversión e entusiasmo ao evento.

A cuarta proba da Transgalaica de MTB regresa a Friol

O domingo 13 de abril os amantes do ciclismo de montaña terán unha nova cita en Friol coa celebración da cuarta proba da Transgalaica - Maratón MTB Series. Esta chega despois do seu paso por Cercedo-Cotobade, Ames e Silleda, e Terá o seu fin en Manzaneda o 27 de abril.

Será o segundo ano que esta proba pasará pola localidade luguesa.

Os participantes desta proba ciclista de montaña poderán gozar desde primeira hora da mañá dunha competición que se desenvolverá nun circuíto de preto de 70 quilómetros con moitas esixencias físicas, que transcorrerán por distintos puntos da localidade.



DE RUTA EN RUTA

O Camiño de Santiago de Vilalba a Baamonde

Unha etapa que penetra nun mundo de contrastes, camiños, pistas e contornas rurais de extraordinaria beleza

Dentro do Camiño de Santiago polo Norte, Baamonde é unha das paradas reguladas para pasar noite. O camiñante vén desde Vilalba nunha etapa moi divertida, para nada monótona, que penetrará nun mundo de contrastes, camiños, pistas e contornas rurais de extraordinaria beleza ata atopar o final de etapa nesta vila agarimosa.

O correcto é despedirse de Vilalba saíndo desde a praza de Santa María en dirección a Baamonde. Neste primeiro tramo pasaremos a sinal que indica os 120 quilómetros que faltan ata Santiago. Cruzaremos dúas pontes, a primeira sobre o río Madalena e a segunda sobre o río Trimaz, a Ponte Rodríguez. Neste tramo está a única subida que ten percorrido e que nos permite chegar logo duns quilómetros a San Xoán de Alba, ao pé da N-634.

Unha vez superamos San Xoán de Alba, unha moureira indícanos un cruzamento sobre a estrada nacional que dá un pequeno rodeo por unha capela. A recomendación é omitir este rodeo, e continuar recto pola beiravía da estrada ata internarnos nun camiño de terra que



nos levará ata Pedrouzos. Desde aí, continuaremos camiñando, pasando por un bonito carreiro arborizado. O noso primeiro punto de referencia neste tramo, será a Ponte de Saa, unha bonita ponte medieval que cruza o río Labrada e que está situada no vello camiño que unía Vilalba con Parga e Sobrado dos Monxes.

Volveremos topar coa autovía, que haberá que superar polo túnel. Cruzaremos de novo a N-634 e por pistas asfaltadas chegaremos ao indicador da parroquia de Pígara, onde está situada a moureira que indica 108,458 quilómetros a Santiago. Seguiremos en dirección Ferreira e pasada esta localidade sairemos de novo á nacional, no punto quilómetro 638 e á altura dunha gasolinera. Pola beiravía da estrada e 50 metros antes de chegar ao quilómetro 639 desvíamonos por un camiño a man esquerda que nos volve a sacar á

nacional. Tras pasar baixo a ponte da A-6 entraremos en Baamonde, localidade do concello de Begonte e fin da viaxe.

Durante o camiño, superaremos os lugares de Lamela, As Penas, Casasnovas, Casa Muiño e Castiñeira, para pouco despois chegar a Baamonde.

Nos 18 quilómetros que transcurren desde que saímos de Vilalba, penetrámonos progresivamente nun tramo do camiño tranquilo, natural e rural, sen apenas poboacións nin servizos ata Baamonde.

É esta unha localidade moi ben situada. Xusto á entrada desemboca a N-634 coa N-6 e pasa a autovía que une Madrid e A Coruña, á A-6. É unha pequena poboación duns 300 habitantes que celebra as súas festas o 11 de setembro, día da Virxe do Rosario de Baamonde.

A igrexa parroquial de Santiago é o monumento máis famoso do con-



cello. É de estilo románico de transición, do século XIII, e consta de nave e ábsida rectangular e oxival do século XIV. Fronte á igrexa hai un cruceiro triplado do século XVIII e un castiñeiro esculpido no seu interior cunha escultura de Víctor Corral. Preto da igrexa están os restos da

antiga fortaleza de Amarante destruída polos Irmandiños.

A Casa museo de Víctor Corral é outra visita obrigada. Do coñecido escultor nado en Baamonde, onde poderemos admirar obras realizadas con diversos materiais como o granito, o bronce e a madeira.

DATOS



4 h. 45 min.



18,5 quilómetros



Dificultade media



CAP

TODOS LOS MESES

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Formación Bonificada

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05